

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Serie Pleno
Número 6

Sesión Plenaria
23 de novembro de 2016

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

ORDE DO DÍA

Punto 2. Propositions non de lei en Pleno

2.1 360 (10/PNP-000003)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis, e trece deputados/as máis

Sobre a recuperación polo Goberno galego da xestión e explotación pública directa, de xeito íntegro, do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 6, do 03.11.2016

2.2 545 (10/PNP-000024)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e aos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados en relación coa introdución dunha modificación no artigo 74.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, referida á posibilidade de regulación polos concellos dunha bonificación na cota íntegra do imposto de bens inmobles

Publicación da iniciativa, BOPG nº 8, do 07.11.2016

2.3 556 (10/PNP-000025)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla, e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir unha atención axeitada á interrupción voluntaria do embarazo na rede sanitaria pública, así como os dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres do medio rural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 10, do 09.11.2016

2.4 577 (10/PNP-000028)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio, e dous deputados/as máis

Sobre a reversión polo Goberno galego da concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, para a súa xestión pública

Publicación da iniciativa, BOPG nº 10, do 09.11.2016

2.5 605 (10/PNP-000033)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel, e tres deputados/as máis

Sobre a realización polo Goberno galego das actuacións necesarias cos axentes sociais e, sinaladamente, cos sindicatos con representación no sector público para o cumprimento das sentenzas ditadas polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea en materia de indemnizacións por remate de contratos laborais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 10, do 09.11.2016

2.6 669 (10/PNP-000041)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís, e cinco deputados/as máis**

Sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co expediente de regulación de emprego no Banco Popular-Pastor

Publicación da iniciativa, BOPG nº 10, do 09.11.2016

2.7 714 (10/PNP-000049)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Tellado Filgueira, Miguel Ángel, e trece deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas intencións da empresa Ferroatlántica de vender as centrais hidroeléctricas dos ríos Xallas e Grande.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 10, do 09.11.2016

2.8 730 (10/PNP-000054)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Prado, Martín, e trece deputados/as máis**

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Concello de Vigo da realización das adaptacións tecnolóxicas necesarias para compatibilizar os dispositivos de cobramento do transporte urbano Vitrasa coa tarxeta Transporte Metropolitano de Galicia.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 10, do 09.11.2016

Punto 3. Interpelacións**3.1 375 (10/INT-000001)****Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón, e trece deputados/as máis**

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa exclusión social e a pobreza

Publicación da iniciativa, BOPG nº 6, do 03.11.2016

3.2 480 (10/INT-000003)**Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón, e trece deputados/as máis**

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación cos desafiuzamentos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 7, do 04.11.2016

3.3 649 (10/INT-000009)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela, e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación co desemprego e a precariedade laboral

Publicación da iniciativa, BOPG nº 10, do 09.11.2016

Punto 4. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**4.1 1120 (10/POPX-000001)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa transferencia a Galicia da AP-9

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.11.2016

4.2 1127 (10/POPX-000002)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a opinión do Goberno galego en relación cos cambios normativos previstos no ámbito educativo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.11.2016

4.3 1147 (10/POPX-000003)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas consecuencias socioeconómicas que tería a segregación e venda de activos da empresa Ferroatlántica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.11.2016

Punto 5. Preguntas ao Goberno

5.1 411 (10/POP-000015)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia, e Pierres López, María Luisa

Sobre o anuncio de investimento de máis de 15 millóns de euros para ampliar a estación depuradora dos Praceres, en Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 6, do 03.11.2016

5.2 1118 (10/PUP-000032)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da instalación de vertedoiros, como o previsto en Lousame, como alternativa de futuro viable para os residuos industriais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.11.2016

5.3 740 (10/POP-000107)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castiñeira Broz, Jaime, e catro deputados/as máis

Sobre a resposta que lle están a dar os concellos galegos ao Programa de vivendas baleiras posto en marcha pola Xunta de Galicia na novena lexislatura

Publicación da iniciativa, BOPG nº 10, do 09.11.2016

5.4 355 (10/POP-000003)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín, e Toja Suárez, María Dolores

Sobre a adquisición pola Xunta de Galicia do compromiso de adoptar as medidas legais axeitadas para evitar a segregación pola empresa Ferroatlántica das súas actividades de produción de enerxía eléctrica e de ferroalixes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 6, do 03.11.2016

5.5 572 (10/POP-000024)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa, e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para evitar a segregación pola empresa Ferroatlántica das súas actividades de produción de enerxía eléctrica e de ferroalixes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 10, do 09.11.2016

5.6 609 (10/POP-000030)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel

Sobre o coñecemento polo Goberno galego da situación que están a vivir as persoas paradas en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 10, do 09.11.2016

5.7 758 (10/POP-000108)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel, e cinco deputados/as máis

Sobre a situación en que se atopa o ensino galego no referido ao desenvolvemento do curso académico 2016-2017

Publicación da iniciativa, BOPG nº 10, do 09.11.2016

5.8 1146 (10/PUP-000033)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa aplicación das revalías de 2º de bacharelato establecidas na LOMCE para o curso 2016-2017

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.11.2016

5.9 388 (10/POP-000010)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela, e Fernández Fernández, Raúl

Sobre o estado actual do proxecto de construción na provincia de Ourense dun centro para a continuidade na atención ás persoas con discapacidade unha vez cumpridos os 21 anos de idade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 6, do 03.11.2016

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa transferencia a Galicia da AP-9. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 12.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 13.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 14.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 16.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego en relación cos cambios normativos previstos no ámbito educativo. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 18)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 19.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 20.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 21.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G.P. de En Marea, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas consecuencias socioeconómicas que tería a segregación e venda de activos da empresa Ferroatlántica. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 22.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 23.)

Réplica do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 24.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 25.)

Proposición non de lei do G.P. Popular, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e trece deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Concello de Vigo da realización das adaptacións tecnolóxicas necesarias para compatibilizar os dispositivos de cobramento do transporte urbano Vitrasa coa tarxeta Transporte Metropolitano de Galicia. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 26.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 27.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Merlo Lorenzo (EM)* (Páx. 30.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 31.) e *Sr. Losada Álvarez (S)* (Páx. 32.)

A señora Egerique Mosquera (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 34.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G.P. de En Marea, por iniciativa de D. Luís Villares Naveira e trece deputados/as máis, sobre a recuperación polo Goberno galego da xestión e explotación pública directa, de xeito íntegro, do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo: *rexeitada por 33 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 35.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, sobre a reversión polo Goberno galego da concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, para a súa xestión pública: *rexeitada por 33 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 36.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e aos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados en relación coa introdución dunha modificación no artigo 74.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, referida á posibilidade de regulación polos concellos dunha bonificación na cota íntegra do imposto de bens inmobles: *aprobado por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 36.)

A señora Rodil Fernández (BNG) intervén para solicitar a votación por puntos da seguinte proposición non de lei. (Páx. 37.)

Votación do punto 1 da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir unha atención axeitada á interrupción voluntaria do embarazo na rede sanitaria pública, así como os dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres do medio rural: *aprobado por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 37.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, agás o punto 1, xa votado, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir unha atención axeitada á interrupción voluntaria do embarazo na rede sanitaria pública, así como os dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres do medio rural: *rexeitado por 33 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 37.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e tres deputados/as máis, sobre a

realización polo Goberno galego das actuacións necesarias cos axentes sociais e, sinaladamente, cos sindicatos con representación no sector público para o cumprimento das sentenzas ditadas polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea en materia de indemnizacións por remate de contratos laborais: *rexeitado por 33 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 38.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co expediente de regulación de emprego no Banco Popular-Pastor: *rexeitada por 20 votos a favor, 41 votos en contra e 13 abstencións.* (Páx. 38.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e trece deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas intencións da empresa Ferroatlántica de vender as centrais hidroeléctricas dos ríos Xallas e Grande: *aprobada por 41 votos a favor, 33 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 39.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e trece deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Concello de Vigo da realización das adaptacións tecnolóxicas necesarias para compatibilizar os dispositivos de cobramento do transporte urbano Vitrasa coa tarxeta Transporte Metropolitano de Galicia: *aprobada por 41 votos a favor, 33 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 39.)

Declaración institucional con motivo da celebración do Día internacional da eliminación da violencia contra a muller

O señor presidente procede á súa lectura. (Páx. 40.)

(Apróbase por asentimento.) (Páx. 41.)

Debate e votación do límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, de conformidade co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira

O señor presidente explica a ordenación do debate deste punto. (Páx. 41.)

Intervención do Goberno: Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García). (Páx. 41.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 46.), Sr. Losada Álvarez (S) (Páx. 49.), Sr. Villares Naveira (EM) (Páx. 53.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 57.)

Votación do límite máximo de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira: aprobado por 41 votos a favor, 33 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 60.)

Interpelación de D. Antón Sánchez García e trece deputados/as máis, do G.P. de En Marea, sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa exclusión social e a pobreza. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 61.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 64.)

Réplica do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 67.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 68.)

Interpelación de D. Antón Sánchez García e trece deputados/as máis, do G.P. de En Marea, sobre a política da Xunta de Galicia en relación cos desafiuzamentos. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez García (EM)*. (Páx. 70.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 73.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez García (EM)*. (Páx. 76.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 78.)

Interpelación de D^a Noela Blanco Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política da Xunta de Galicia en relación co desemprego e a precariedade laboral. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 80.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 82.)

Réplica da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 85.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 86.)

Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica unha alteración da orde do día de maneira que as preguntas 5.4 e 5.5, que versan sobre o mesmo asunto, serán acumuladas, e a 5.4 e a 5.5, xunto coa 5.6, serán debatidas ao final da quenda de preguntas. (Páx. 88.)

Suspéndese a sesión ás dúas e catorce minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

O señor presidente explica a ordenación do debate do punto quinto da orde do día. (Páx. 88.)

Así mesmo, comunica unha contraalteración da orde do día de xeito que as preguntas que se ían debater en penúltimo e en último lugar, se debatan en último lugar. (Páx. 88.)

Pregunta de D^a Patricia Vilán Lorenzo e de D^a María Luisa Pierres López, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o anuncio de investimento de máis de 15 millóns de euros para ampliar a estación depuradora dos Praceres, en Pontevedra. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 88.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 89.)

Réplica da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 90.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 91.)

Pregunta de D. José Luis Rivas Cruz, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a opinión do Goberno galego respecto da instalación de vertedoiros, como o previsto en Lousame, como alternativa de futuro viable para os residuos industriais. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 92.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 93.)

Réplica do autor: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 94.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 95.)

Pregunta de D. Jaime Castiñeira Broz e catro deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a resposta que lle están a dar os concellos galegos ao Programa de vivendas baleiras posto en marcha pola Xunta de Galicia na IX lexislatura. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Prado (P)*. (Páx. 97.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 98.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Prado (P)*. (Páx. 99.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 100.)

Pregunta de D. César Manuel Fernández Gil e cinco deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a situación na que se atopa o ensino galego no referido ao desenvolvemento do curso académico 2016-2017. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Gil (P)*. (Páx. 101.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 102.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Gil (P)*. (Páx. 103.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 104.)

Pregunta de D^a Luca Chao Pérez e D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda, do G.P. de En Marea, sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa aplicación das reválidas de 2º de bacharelato establecidas na LOMCE para o curso 2016-2017. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Chao Pérez (EM)*. (Páx. 105.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 106.)

Réplica da autora: *Sra. Chao Pérez (EM)*. (Páx. 108.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 108.)

Pregunta de D^a Noela Blanco Rodríguez e D. Raúl Fernández Fernández, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o estado actual do proxecto de construción na provincia de Ourense dun centro para a continuidade na atención ás persoas con discapacidade unha vez cumpridos os 21 anos de idade. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 110.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 111.)

Réplica da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 112.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 113.)

Pregunta de D. José Manuel Lago Peñas, do G.P. de En Marea, sobre o coñecemento polo Goberno galego da situación que están a vivir as persoas paradas en Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Lago Peñas (EM)*. (Páx. 114.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 115.)

Réplica do autor: *Sr. Lago Peñas (EM)*. (Páx. 116.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 116.)

Procédese ao debate acumulado das seguintes preguntas.

Pregunta de D. Abel Fermín Losada Álvarez e D^a María Dolores Toja Suárez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a adquisición pola Xunta de Galicia do compromiso de adoptar as medidas legais axeitadas para evitar a segregación pola empresa Ferroatlántica das súas actividades de produción de enerxía eléctrica e de ferroalixes. (Punto quinto da orde do día.)

Pregunta de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para evitar a segregación pola empresa Ferroatlántica das súas actividades de produción de enerxía eléctrica e de ferroalixes. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención das autoras: *Sra. Toja Suárez (S)* (Páx. 118.) e *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 119.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 120.)

Réplica das autoras: *Sra. Toja Suárez (S)* (Páx. 121.) e *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 122.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 123.)

Remata a sesión ás seis e quince minutos da tarde.

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días, señorías, imos dar comezo á sesión.

Reiniciamos a sesión co punto cuarto da orde do día, preguntas para resposta oral do presidente da Xunta.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa transferencia a Galicia da AP-9

O señor PRESIDENTE: Comezamos coa pregunta de dona Ana Belén Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Cando queira.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día.

Falamos hoxe sobre a AP-9, unha estafa legalizada que sofren cada día miles de persoas no noso país. E permítame que lle dea tres datos, señor Núñez Feijóo. Primeiro, os galegos e galegas levamos pagados 2.300 millóns de euros en peaxes na AP-9. Isto significa non só que a AP-9 xa está amortizada, senón que ten un beneficio neto que supera os 900 millóns de euros. Segunda cuestión, sáenos máis caro viaxar —falando de peaxes— desde A Coruña a Vigo, que son 130 quilómetros, que desde A Coruña a Madrid, que son 510 quilómetros. Alguén algún día nos terá que explicar semellante disparate. En terceiro lugar, temos os segundos salarios máis baixos pero unha das peaxes máis caras de todo o Estado español. Non sei se é así como se pode entender esa solidariedade centralista da que tanto vostede se gaba.

E, neste momento, hai dúas cousas que están moi claras. A primeira é que o Partido Popular xa impediu a transferencia da AP-9 e que neste momento están manobrando no Congreso dos Deputados para evitar que se poida debater a lei que aprobamos por unanimidade neste Parlamento para ter unha AP-9 galega e libre de peaxes. E, en segundo lugar, o señor Rajoy dínos que ten cero euros para acabar coas abusivas peaxes que pagamos os galegos e galegas na AP-9, pero ao mesmo tempo di que está disposto a poñer enriba da mesa 4.000, 5.000, 6.000 millóns de euros, o que faga falta, para rescatar as radiais madrileñas; estas, claro, propiedade das construtoras amigas do Partido Popular e de Bankia.

Vostede leva oito anos prometéndonos a transferencia da AP-9, pero todas e todos os que estamos aquí sabemos que realmente non fixo un intento por conseguir esa transferencia. Ao contrario, foi vostede parte do problema cando foi cómplice da privatización da AP-9. Convénzanos hoxe de que realmente é vostede militante de Galiza, como se autoproclama desde estes últimos días, e demóstrenos que vén aquí non simplemente a dar un titular coa cantilena de que a súa prioridade vai ser a transferencia da AP-9. Porque, mire, este titular xa llo temos lido moitas veces ao longo destes últimos oito anos.

Eu pídolle que exerza de presidente de Galiza e que se sume a un pacto que xa lle temos ofrecido desde o BNG, que se sume realmente a un grande acordo de país para que consiga-mos unha AP-9 galega e libre de peaxes. Nós seguimos coa man tendida, señor Núñez Feijóo. A cuestión agora é se vostede realmente quere sumarse a un pacto de país para que teñamos unha AP-9 galega e libre de peaxes, e se realmente vai facer algo ante o agravio de que o señor Rajoy diga que ten miles de millóns de euros para rescatar unhas ruinosas radiais madrileñas ao mesmo tempo que nos di que temos que seguir pagando os galegos e galegas unhas peaxes que son unha auténtica estafa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, vostede seguro que escoitou as miñas palabras hai uns días neste Parlamento cando tiveren a honra de tomar posesión como presidente da Xunta de Galicia. Daquela estaba presente o presidente do Goberno de España. Dixen —e reitero hoxe— que Galicia non vai pedir máis do que lle corresponde, pero que non se vai conformar con menos. Como pode vostede imaxinar, non cambiei de opinión nin vou cambiar de opinión nin nos oito anos que estiven de presidente da Xunta nin nos catro que me agardan como presidente ata o ano 2020.

Polo tanto, señoría, nós imos solicitar a transferencia da autoestrada do Atlántico, e imos solicitala, señoría, porque a solicitamos cando estabamos na oposición e cando estamos no Goberno. Debería vostede revisar cal era a súa postura cando gobernaban en coalición co Partido Socialista en España.

Señoría, para intentar seguir buscando puntos de consenso, é evidente que vostede convocou unha reunión unilateralmente cos grupos cando o Goberno de España estaba en funcións e cando o Goberno da Xunta estaba en funcións. E como non fomos á reunión, vostede molestouse. Parece, señora Pontón, que quere vostede dividir o que, de momento, pode permanecer xunto. Se estamos todos de acordo en solicitar a transferencia da AP-9 e en negociala, sigamos xuntos para que o Goberno de España vexa que esta é unha proposta completa, única, do Parlamento de Galicia. Non debería, polo tanto, plantexar divisións ao respecto. Creo que iso sería o máis axeitado. Porque se vostede plantexa divisións dicindo que un pode estar a favor da transferencia, que son vostedes, e nós en contra, simplemente o resultado desa división é inútil.

Señoría, eu reitero que non imos conseguir a transferencia da AP-9 en pouco tempo. Haberá que negocialo. Non imos conseguir de hoxe para mañá o que non foi capaz de conseguir ninguén. Haberá que negocialo. Non imos conseguir o que durante vinte e dous anos o Partido Socialista Obreiro Español, que gobernou en España, se negou a transferir, e o que durante once anos o Partido Popular, que gobernou en España, tamén se negou a

transferir. Polo tanto, señoría, sigamos xuntos. Se a vostede lle parece, dende logo este grupo maioritario da Cámara vai plantexar, vai seguir plantexando, sexa cal sexa o resultado, a transferencia da autoestrada do Atlántico. ¿Por que, señoría? Porque é unha autoestrada que se inicia e morre en Galicia e, polo tanto, porque temos posibilidades legais para conseguir esa transferencia.

Señoría, falando de autoestradas, os cataláns din que pagan moito en peaxes, os valencianos din que pagan moito en peaxes, os vascos tamén din que pagan moito en peaxes, e nós tamén pagamos moito en peaxes, señorías. Polo tanto, non pense vostede que todos están en contra, os cataláns, os vascos, os valencianos, de Galicia. Non, señoría, cando hai unha autoestrada págase peaxe. Cuestión distinta é que nos gustaría que esa autoestrada se transferise á Comunidade Autónoma.

Señoría, durante estes oito anos que levamos gobernando Galicia fixemos 200 quilómetros de vías de alta capacidade na comunidade autónoma con peaxe cero. Durante estes anos de crise, de recesión económica, en Galicia non soamente non subimos a peaxe, senón que a conxelamos e a baixamos. Señoría, as bonificacións do Goberno da Xunta de Galicia e do Goberno de España das autoestradas do Estado en Galicia durante estes oito anos foron 146 millóns de euros. Dígame vostede se ten vostede algunha época onde se fixeran máis bonificacións das peaxes de Galicia.

Señoría, este Goberno e este grupo parlamentario...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...apoiaron as bonificacións das peaxes da comunidade autónoma. Imos seguir por este vieiro. Invítoa a que non nos divida, señora Pontón, e sigamos xuntos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

Remate, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Invítoa a que non divida, señora Pontón, e sigamos xuntos solicitando a transferencia da AP-9.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, eu hoxe teño que confesarlle que me vexo un pouco como unha ilusa. Realmente tiña a esperanza —duroume moi pouco— de que vostede hoxe realmente viñera aquí con algo máis que cun titular precociñado cando estamos falando dun tema que é tan importante para os galegos e para as galegas.

Sorpréndeme, ademais, a pouca memoria que ten e o descaro de que, sendo vostede militante do Partido Popular, teña tan pouca memoria para saber cales son as responsabilidades do PP en relación coa AP-9. Voullas recordar. No ano 2000 o goberno do señor José María Aznar —creo que vostede xa estaba nese goberno—, decidiu ampliar a concesión da AP-9 ata o ano 2048. Isto significa que imos ter que pagar peaxes durante setenta e cinco anos máis, que é o máximo legal. Só hai tres autoestradas en todo o Estado español que teñan ese máximo legal, e dúas están en Galiza, a AP-9 e a AP-53. Non sei se isto tamén é culpa dos vascos e dos cataláns. No ano 2003, o goberno do señor Aznar, mentres vostede era conse lleiro de Política Territorial, decidiu privatizar a AP-9. Vostede aquí fixo o papelón de defender esa privatización e dicirnos que non pasaba nada. ¡Vaia se pasou, señor Feijóo! Subiron as peaxes un 50 %, e temos que soportar como cada día galegos e galegas, que teñen uns salarios dos máis baixos de todo o Estado, están pagando unha auténtica sablada nunhas peaxes que son un auténtico abuso.

Pero, mire, no ano 2015 ¿cal era o seu peso político? Porque mentres vostede non reclamaba a AP-9 desde o seu goberno, o BNG facía o seu traballo. E o seu partido, o Partido Popular, tendo maioría absoluta, impediu que se puidera producir esa transferencia. E sabe perfectamente que a única iniciativa sería que houbo durante a pasada lexislatura para conseguir a transferencia foi a que eu mesma defendín neste Parlamento en nome do Grupo Parlamentario do BNG. ¿Quen dividiu, señor Feijóo? ¿Quen dividiu e quen traizoou os intereses deste país ao longo de toda a pasada lexislatura? Os deputados do Partido Popular en Madrid que non atenden a cal é o interese xeral dos galegos e das galegas e preferiron defender os intereses de Audasa e non sei que intereses escuros que vostedes poden ter en relación con este tema.

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora PONTÓN MONDELO: Pero mire, señor Núñez Feijóo, eu creo que mirando para o pasado nunca imos solucionar absolutamente nada. E nós ofrecemos un pacto real, non que vostede nos diga que temos que calar ante o que é unha auténtica sangría e unha auténtica estafa para este país.

Primeira cuestión: ¿vai vostede dicir algo sobre o intento de veto do Goberno central ao debate dunha lei que aprobamos por unanimidade?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: E o segundo e máis importante: ¿vai dicirlle ao señor Rajoy que, se hai cartos para rescatar peaxes, as primeiras teñen que ser as peaxes de Galiza e que antes de rescatar ningunha autoestrada ruinosa de Madrid Galicia ten que estar primeiro?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Nós temos a man tendida, pero para defender este país.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón. Terminou o seu tempo.

A señora PONTÓN MONDELO: Non para pactos de silencio en contra dos intereses dos galegos e das galegas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo, señora Pontón.

Grazas.

Turno de peche, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, é moi importante ter memoria en todo, na política tamén.

Señora Pontón, recordo perfectamente cal era a postura do BNG en relación coa autoestrada —vostede tamén—: era unha navallada para o país *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A autoestrada en Galicia supoñía, ao paso de Ordes, que as vacas deixaran de dar leite; a navallada supoñía, señoría, non poder facer a ponte de Rande; a navallada supoñía, señoría, ter paralizado a autoestrada do Atlántico e o desenvolvemento do país durante anos como consecuencia das súas propostas e do seu nacionalismo ramplón, señoría. *(Murmurios.)*

Señorías, prosigamos coa memoria. Cando se amplía o prazo de concesión, ¿por que vostede non di que se amplía como consecuencia de que a concesionaria fixo gratis Fene-Ferrol e Rande-Puxeiros? ¿Por que non o di, señoría? ¿Por que non di vostede que o Estado cambiou a ampliación da concesión porque a concesionaria pagou do seu peto quilómetros de autoestrada sen peaxe? Segunda cuestión, señoría, que vostede debería non esquecer.

E a terceira cuestión que vostede non debería esquecer é que vostedes gobernaron no país. ¿Por que non solicitaron a transferencia da AP-9, señoría? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, vostedes pactaron co goberno de Zapatero non reprobar a señora Magdalena Álvarez no Senado a cambio dunhas transferencias menores, entre elas o castelo de Monterrei.

Mire, señora Pontón, teño memoria, e como teño memoria non me vou esquecer dos compromisos co meu país. Non vai ser fácil esa transferencia, hai moitas comunidades autónomas que solicitaron transferencias das súas autoestradas. E, dende logo, señoría, non vou enganar os galegos. É extremadamente difícil levantar as peaxes das autoestradas, e máis neste momento. ¿Señoría, de onde sacamos o diñeiro? ¿Das pensións? ¿Da educación? ¿Da sanidade? Señoría, cando quebra unha autopista sabe vostede que hai que cumprir os contratos de concesión. Supoño que en cumprir a lei vostede está de acordo, xa sexan madrileñas, galegas, vascas ou navarras.

Pero, señora Pontón, como teño memoria, permítame que traia a colación o que vostede mesma votaba —sí, señoría, déixolle o *Diario de Sesións*— no ano 2007 a unha proposta do Partido Popular, cando estabamos na oposición defendendo o mesmo que agora no Goberno, na que solicitamos a transferencia da AP-9: «Proposición non de lei para o seu debate en pleno na que se solicita a transferencia da AP-9 ao Goberno de España: O

Parlamento insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno do Estado co fin de solicitar a transferencia...» Ano 2007, vostedes estaban en Madrid e aquí. Resultado da votación: votos a favor de solicitar a transferencia, 36 do Partido Popular de Galicia; votos en contra, 38, do BNG e do PSOE. (*Murmurios.*) Señora Pontón, non debería de perder vostede a memoria, vostede votou en contra da transferencia da autopista do Atlántico a Galicia, señora. (*Aplausos.*) Pida, polo menos, desculpas e non deixe enganar a ninguén. Señora Pontón, ¿verdade que é moi importante ter memoria? Lamento que vostede nin se acorde do que fai vostede.

Moitas grazas, señorías. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

(*A señora Pontón Mondelo solicita a palabra.*)

Si, ¿para que quere a palabra?

A señora PONTÓN MONDELO: Para rectificar as miñas propias palabras, conforme ao que está establecido no Regulamento do Parlamento.

O señor PRESIDENTE: Se é para rectificar...

A señora PONTÓN MONDELO: Ben.

Eu quero dicirlle ao señor Feijóo que, efectivamente, nese ano houbo ese debate neste Parlamento.

O señor PRESIDENTE: Non, non. Iso non é rectificar... Perdoe, perdoe...

A señora PONTÓN MONDELO: ...houbo ese debate neste Parlamento...

O señor PRESIDENTE: ¿Que é o que ten que rectificar?

A señora PONTÓN MONDELO: ...pero o que mente é o señor Feijóo...

O señor PRESIDENTE: Non, ¿que é o que vai rectificar? Non, non, non. Non ten a palabra.

A señora PONTÓN MONDELO: ...cando nos di que nós non defendiamos a transferencia da AP-9.

O señor PRESIDENTE: Non, non. Non ten a palabra.

A señora PONTÓN MONDELO: Lea ou escoite o debate do *Diario de Sesións*...

O señor PRESIDENTE: Señora Pontón, non ten a palabra, non. Non ten a palabra. Iso non é rectificar. (*Aplausos.*)

Non consta nada en acta. Pasamos á pregunta do señor Fernández Leiceaga.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego en relación cos cambios normativos previstos no ámbito educativo

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señor Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bos días, señor Núñez Feijóo.

Teño que dicirlle que estamos moi preocupados, moi preocupados, polas consecuencias da implantación da LOMCE e do seu calendario neste curso, e, en concreto, en relación co que sucede en segundo de bacharelato e nas probas de acceso á universidade ao final deste curso 2016-2017. Con nós tamén están preocupados os alumnos e as alumnas que teñen que afrontar, están preocupadas as súas familias e o profesorado que ten que colaborar con eles neste nivel educativo para preparalos para superar esas probas.

Xa levamos máis dun terzo do curso transcorrido e ninguén sabe moi ben que vai pasar ao final deste curso, cal vai ser o contido desas probas e cal vai ser o procedemento para avaliar a formación académica dos estudantes e, por tanto, permitirlles acceder ás ensinanzas universitarias que eles desexan. A incerteza pesa como unha lousa sobre 15.000 alumnos e alumnas deste nivel educativo en Galicia neste curso.

Vostede sabe coma min que o problema nace da Lei Wert, a Lei Wert crea reválidas ao final de cada ciclo educativo, e adicionalmente permite a posibilidade de que cada universidade poña en marcha probas específicas para avaliar os alumnos que desexan ir a elas. E as consecuencias son ben coñecidas: dificultase o acceso á universidade, que seguramente era un dos obxectivos non declarados por parte do ministro, pero, en todo caso, complica innecesariamente un procedemento como era o das PAU, que non tiñan absolutamente ningún problema e que estaban socialmente perfectamente aceptadas. E ademais o procedemento quebra o distrito único, que é un instrumento moi válido para que cada un poida no ámbito español acudir á universidade que desexe, á universidade da súa elección.

En xeral, a implantación da LOMCE converteuse nun problema, nun problema tamén para as comunidades autónomas que deben aplicala e para os centros educativos de cada unha delas. Como consecuencia diso tivo unha contestación social importante, e esa contestación social foi tamén política. O Goberno non escoitou as comunidades autónomas, e até hai moi pouco tempo, até finais de xullo deste mesmo ano, puxo en marcha un real decreto para implantala integramente. É certo que agora está rectificando, pero a rectificación prodúcese tarde, mal e a rastro. Prodúcese tarde, mal e a rastro porque non resolve os problemas, non resolve normativamente a cuestión de como se vai facer ese acceso á universidade, non garante o distrito único, que son os desexos, como dicía antes, do conxunto da comunidade educativa e dos estudantes. Rectificar sen suspender a LOMCE para derogala é complicar innecesariamente as cousas.

Está prevista nas próximas semanas a celebración dunha conferencia sectorial de educación, a finais deste mes. Vostedes teñen aí a oportunidade de rectificar a súa posición, que até

agora foi compracente coa posición do Goberno, e sumarse a esta postura: suspender a LOMCE, organizar de novo as PAU e permitir manter o distrito único. Esta é a única opción razoable. ¿Cal vai ser a súa posición nesa conferencia sectorial de educación, señor Núñez Feijóo? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señoría.

Como vostede sabe, señor Leiceaga, vostede e mais eu temos o compromiso de cumprir as leis, todas as leis. Polo tanto, nin vostede nin eu podemos discutir sobre o cumprimento das leis. Podemos discutir sobre a posibilidade de intentar melloralas, sobre as posibilidades que temos dentro da lei de adaptalas á comunidade autónoma galega, pero en ningún caso podemos discutir se cumprimos ou non cumprimos as leis. Vostede recoñecía nunha entrevista preto das eleccións autonómicas o 22 de setembro, na que vostede dicía: «Nós temos que cumprir a lei, non podemos ser insubmisos ás normas do Estado. Traballaremos para que esas reválidas e toda a Lei Wert se cambie, pero por riba de todo unha administración ten que cumprir a lei».

Foi o que estivemos facendo, señor Leiceaga, o mesmo que vostede defende, que é cumprir a lei. E, de feito, no curso 2014-2015 aplicamos os decretos de primaria e o decreto de formación profesional básica, e cumprimos a lei: reforzamos as competencias básicas, dúas horas en matemáticas; garantimos que a lingua propia de Galicia estea en igualdade de condicións que a lingua de todo o Estado durante os horarios; e, por último, na formación profesional básica aprobamos 22 títulos nunha oferta axeitada de acordo coas necesidades de Galicia.

No seguinte curso, no curso 2015-2016 aprobamos novos decretos para currículos adaptados a primeiro e a terceiro da ESO e ao primeiro de bacharelato. Tamén volvemos ampliar, dentro desa adaptación, as horas de matemáticas —tres horas máis—, potenciamos a autonomía dos centros, abrimos máis opcións para construír o seu propio currículo formativo e tamén mantivemos o equilibrio lingüístico entre o galego e o castelán.

Señoría, no último ano, como vostede sabe —ademais sábeo dunha forma moi protagonista—, houbo un bloqueo dentro do Goberno de España. Non houbo, en consecuencia, goberno que puidera tomar decisións, dado que o Goberno estivo en funcións practicamente un ano. Nós, en todo caso, seguimos traballando en Galicia, traballamos cos reitores e seguimos traballando e concretando a nosa postura.

É evidente que a postura da Xunta de Galicia foi trasladada ao Goberno de España, e, en canto o ministro de Educación e Cultura tomou posesión, o ministro fixo unha serie de declaracións nas que vostede seguro que está de acordo, polo menos coa maioría delas. En primeiro lugar, suspender os efectos académicos da avaliación ata a chegada dun pacto educativo, cousa que pedía o Partido Socialista. En segundo lugar, ausencia de efectos académicos das avaliacións de ESO e de bacharelato. É dicir, non é necesario examinarse con efectos académicos na ESO

e no bacharelato para obter o título da ESO e do bacharelato. A terceira cuestión é que o día 28, efectivamente, hai unha reunión convocada para concretar o alcance e contido desta manifestación. E, por último, señoría, existe un acordo para crear unha subcomisión parlamentaria para intentar chegar a un pacto na educación. Supoño, señoría, que aí haberá que seguir traballando e haberá que seguir buscando puntos de encontro.

Señoría, en definitiva, o que xa anunciou o ministro —para tranquilizalo— é que as universidades van manter o distrito único; que se prorrogará a ausencia de efectos académicos nas avaliacións da ESO e do bacharelato; que buscaremos un pacto nacional pola educación; e, por último, que imos exclusivamente facer un exame, similar ao de acceso á universidade, sobre as troncais de segundo de bacharelato e, polo tanto, o urxente, efectivamente, é concretar o contido e alcance dese exame para que a xente que está cursando segundo de bacharelato saiba exactamente o que ten que facer para entrar na universidade.

Como ve, señoría, hai bastantes puntos de encontro entre as propostas que vostede me fai e as respostas que lle acabo de referir.

Moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica do señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Si, en relación co cumprimento da lei pois non podemos estar máis de acordo, o que sucede é que nas conferencias sectoriais se adoptan posicións políticas, e, como consecuencia das posicións políticas, pódense producir cambios lexislativos. Hai pouco tempo a escritora Almudena Grandes dicía nun artigo sobre a posición do goberno de Rajoy neste tema: «O Goberno está disposto a cargarse a súa lei con tal de que non se derrogue esa mesma lei, que o propio Goberno propón modificar para garantir a súa nulidade». Esa é a situación, que é fácil de entender a pesar de que parece unha formulación moi enrevesada. É dicir, o goberno de Rajoy non quere recoñecer o fracaso social e político da Lei Wert e, como consecuencia, está enredando infinitamente —que diría o señor Rajoy—. Ou parafraseando outra vez: «*Cambiaremos la LOMCE o no*». Pois esa é a situación en que estamos agora, e a verdade é que, cando se dá un problema complexo coma este —porque ao mesmo tempo, como ben sabe vostede, xa na pasada lexislatura se iniciou a tramitación parlamentaria da suspensión para derogar a LOMCE, e agora tamén, e posiblemente esa tramitación acabe no mes de marzo—, cando se dá un problema complexo coma este —xa o dixo Alejandro Magno—, hai que cortar o nó gordiano. E cortar o nó gordiano significa aclarar que hai que suspender a LOMCE legalmente porque, se non, nin esa suspensión do valor académico das reválidas ten nestes momentos validez legal nin o ministro de Educación pode dicir nada sobre a organización das PAU, porque as PAU non existen, nin sequera pode atribuírse a organización a partir do artigo 38 da LOMCE, porque iso habilita para as reválidas de bacharelato, que é unha parte do bacharelato pero non do acceso á universidade.

Por tanto, o que hai que facer é moi simple: defender na conferencia sectorial que hai que suspender a LOMCE para derogala e facilitar un pacto educativo, que hai que volver retomar

as PAU, pero facelo por medio dun decreto lei que despois valide o Goberno no Congreso, e ao mesmo tempo manter o distrito único, que neste momento non está garantido. Porque vostede sabe coma min que neste momento as universidades poden organizar probas específicas en función do artigo da LOMCE que as habilita. Por tanto, o que ten que dicirme é: Imos defender nesa conferencia sectorial a suspensión da LOMCE para derrogala. Así, nese momento, estarei tranquilo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Turno de peche, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, vostede sabe que a situación da educación en España é unha situación mellorable. Vostede sabe tamén que todas as leis de educación que se aplicaron en España son socialistas, salvo a LOMCE. Polo tanto, señoría, se a situación da educación en España é mellorable e se todas as leis de educación salvo a LOMCE foron socialistas, supoño que terán vostedes algunhas cousas que dicir.

Señoría, unha das cuestións que vostedes fixeron cando chegaron ao goberno co señor Rodríguez Zapatero ¿que foi? Derrogar unha lei de educación que acababa de entrar en vigor. O primeiro que fixeron non foi conseguir un pacto nin un acordo nin buscar puntos de encontro. Non, foi derrogar a lei que aínda non entrara en vigor. Señoría, ¿é que acaso teñen vostedes unha especie de mandato divino polo cal as leis de educación en España só poden ser socialistas e calquera lei de educación que non sexa socialista radicalmente é mala?

Señor Leiceaga —insisto—, vostede é profesor, e todas as leis de educación que tiveron vixencia en España foron aprobadas unilateralmente sen acordo do grupo maioritario da oposición en España. E por iso, señoría, nós imos tentar buscar un acordo, si, señoría. Vostedes nunca pactaron unha lei de educación co Partido Popular. *(Fortes murmurios.)* O Partido Popular, claro, é o partido maioritario da oposición cando vostedes están gobernando. Señorías, xa sei que agora vostedes ao mellor non son o partido maioritario da oposición pero nós seguimos sendo o partido maioritario da oposición cando vostedes gobernan, señorías. *(Aplausos.)* Nunca pactaron unha lei.

Polo tanto, iso de que o Partido Socialista quere pactar unha lei de educación é novo, e párecenos ben, señoría. Imos intentar buscar un pacto en educación, é bo. Dende logo, a nós gustaríanos un pacto en educación co Partido Socialista aínda que o Partido Socialista nunca aceptou un pacto en educación co Partido Popular e o primeiro que fixo foi derrogar a lei que acababa de entrar en vigor aprobada por un goberno por maioría absoluta.

Mire, señoría, as probas de acceso á universidade van quedar reguladas de forma clara e de forma diáfana, e ese é o principal obxectivo deste Goberno. Que falemos, si; que intentemos chegar a un pacto, si; que funcione a Subcomisión de Educación para un pacto pola reforma educativa, si; pero que temos que concretar o contido e alcance das probas de acceso á universidade, tamén, e iso é o urxente.

Señoría, neste momento, dentro das competencias da Comunidade Autónoma —porque vos tede e mais eu estamos falando de competencias estatais—, polo que imos seguir é polo vieiro de que Galicia siga sendo a comunidade autónoma con máis profesores por alumno, imos seguir polo vieiro de que Galicia sexa unha comunidade autónoma onde se poidan aprender idiomas estranxeiros sen necesidade do patrimonio e do peto dos país, é dicir, traer máis idiomas estranxeiros á educación pública; imos seguir polo vieiro de máis tecnoloxías nas aulas e melloras nas escolas públicas.

Señoría, Galicia supera a media en todas as competencias, no informe PISA, sobre España. E de tres materias, en dúas estamos por riba da OCDE. Señoría, en Galicia hoxe por hoxe temos o menor fracaso escolar da historia. Por iso, señoría, non quero desaproveitar a ocasión para agradecer o traballo dos docentes e para agradecer o incremento da calidade educativa no país, e dende logo non quero perder a ocasión para dicirlle a vostede, como portavoz do Partido Socialista, que nada nos gustaría máis que acordar unha lei co Partido Socialista en materia de educación.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas consecuencias socioeconómicas que tería a segregación e venda de activos da empresa Ferroatlántica

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Luis Villares Naveira, do Grupo Parlamentario de En Marea.

O señor VILLARES NAVEIRA: Bos días.

Señor Núñez, toda Galicia sabe que a Xunta de Galicia ten a competencia exclusiva sobre o réxime administrativo das concesións da produción hidroeléctrica de Ferroatlántica. Toda a Costa da Morte coñece, ademais, que nas concesións vixentes se prohíbe a segregación das actividades de produción hidroeléctrica e de ferroaleación de Ferroatlántica. Toda a ría de Corcubión está ao tanto de que nese clausulado administrativo se establece que no caso de perda de titularidade de Ferroatlántica da concesión de carácter hidroeléctrico conlevaría a extinción desa concesión. Todo Cee sabe que en 1996 un informe xurídico da Xunta de Galicia, da Administración pública galega, estableceu ou ditaminou a imposibilidade de segregar ambas actividades por estar así vinculado na súa propia lei contractual, que son os pregos de concesión administrativa nese momento en vigor.

Igualmente, en calquera base de datos pode consultarse —por exemplo, en aberto, a do Consello Xeral do Poder Xudicial— calquera das sentenzas que afectan a este caso. Unha delas é a de 9 de maio de 1996 do tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ou posteriormente outra, de 18 de outubro de 2001, onde en ambas as dúas se certifica xudicialmente a imposibilidade de segregación destas actividades nesta concesión.

Finalmente, toda persoa con acceso a Internet pode consultar o boletín oficial desta corte, do Parlamento de Galicia, do 19 de febreiro de 2016, onde por unanimidade desta Cámara se insta a Xunta de Galicia a adoptar as medidas legalmente adecuadas para evitar a segregación das actividades de produción de enerxía eléctrica e ferroalixes por parte de Ferroatlántica.

Con todo este coñecemento xeral, que só onte Miguel Tellado parecía ignorar, aos traballadores e traballadoras de Ferroatlántica, e en xeral á xente da Costa da Morte, gustaríalles facerlle unha pregunta, pero non poden porque pediron reunirse con vostede e vostede non os recibe. Isto non obstante non é un problema, porque hoxe En Marea quere ser a voz dos traballadores de Ferroatlántica e, en xeral, de toda a xente da Costa da Morte que está preocupada, e con razón, polo seu futuro; polo futuro industrial, polo futuro do emprego e polo futuro en xeral da súa comarca. Fágalles caso e recíbaos, recíbaos e escoite as súas demandas. Mentres vostede non o fai, nós unicamente lle facemos a pregunta que lle farían os traballadores e traballadoras de Ferroatlántica, que é a seguinte: ¿Adoptará vostede as medidas legalmente adecuadas para evitar a segregación das actividades de produción de enerxía eléctrica e ferroalixes por parte de Ferroatlántica? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, dado que vostede sabe todo isto, supoño que vostede sabe que a empresa non solicitou a segregación. En consecuencia, señoría, é moi difícil poder pronunciarnos sobre unha pregunta que non é formulada ao Goberno da Xunta. Se vostede o que me quere preguntar é, no caso de que a empresa formulara a pregunta e a proposta, qué faría o Goberno, probablemente estaríamos ante outra pregunta e ante outra resposta.

Eu podía finalizar esta intervención simplemente dicíndolles: nós sabemos todo iso, señorías, sabemos da sentenza do TSX, sabemos da sentenza do Tribunal Supremo, sabemos que levamos moito tempo, desde 1992 —non desde 1996—, con esa concesión e que esa concesión ten unha unión entre actividade industrial e a actividade hidráulica, por suposto. Pero quero dicirlle, señoría, que Ferroatlántica non presentou ningunha solicitude no Goberno da Xunta.

Tamén me sorprende que vostede non saiba que o Comité de Empresa foi recibido polo Goberno, señoría, polo Goberno; incluso polo Goberno en funcións. Polo tanto, o Comité de Empresa de Ferroatlántica foi recibido polo Goberno, e o Comité de Empresa de Sabón, que supoño que tamén lle preocupa, ¿ou non? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, de acordo, pois tamén o Comité de Empresa de Sabón.

Señoría, eu vou recibir os alcaldes, que son as autoridades que reflicten o interese dos cidadáns, por suposto que si, vounos recibir e é unha honra para min reunirme cos alcaldes da Costa da Morte, unha zona moi especial para o Goberno da Xunta de Galicia. Vou recibilos esta semana.

Polo tanto, o Grupo Parlamentario Popular recibiu o Comité de Empresa e o Goberno recibiu o Comité de Empresa. E non soamente os recibimos senón que imos seguir en contacto co

Comité de Empresa e imos seguir en contacto cos alcaldes. E asegúrolle que imos cumprir a lei, señor Villares, non teña vostede ningunha dúbida. Imos cumprir a lei e, en consecuencia, sabemos que coa lei na man e coa información que temos na man, o Goberno só pode ratificar que o interese público das concesións segue vixente e que non hai ningún elemento que modifícase esta condición,

Vostede sabe —supoño— que esta compañía ten informado ao Comité de Empresa en Sabón, por exemplo, que ten un plan industrial para investir máis de 40 millóns de euros en Sabón. E parece ser que tamén ten informado ao Comité de Empresa na Costa da Morte que ten propostas de investimento na fábrica. E a compañía, segundo reflicten os comités de empresa e os medios de comunicación, está valorando a posibilidade de solicitar autorización para vender os activos e con ese diñeiro investir na Costa da Morte e en Sabón.

Señoría, cando esa empresa nos pregunte á Xunta de Galicia e solicite a concesión dígolle que, coa información que temos, coa lei que temos e coas sentenzas que temos, non vemos que cambiara nada e, polo tanto, pensamos que ten que seguir unida a hidroeléctrica e a explotación industrial da Costa da Morte.

Polo tanto, señor Villares, ten vostede información parcial, pero xa lle digo que, de momento, en nada nos podemos pronunciar porque en nada fomos interpelados.

Máis nada e moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas, señor presidente.

Para vostede é, como dicía aquela canción de La Mandrágora, un burdo rumor. Pois resulta que este burdo rumor, desde logo, o debería facer pensar. ¿Sabe vostede que a empresa xa lles comunicou aos traballadores, o 27 de outubro de 2016, a intención de segregar a produción de Ferroatlántica nos termos que estamos aquí falando? É un rumor, pero a eles chegoulles directamente da empresa.

Como rumor no que vostede non acredita, supoño que tampouco saberá que a empresa contratou, á súa vez, outra empresa que anda petando porta a porta por toda a Costa da Morte persuadindo das bondades dese plan que vostede aquí anunciaba, plans que poderán ser moi edificantes pero que en todo caso son simples plans que nada teñen que ver co réxime actual da concesión. E, polo tanto, por bos que fosen non impedirían a extinción da concesión no caso de que se producise esa segregación que a propia concesión non autorizaría.

Pero, sobre todo, se é un rumor, tampouco é explicable que esta Cámara se posicionase en febreiro de 2016 nese sentido ou que esta mesma semana concellos como o de Muxía se posicionasen unánimemente —tamén os concelleiros do Partido Popular— pedíndolle a esta Cámara e ao seu presidente, ao presidente do Goberno galego, adoptar as medidas legal-

mente adecuadas para o mantemento da condición de non poder segregarse en Ferroatlántica as actividades de ferroaleacións e produción de enerxía eléctrica. Se é un rumor e, polo tanto, vostede non se pronuncia, a ver a que vén que se pronunciasen os deputados e deputadas na anterior lexislatura e a ver que vén que se pronuncien os seus concelleiros e concelleiras na Costa da Morte, se é un simple rumor.

Ontes a PNL presentada polo Partido Popular dicía que, no seu caso, se farán os estudos necesarios. Non fai falta que os fagan, xa están feitos. Hai feitos estudos e hai sentenzas que deixan ben clara esa imposibilidade de segregación. Logo sexa vostede claro e diga si ou diga non. Nós pensamos que debería dicir non. Os traballadores e traballadoras pensan que ten que dicir non. Polo tanto, dado que todo o mundo pensa que hai que dicir non porque é o mellor para a comarca e para o futuro da Costa da Morte, porque é o mellor para a salvagarda do interese público, interese público que ademais veu condicionado na ligazón da produción hidroeléctrica e a produción industrial porque a xente da Costa da Morte xa pagou un prezo moi alto pola produción hidroeléctrica. Pagaron co seu territorio, tiveron custo social, tiveron custo ambiental, tiveron custo na súa propia saúde, e é lóxico e é normal que agora o interese público reverta continuamente —polo menos nunha parte— na vinculación entre a riqueza producida pola enerxía hidroeléctrica e o futuro empresarial e o futuro industrial desta comarca.

Sente cos traballadores e coas traballadoras, recíbaos, póñase do seu lado, defenda a comarca da Costa da Morte e...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...defenda o conxunto do seu país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Gazas, señor Villares.

Turno de peche, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Villares, vostede sabe perfectamente que os expedientes administrativos non se inician con rumores, supoño que o sabe. Supoño que sabe que o principio básico do dereito administrativo é a escritura. E, polo tanto, señoría, dado que a empresa non remitiu á Xunta de Galicia nin un só papel solicitando nada, nada lle podemos respostar. Como vostede é deputado en nome e representación de moitos votantes, claro que lle respondo cando vostede me pregunta. E eu xa lle digo que coñezo esas sentenzas, coñezo os termos da concesión, e xa lle digo que neste momento nós, coa información que temos —que son informacións de medios de comunicación, de conversas da empresa, sobre todo, cos comités de empresa—, sabemos que a empresa está valorando a posibilidade de solicitar unha autorización para enaxenar as centrais hidroeléctricas e facer un plan industrial en Sabón e na Costa da Morte.

O que lle podo dicir, cos datos que ten a Consellería de Economía, vólvollo reiterar, señoría: entendemos que o interese público segue unido ás concesións e, polo tanto, non poderíamos

autorizar esa segregación nos termos que temos actualmente. É o que lle podo trasladar, señoría. Pero creo que vostede debe saber que en Sabón e na Costa da Morte están esperando investimentos. E todo iso, señoría, é o que temos que ventilar, e desde logo conforme a dereito sempre, señor Villares. Pero todo iso hai que sabelo. E por iso esta mesma semana vou reunir a todos os alcaldes da Costa da Morte, e por iso o Goberno segue en contacto co Comité de Empresa de Sabón e o da Costa da Morte, cos dous. Supoño que a vostede tamén lle interesa, e a todos os traballadores do país.

E eu celebro moito, señor Villares, que me faga vostede a súa primeira pregunta preocupado polo emprego no país. Espero, señoría, que teña vostede posibilidade de cambiar, porque todo é posible, xa ve que aquí algúns que non querían a transferencia da AP-9 agora a queren. Vostede probablemente, señoría, poida mudar de opinión. Supoño que pode ir a Murgados, a Ares, a Fene e a Ferrol, e dicirlles aos traballadores que cambiaron de opinión e que non queren que peche Reganosa. Supoño que vostede agora pode ir a Vigo a dicirlles a todos os traballadores de Citroën que vostedes se confundiron votando en contra da lei que habilita as novas instalacións e a ampliación das instalacións de Citroën. Vostede, señoría, seguro que pode acudir a Ferrol e dicirlles aos traballadores de Navantia que isto de facer contratos para Arabia Saudita pois os seus xefes de Madrid non o queren, pero vostede aquí non sei o que quere en relación con este asunto. E vostede seguro que pode acudir a Rozas e dicirlle á xente de Lugo e do interior que Rozas non é unha base da OTAN, nin imos facer avións para a OTAN. Imos facer avións non tripulados, civís, para dar emprego tecnolóxico á provincia de Lugo. *(Aplausos.)* Señoría, alégrome de que vostede empece a cambiar de opinión, iso é moi importante, señor Villares.

Pero, mire, señoría, teña vostede a convicción de que, se vostede defende os traballadores da Costa da Morte, eu tamén. Non teña dúbida, señor Villares. ¿Sabe por que? Porque maioritariamente os traballadores da Costa da Morte quixeron que esteamos aquí, e non lles imos fallar, señoría. E, polo tanto, a nós interésannos os empregos, o que non nos interesan son os conflitos. A nós interésanos que haxa investimento industrial no país, a nós interésanos que sigan as empresas funcionando no país, a nós interésanos que haxa plans industriais para toda Galicia, a nós interésanos, señoría, o que lles interesa ás familias galegas. ¿Por que? Porque nós representamos as familias galegas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Retomamos a orde do día.

Proposición non de lei do G. P. Popular, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e trece deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Concello de Vigo da realización das adaptacións tecnolóxicas necesarias para compatibilizar os dispositivos de cobramento do transporte urbano Vitrasa coa tarxeta Transporte Metropolitano de Galicia

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario de En Marea.

(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Juan José Merlo Lorenzo e a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de modificación a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1º. Asumir a parte proporcional do billete urbano de Vigo segundo o acordo de lei asinado.

2º. Garantir e mellorar a calidade do servizo adoptando as melloras para a coordinación e conectividade física entre os distintos servizos de interese metropolitano (Sime) na área (ferrocarril, transporte marítimo de ría, autobuses) e non só por medio da tarifa unificada.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición ten a palabra a señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Bos días a todos.

Presidente, señorías, comezo dicindo que é unha mágoa ter que estrearse no Parlamento de Galicia cunha PNL que é consecuencia ou froito dunha administración que non foi quen, e non é quen, de cumprir as solicitudes e as propostas que dende aquí emanan nada máis e nada menos que para facerlles a vida máis sinxela, máis cómoda e máis económica aos cidadáns. Estou a referirme a Área Metropolitana de Vigo, ao transporte metropolitano de Vigo e ao Concello de Vigo.

Neste hemiciclo aprobouse unha lei por unanimidade, tras longas horas de debate, con moito esforzo por parte dos grupos parlamentarios e co consenso como bandeira. É moi importante ter isto en conta nesta PNL: o consenso. Combináronse todas as sensibilidades políticas que aglutina esta Cámara, que non son poucas, e así, con ese espírito conciliador e unha lei sobre o papel, establecéronse unha serie de condicións que se terían que desenvolver no sur de Galicia ao amparo dese documento.

Sen dúbida, un dos pulmóns da Lei da Área Metropolitana é o transporte, o avance real na mobilidade entre os cidadáns que conforman xeograficamente a área metropolitana de Vigo. En abril de 2015 botaba a andar o Plan de transporte metropolitano na área de Vigo, e facíao cos 12 concellos que conveniaron e subscribiron o convenio coa Xunta de Galicia: Baiona, Cangas, Fornelos de Montes, Moaña, Mos, Nigrán, Redondela, O Porriño, Salceda de Caselas, Salvaterra do Miño, Soutomaior e Pazos de Borbén. O Concello de Vigo facíase de rogar. Meses despois, logo de comprobar as vantaxes adquiridas por todos os cidadáns dos concellos que estaban subscritos ao transporte metropolitano, Vigo decide sumarse en xullo deste mesmo ano ao plan.

Nese momento, os veciños de Vigo e os usuarios do transporte público aplaudiron ese paso e a decisión, pois tiñan comprobado as vantaxes e, sobre todo, o aforro que supoñía viaxar

coa tarxeta azul que teño aquí, para que non haxa dúbida de que esta tarxeta é a que teñen que utilizar todos os cidadáns de Vigo e da área metropolitana de Vigo para viaxar e intercambiar o transporte entre os seus concellos.

O papel sopórtao todo e, polo tanto, a sinatura da adhesión ao Plan de transporte metropolitano está feita —o convenio tamén— polos concellos, e polo propio Concello de Vigo no mes de xullo, pero non a implantación, que, como todo cambio, require de certas adaptacións, neste caso dos autobuses urbanos que teñen que modificar as máquinas do sistema de cobro.

De acordo co convenio, o Concello de Vigo integrárase na Rede de Transporte Metropolitano de Galicia nos termos e condicións establecidas no convenio marco, ademais cunha táboa de prezos aplicable nas distintas viaxes metropolitanas, urbanas e/ou interurbanas, con orixe ou destino en Vigo.

Neste convenio, na cláusula 7, Vitrasa, que é a concesionaria do transporte urbano e público do Concello de Vigo —Viguesa de Transporte S. A.—, tanto Vitrasa coma o Concello de Vigo, asumen expresamente o compromiso de homologar o actual sistema de cancelación para o seu funcionamento no Plan de transporte metropolitano. A pesar do tempo transcorrido —insisto que dende o mes de xullo, e xa estamos case en decembro—, nin o Concello de Vigo nin Vitrasa nin a empresa fabricante desas máquinas de cancelación iniciaron o proceso anterior, ao non presentar ningunha máquina adaptada a esta tarxeta —insisto, a esta tarxeta—. Actualmente en Vigo só podemos pagar con esta —que é a de Vitrasa—, e deberíamos poder pagar todos con esta e coas mesmas tarefas.

O que pasa é que se asinan convenios pero non se cumpren. E neste sentido, máis alá dos problemas tecnolóxicos, a problemática fundamental que parte do Concello de Vigo e de Vitrasa é que se cumpra o compromiso asumido no convenio, que é un réxime de tarifas concreto. O que pasa é que o trasfondo é que hai un réxime de tarifas diferente ao acordado e ao establecido no Plan de transporte metropolitano de Galicia. Por tanto, a data de posta en marcha depende agora soamente do tempo que o Concello de Vigo empregue en adaptar os dispositivos de cobro do autobús urbano para que sexan compatibles coa tarxeta de transporte metropolitano.

Por iso nós, dende o Grupo Parlamentario Popular queremos instar a Xunta de Galicia a solicitar do Concello de Vigo que leve a cabo este trámite na maior brevidade posible. ¿Por que? Porque, ademais de ser un compromiso ineludible —insisto en que o convenio está xa asinado—, no momento en que as máquinas de cobro dos autobuses Vitrasa estean adaptadas á tarxeta, os usuarios comezarán a beneficiarse do aforro e pagarán 86 céntimos —que é a tarifa estipulada— e non 1,32 euros, que é o que están pagando agora mesmo.

Esta espera está a ser xa moi longa, e os trámites por parte da Xunta xa están feitos, iso está claro. Non hai máis que comprobalo noutras vilas e noutras zonas de Galicia, onde o transporte metropolitano funciona perfectamente. Os técnicos da Xunta xa lle solicitaron á concelleira de Transporte de Vigo que non se pase por alto a cláusula do convenio, na que se especifica que o prezo dunha viaxe urbana é de 0,86 e non de 1,32. Pero é que aquí está o quid da cuestión. O Concello de Vigo ten que cumprir e a empresa Vitrasa ten que cumprir.

Se neste Parlamento —como dicía antes— houbo que negociar, houbo que cooperar, consensuar e debater moito para chegar a acordos e aprobar a Lei da Área Metropolitana, non podemos aceptar nesta Cámara que no concello de Vigo, na cidade de Vigo, esteamos presenciando todo o contrario, posto que agora isto parece unha batalla entre a empresa concesionaria e o propio Concello de Vigo, e aínda por riba botándolle a culpa a un terceiro de que as cousas non funcionan; coma sempre, botándolle a culpa á Xunta de Galicia. E, ademais, que o caso teña que pasar ao Consello Consultivo pois é vergoñento, como xa ten pasado con outros casos anteriores.

Este é un tema que só ten dous posicionamentos, un posicionamento é pensar no aforro e nos intereses dos veciños da área metropolitana de Vigo a través da colaboración, e outro é pensar nos beneficios persoais e na permanente liorta entre administracións para obter réditos electorais, que, como vostedes saberán aquí, son pan para hoxe pero fame para mañá. Está claro que é o noso deber neste Parlamento defender os usuarios e velar para que se cumpran as leis que aquí se aproban e os convenios que desas leis emanan.

Algúns datos que nos animan a sacar adiante esta PNL: case medio millón de veciños da área metropolitana de Vigo terán uns aforros ao ano —se son usuarios frecuentes— de entre 600 e 1.000 euros anuais de aforro.

A comodidade, a mobilidade e a apertura entre vilas é o que promove máis oportunidades e garante o acceso máis sinxelo a todo tipo de servizos. É preciso avanzar para non quedar atrás e estar a pleno rendemento cando estean feitas as grandes infraestruturas do sur de Galicia, como a estación intermodal ou a ampliación da ponte de Rande.

Polo tanto, todos estes retrasos aos que me teño referido, esta actitude, nun principio impiden que se constituía a área metropolitana como tal, porque non se poderá constituír mentres non exista unha integración efectiva do transporte urbano de Vigo. Precisamente hoxe era a data proposta para a constitución da área e tivo que aprazarse. Agora parece que a convocaron para o día 1 de decembro; é dicir, que en sete días terá que estar todo resolto e as máquinas canceladoras xa instaladas, e poderemos os cidadáns da área metropolitana de Vigo, sen excepcións e sen ser cidadáns de primeira e de segunda, viaxar con esta tarxeta e pagar a tarifa correspondente. Espero que o 1 de decembro iso estea para a constitución da área metropolitana.

Insistimos na necesidade de pór en marcha o transporte, por iso xustificamos a urxencia deste debate. Cremos que é urxente que isto se leve a cabo canto antes, e xa resulta un argumento, ademais, feble, un argumento vulgar, botarlle a culpa de todo o que non marcha á Xunta de Galicia. Porque vimos dun proceso electoral, o 25 de setembro, e soubemos elixir o presidente que firmou esa lei e a mesma Xunta que sacou adiante ese Plan de transporte metropolitano de Galicia. A única conclusión que sacamos neste caso é que o Concello de Vigo e a concesionaria do transporte urbano seguen apostando polo billete máis caro de España —e se non é o primeiro é o segundo máis caro de España— pola torpeza, pola tardanza e pola falta de efectividade e lealdade aos acordos e aos cidadáns, porque o convenio está asinado cunha serie de condicións.

A área ten que ser homoxénea para no fracasar. Nesta PNL apelamos á cooperación para ser máis grandes, para ser máis fortes, no sur de Galicia; apelamos á altura de miras e non á

política da miñoa, o presidente dunha área metropolitana, da metrópole dunha área metropolitana, non pode andar á miñoa; e apelamos á lealdade e aos compromisos que se manifestaron na sinatura do convenio.

Remato xa dicindo que erra o político que pensa que en pleno século XXI competir é mellor que cooperar, porque a fortaleza do sur de Galicia non está nos políticos, iso ten que quedarnos a todos claro; sobre todo —igual que pasará no norte— está no medio millón de habitantes que a conforman, que conforman a área metropolitana, esa é a grandeza e a riqueza, está na súa realidade xeográfica e está nas similitudes e non nas diferenzas.

Por iso, por estas razóns, polas razóns expostas, porque hai un convenio asinado e porque os convenios que se asinan teñen que cumprirse —porque, se non, non sei que garantía ou confianza nos dará un político que firma un convenio e non o cumpre—, por esas razóns, nós pedimos o apoio e o voto a favor para esta PNL.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Merlo.

O señor MERLO LORENZO: Bo día.

Nós en En Marea, e como vigués tamén o digo, cremos no interese xeral da área metropolitana e de todos os beneficios que para as veciñas e veciños da mesma terá a aplicación do disposto na Lei 14/2016, asinada o 27 de xullo, unha vez que se leve a cabo todo o que concirne á dita área metropolitana e non só ao referido no artigo 21 do transporte público de viaxeiros.

É evidente que existe unha demora —como dicía a señora deputada— na integración real da concesionaria do transporte municipal de Vigo, e coincidimos en que todo parece indicar que o problema real está en garantir o pago ao concesionario do prezo que exixen, de 1,32, e non só en cuestións de índole técnica.

Os usuarios da área metropolitana xa se benefician a día de hoxe de importantes descontos nos servizos de ría e nos servizos interurbanos, pero, evidentemente, coa incorporación do transporte na área urbana, ese aforro, esa mellora para a súa economía, será moito maior. Entón, con base niso estamos moi de acordo en que é necesario facer todas as iniciativas posibles para desbloquear esa situación. Pero non podemos limitar esta iniciativa, tal como se expón nesta PNP, a unicamente o tema das canceladoras e a súa instalación por parte da concesionaria Vitrasa. Temos que instar as partes firmantes dese acordo, dese convenio, a que dunha vez sexa efectiva a instalación das mesmas e se garanta, ou se negocie ou se plante, levar a cabo o reflectido no dito convenio.

Como se expoñía, e dado que a implantación do transporte urbano da cidade olívica é necesario para que se poña en funcionamento real a Área Metroplutana de Vigo, cremos que debe

urxirse ás partes asinantes do convenio o cumprimento do mesmo sen que se pasen a pelota uns aos outros, prexudicando —como é habitual— sempre os usuarios e as usuarias.

Como xa dixemos, cremos nos beneficios da área metropolitana para toda a cidadanía, non só a nivel do transporte. Pero no referente a este apartado, e vendo a necesidade de avanzar, presentamos unha emenda de modificación nos seguintes puntos: que se inste a Xunta de Galiza a asumir a parte proporcional do billete urbano segundo o convenio asinado e que se garanta mellorar a calidade do servizo adaptando as melloras á coordinación e á conectividade física entre os distintos servizos de interese metropolitano na área —isto é, ferrocarril, transporte marítimo de ría e autobuses— e non só por medio da tarifa unificada.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Merlo.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moi bo día.

O BNG está aquí, desde logo, para facer oposición, para facer oposición rigorosa e contundente e tamén construtiva. Está para facer oposición e sobre todo está para facer proposición, para facer propostas e alternativas de futuro para o país e para a xente que si que o necesita. O BNG está para facer oposición, pero a nós o que nos sorprende é que o Partido Popular estea aquí tamén para facer oposición, para facerlles oposición aos gobernos municipais neste caso. É, desde logo, un paradoxo que veña aquí traer propostas para facerlle oposición ao Goberno de Vigo, debe ser que non confía moito nos seus representantes alí; de feito, parece ser que os queren cambiar.

Nós pensamos que estas discrepancias que existen a respecto do convenio do transporte metropolitano teñen que ter outro cauce de solución que non sexa traer unha proposición non de lei a este Parlamento. Por parte da Xunta de Galiza xa se apelou —ou xa se fixo unha consulta— ao Consello Consultivo, e parece que o Concello de Vigo quere resolver esta controversia —que se centra fundamentalmente na cuestión do prezo— mediante unha consulta pola vía do contencioso, que é o que prevé o convenio. En todo caso, nós o que lles dicimos é que deben negociar, deben sentarse a negociar, e non traer este asunto aquí e utilizar o Parlamento coma un ariete contra un goberno municipal. No fondo nós pensamos que isto é unha mostra de debilidade do Goberno, unha mostra da súa incapacidade para sentarse a falar para negociar e para consensuar estas cousas.

E por iso lles facemos un chamamento ao diálogo, ao acordo e á responsabilidade fronte á confrontación na que parecen instalarse vostedes. E para exemplo podemos citar a Deputación de Pontevedra, onde están exercendo unha oposición que eu cualificaría, dunha maneira comedida, como montaraz; están botados ao monte, están facendo oposición de trincheira, escraches incluídos.

E falando da Deputación de Pontevedra, teño que dicirlle —lamento que non estea aquí o señor Rueda, que é o xefe provincial, o que dirixe esa oposición montaraz— que estamos

agardando aínda —e xa llo pedimos en numerosas ocasións— a que o Partido Popular condene a campaña mafiosa —porque non se pode chamar doutra maneira— de ataques, infundios e ameazas —dianas e puntos de mira incluídos, e coroas mortuorias incluídas— contra deputados do Bloque Nacionalista Galego na deputación provincial simplemente por acabar con prebendas e privilexios creados polos gobernos provinciais do Partido Popular. Teñen unha magnífica oportunidade de facer unha condena clara e explícita neste Parlamento desas prácticas mafiosas. *(Aplausos.)*

Pois ben, a verdade é que esta liña de utilización do Parlamento e a campaña que están facendo na deputación non é estraña para nós, porque de feito hai uns días o señor Feijóo xa declarou aberta a precampaña das eleccións municipais do 2019. Polo tanto, non nos estraña nada este posicionamento. Bueno, en todo caso, esta liña de confrontación eu creo que llela vai agradecer moito o alcalde de Vigo porque está visto que lle dá moi bos réditos.

Nós o que lles pedimos desde esta tribuna, desde este Parlamento, é que retiren esta proposición. Ademais, xa que fixeron a consulta ao Consultivo, non ten sentido debater esta cuestión aquí, que resolva o Consultivo, que resolva o contencioso. En todo caso, séntense a falar, deixen de cavar trincheiras e tendan pontes cos gobernos municipais.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Moitas grazas.

Bos días, señor presidente, señoras e señores deputados.

Bueno, señora Egerique, falou vostede de vulgaridade. A verdade é que empezar falando da política da miñoca non é un exemplo de clase e elegancia. Díciame un compañeiro, que é de Arousa —e creo que disto do marisqueo sabe—, que manexar as miñocas non sempre é fácil. De feito, recórdeos, 17 de 27 concelleiros —dígoos por se ten algún problema aritmético—... *(Murmurios.)* Presidente, eu pediría... *(Murmurios.)*

Ben, o señor Feijóo, cando tomaron posesión os seus conselleiros, dixo —nunha desas frases grandilocuentes ás que nos ten habituados— que o feito ata ese momento non valía para nada —niso acertou—. Eu pensei que se refería tamén a un enfoque cronolóxico da cuestión. Hoxe véndoo respostar, falando do ano 2006 e de Zapatero, evidentemente non se refería a esas cuestións.

E eu si que vou falar de historia un pouco, señora Egerique. Mire, no ano 2012 o Grupo Popular —do que vostede non formaba parte— aprobou unha lei da área metropolitana contra Vigo, co voto exclusivo do Partido Popular. E os cidadáns tomaron nota e —insisto— 17 de 27 concelleiros; e vostedes, de 13 a 7. Paren a pensar cal é de verdade o problema. E despois desas eleccións municipais, efectivamente, nunha caída do cabalo camiño de Damasco, o

señor Feijóo deuse conta de que tiña que facer algo en Vigo. E, efectivamente, modificouse esa lei para corrixir exactamente esa predisposición en contra do concello de Vigo e dos seus cidadáns. E agora o que están facendo vostedes, despois da aprobación desa lei e vendo as municipais no horizonte, é poñer de novo paus nas rodas porque vostedes non queren a área metropolitana de Vigo, porque é un contrapoder á Xunta de Galicia. E iso é o que está detrás das manobras políticas do Partido Popular en relación coa área metropolitana de Vigo, sexa o transporte metropolitano ou sexa calquera outra circunstancia.

Señora Egerique, mire, no Estatuto de autonomía de Galicia, no artigo 27.8, di que o transporte interurbano de viaxeiros é competencia exclusiva do Goberno autonómico, e, polo tanto, o seu financiamento tamén. E todo o que os concellos fagan a maiores é un compromiso político dos concellos das grandes cidades e dos concellos das áreas metropolitanas para favorecer este transporte. Pero o que non pode ser, señora Egerique —e vostede ensinou moi ben dúas tarxetas—, é que a Xunta invite e os concellos paguen. Eu négome, dentro desa campaña de publicidade e propaganda, a que cunha tarxetiña na que pon «Xunta de Galicia» o Concello de Vigo —ou calquera outro concello das cidades de Galicia— poña pasta enriba da mesa. Porque non estamos dispostos a facer e a financiar as campañas publicitarias do señor Feijóo, non estamos dispostos, señora Egerique. (*Aplausos.*) E sabe perfectamente que ese é o obxectivo último desta iniciativa. Por certo, vostedes dedican 10 millóns de euros ao transporte metropolitano, e, por se non ten a referencia orzamentaria, direilla eu: 08.02.512.A.4701 —dígoo por se necesita o dato—. O Concello de Vigo dedica ao transporte urbano —só o Concello de Vigo— 12 millóns de euros, e o conxunto dos municipios urbanos de Galicia dedican ao transporte urbano 40 millóns de euros, señora Egerique. Polo tanto, vén aquí contarnos historias —non vou falar nin de miñocas nin, en fin, de vulgaridades— que non teñen nada que ver cos intereses dos cidadáns de Vigo senón cos intereses partidarios e financeiros da Xunta de Galicia. Por certo, vostede, na propia iniciativa, di unha cousa —non na parte resolutiva—, di: «Transporte urbano gratuíto no caso de que antes ou despois utilicen o transporte interurbano para os seus desprazamentos». Polo tanto, esta é a cuestión fundamental, e esta é a cuestión técnica que está pendente de resolver.

E, por certo, tamén vostede —que me falou do convenio— leu a sétima estipulación. Normalmente, nos textos xurídicos e nos convenios convén empezar polo 1 e acabar no último porque se entenden mellor. E gustaríame que lera a segunda e a sexta. E sabe perfectamente que as dificultades técnicas están na viaxe de saída do Concello de Vigo, porque indubidablemente as máquinas non recoñecen se estamos falando dunha viaxe soamente urbana ou dunha viaxe interurbana. (*Murmurios.*) Polo tanto, esa é a cuestión, señora Egerique.

E o informe de Vitrasa —por certo, informe que saíu publicado na prensa e que a consellería correspondente non desmentiu e, polo tanto, eu vou dar por feito que é verdade; porque, insisto, non houbo ningún desmentido— ao final nas conclusións di textualmente: «Na reunión celebrada o pasado día 10 de novembro —á que asistiron conxuntamente Xunta, Concello e a empresa— propúxose a creación dunha comisión específica entre as tres partes para o tratamento, concreción e solución desta problemática». Insisto, saber —algo que non é fácil de saber— se unha viaxe urbana...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...—remato, señor presidente— vai ter continuidade interurbana, porque, se non, o Concello de Vigo non está obrigado a asumila. E o que din é: «*Y la Xunta consideró que no era necesario*». Se o necesario era o Consello Consultivo, hai outra forma de resolver os problemas dos convenios...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...que é o contencioso-administrativo.

Imos votar en contra. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

Réplica do grupo autor da proposición non de lei.

Señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Moitas grazas.

En primeiro lugar, aclararlle, señor Losada, que eu non dixen que a miñoca fose sinxela ou complicada. Eu non me metín nese debate. Eu digo que a política que se ten que practicar no século XXI é cun pouco de altura de miras nese sentido. E vostede non me veña aquí dicir que eu estou defendendo intereses concretos, porque o meu deber é defender os intereses dos cidadáns da área metropolitana e non os intereses dunha persoa, que é o que fai vostede aquí sempre, defender os intereses persoais do alcalde de Vigo, Abel Caballero. (*Aplausos.*) Eu non vou facer iso, eu vou defender os vigueses, por suposto que vou defender os vigueses e os cidadáns da área metropolitana de Vigo. Porque, se se asinou esa lei e se quere avanzar na área metropolitana de Vigo, non pode haber cidadáns de primeira e de segunda. E a metrópole que é Vigo ten que estar á altura das circunstancias. ¿Que pasa? ¿Que sempre que parte unha cousa de aquí dende o ano 2007 peta alí na torre da praza do Rei e sempre ten que haber problemas, sempre ten que haber liortas, sempre ten que haber follas e follas de prensa? E vostede tamén dende aquí, dende esta tribuna, defendendo os intereses desa persoa que agora é alcalde de Vigo, entón vén aquí a dicirnos que se os resultados electorais son os resultados electorais... Nada máis claro para pensar en resultados de rédito electoral que o seu discurso de hoxe aquí.

Eu teño que dicir que non podemos estar supeditados a eses caprichos e a esas deslealdades, señor Losada. Se se firma un convenio cunhas condicións, hai que cumprir os convenios; se non, non se asinan. Xa tivemos que agardar dende abril ata o mes de xullo, xa no mes de xullo viamos que o transporte metropolitano ía ser unha realidade. E agora estamos esperando ¿a que? ¿Xa asinou? Pois cumpra. Se asina, cumpra as condicións. Iso xa no primeiro momento.

Quería aclararlle ao señor Bará que o que vai ir ao Consello Consultivo é se a constitución da área metropolitana pode ser efectiva sen o transporte en funcionamento, para aclaralo.

Esta PNL non tiña que existir. Non a imos retirar, pero non tiña que existir porque isto tiña que estar xa cumprido. Se traemos a PNL aquí hoxe é porque unha persoa que firma un convenio e que ten unha responsabilidade moi grande na Área Metropolitana de Vigo non cumpre os seus compromisos. Pero este tema é crucial, e a urxencia, a celeridade e a rapidez son cruciais. E non me veña dicir aquí que un pide e outro paga, porque —insisto— o papel só pórtao todo e os convenios están aí para lelos, para cumprilos e para saber o que pasa. Entón o arreglo agora ten que ser entre o Concello de Vigo e a empresa concesionaria urbana para que os usuarios, o medio millón de persoas que utilizan o transporte metropolitano, poidan moverse entre os diferentes concellos sen chegar a Vigo cunha fronteira. A esencia dunha área metropolitana é a cooperación e non a competición —xa o dixeran antes e vouno repetir agora—, pero isto non pode coñecelo unha persoa que sempre exerceu cos principios de illamento. Por tanto, se priman os intereses xerais e o entendemento, gañan os cidadáns, gaña Vigo —claro que gaña Vigo—, gaña Galicia e gañamos todos.

Moitas grazas, señor Losada e compañeiros. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Perdoe, ¿sobre a emenda...?

A señora EGERIQUE MOSQUERA: ¡Perdoe, perdoe!, é verdade.

Sobre a emenda, non imos aceptar a emenda porque cremos que non está no tema. O que estamos pedindo aquí é que se cumpra. A Xunta de Galicia cumpriu o seu compromiso e o que estamos pedindo aquí é que o Concello de Vigo cumpra o seu compromiso, e non imos aceptar a emenda.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Procedemos, polo tanto, ás votacións das proposicións non de lei. Pechamos as portas.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando, en primeiro lugar, a do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre a recuperación polo Goberno galego da xestión e explotación pública directa, de xeito íntegro, do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo.

Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luís Villares Naveira e trece deputados/as máis, sobre a recuperación polo Goberno galego da xestión e explotación pública directa, de xeito íntegro, do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista sobre a reversión polo Goberno galego da concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, para a súa xestión pública.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, sobre a reversión polo Goberno galego da concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, para a súa xestión pública.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e aos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados en relación coa introdución dunha modificación no artigo 74.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, referida á posibilidade de regulación polos concellos dunha bonificación na cota íntegra do imposto de bens inmobles.

Estaba pendente unha transacción, prégolle ao señor Sánchez que, se hai acordo, nolo lea.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Creo que si.

Leo:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a acordar coa Fegamp unha solicitude conxunta ao Goberno do Estado para impulsar a modificación do artigo 74.2 do Texto refundido de facendas locais para os efectos de incluír unha nova bonificación potestativa da vivenda habitual de ata o 90 % da cota íntegra do imposto a favor daqueles suxeitos pasivos que acrediten unha situación económica de insuficiencia de rendas familiares, modulable en función do valor catastral do inmovible».

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez. Prégolle que nola faga chegar aos servizos da Cámara.

Votamos a transacción que se acaba de ler.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e aos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados en relación coa introdución dunha modificación no artigo 74.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, referida á posibilidade de regulación polos concellos dunha bonificación na cota íntegra do imposto de bens inmobles.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo..

En consecuencia, queda aprobado o texto transaccionado desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir unha atención axeitada á interrupción voluntaria do embarazo na rede sanitaria pública, así como os dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres do medio rural.

Xa manifestou a persoa que interveu defendendo esta proposición non de lei que non apoia a emenda do Grupo Parlamentario Socialista, non apoia tampouco a do Grupo Parlamentario Popular e acepta, como unha transacción na segunda, a de En Marea.

Se nola pode ler...

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Si, quería pedir se sería posíbel que se votase por separado o primeiro punto da proposición non de lei, a respecto a instar que Sanidade non recorra contra a sentenza que atinxe á muller da Mariña. E leo a transacción á que cheguei co segundo punto da emenda presentada por En Marea, que sería: «O Parlamento de Galiza insta a Xunta a informar por escrito ao Parlamento das circunstancias que motivan derivar mulleres a clínicas de Madrid para a realización dun aborto, así como facer público na páxina oficial do Sergas, xunto co número, taxa e porcentaxe, os que teñen lugar na sanidade privada».

O señor PRESIDENTE: Grazas, se nos fai chegar esta transacción...

Comezamos votando por puntos. Votamos en primeiro lugar —porque así o manifestou ela, que é a dona da proposición non de lei— o punto 1.

Votación do punto 1 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir unha atención axeitada á interrupción voluntaria do embarazo na rede sanitaria pública, así como os dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres do medio rural

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este punto 1 da proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos o resto dos puntos coa transacción incorporada que nos acaba de ler.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, agás o punto 1, xa votado, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir unha atención axeitada á interrupción voluntaria do embarazo na rede sanitaria pública, así como os dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres do medio rural

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos da proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a proposición do Grupo Parlamentario Socialista sobre a realización polo Goberno galego das actuacións necesarias cos axentes sociais e, sinaladamente, cos sindicatos con representación no sector público para o cumprimento das sentenzas ditadas polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea en materia de indemnizacións por remate de contratos laborais

Hai pendente unha transacción, que, se ten a ben o señor Díaz Villoslada lela, llo agradecemos.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Grazas, señor presidente.

Con motivo da transacción acordada cos grupo de En Marea e do BNG, a emenda é unha emenda de adición coa redacción seguinte: «O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado que realice o cambio necesario na lexislación laboral española, debendo o grupo de expertos creado para tal fin estudar na maior brevidade posible a citada sentenza de tal forma que permita dar cumprimento a mesma.»

O señor PRESIDENTE: Grazas, se nola fai chegar ao servizos da Cámara, agradecemosllo tamén.

Votámola, polo tanto, con esta proposta de transacción.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e tres deputados/as máis, sobre a realización polo Goberno galego das actuacións necesarias cos axentes sociais e, sinaladamente, cos sindicatos con representación no sector público para o cumprimento das sentenzas ditadas polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea en materia de indemnizacións por remate de contratos laborais

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos unha proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co expediente de regulación de emprego no Banco Popular-Pastor.

Non se presentaron emendas.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións

que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co expediente de regulación de emprego no Banco Popular-Pastor.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 41; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas intencións da empresa Ferroatlántica de vender as centrais hidroeléctricas dos ríos Xallas e Grande.

Xa manifestou o representante do Grupo Parlamentario Popular que non acepta as emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tello Filgueira e trece deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas intencións da empresa Ferroatlántica de vender as centrais hidroeléctricas dos ríos Xallas e Grande.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 33.

O resultado da votación é positivo..

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos, por último, a do Grupo Parlamentario Popular sobre a demanda polo Goberno galego ao Concello de Vigo para a realización das adaptacións tecnolóxicas necesarias para compatibilizar os dispositivos de cobramento do transporte urbano Vitrasa coa tarxeta Transporte Metropolitano de Galicia.

Non se aceptaron as emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e trece deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Concello de Vigo da realización das adaptacións tecnolóxicas necesarias para compatibilizar os dispositivos de cobramento do transporte urbano Vitrasa coa tarxeta Transporte Metropolitano de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 33.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

Declaración institucional con motivo da celebración do Día internacional da eliminación da violencia contra a muller

O señor PRESIDENTE: Antes de proseguir coa orde do día, fanme chegar os grupos unha declaración institucional —por acordo deles, por suposto— con motivo da celebración, o 25 de novembro, do Día internacional da eliminación da violencia contra a muller. E leo:

«O Parlamento de Galicia, con motivo do Día internacional para a eliminación da violencia de xénero, que se conmemora o día 25 de novembro, quere amosar o seu firme compromiso coa erradicación de calquera tipo de discriminación que permita que esta violencia persista na nosa sociedade.

A violencia machista debe converterse nun asunto de Estado, polo que previr e poñer fin á violencia exercida contra as mulleres é un obxectivo prioritario e irrenunciable de profundo calado social. Se queremos acabar coa violencia machista, debemos evitar os pasos que se inician baixo as referencias dunha cultura machista, especialmente entre a poboación máis moza. O respecto, a liberdade e a igualdade son piares básicos que deben impregnar a nosa sociedade, e asemade o noso marco normativo ha de ser tido en conta.

A Lei orgánica 1/2004, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e a Lei 11/2007, galega, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, obtiveron no seu día un consenso xeral de todas as forzas políticas. Estas leis marcaron un antes e un despois na concepción do que é a violencia machista, xa que ambas recoñecen que estamos ante o símbolo máis brutal da desigualdade existente na sociedade.

Así as cousas, debemos avanzar cara a un marco lexislativo que recoñeza a violencia exercida contra as mulleres, alén das relacións de parella, visibilizando agresións normalizadas e naturalizadas socialmente. Todas as medidas son insuficientes mentres unha muller viva baixo o medo e a falta de liberdade que iso supón, e calquera balance será negativo mentres haxa unha soa muller asasinada por esta causa.

A actual situación de emerxencia que vivimos na nosa sociedade coa lacra da violencia machista precisa do firme compromiso de todos e todas, avanzando conxuntamente na mellora das estratexias que hai que seguir. Poñeremos todos os medios na nosa man para mellorar a atención ás vítimas, desde a protección á achega de alternativas e o acompañamento nas situacións de transición emancipadora.

Este ano 2016, o Parlamento galego aprobou a Lei 12/2016, do 22 de xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificándose, entre outros aspectos, o artigo 39 da lei, de xeito que a axuda periódica para as vítimas de violencia de xénero se configure como un procedemento cun prazo de solicitude aberto a todo o ano.

Temos que seguir avanzando na completa erradicación da violencia que se exerce contra as mulleres a través da articulación de máis medidas, máis recursos e máis coordinación. Man-

teñamos o espírito de unidade e de consenso, e avancemos xuntos e xuntas, da man de toda a sociedade, cara a un gran pacto que nos una para acabar coa violencia machista.»

Moitas grazas a todos.

(Aplausos.) (Apróbase por asentimento.)

Abrimos as portas.

Debate e votación do límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, de conformidade co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira

O señor PRESIDENTE: Teño a ben explicarlles o procedemento.

O Consello da Xunta de Galicia, con data 17 de novembro de 2016, acordou o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, que se fixa en 9.063 millóns de euros e poderá axustarse na variación dos ingresos do sistema de financiamento e dos fondos finalistas que incorpore o Proxecto de lei de orzamentos da Administración xeral do Estado, de acordo co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, modificado e remitido a esta Cámara para a súa aprobación, xunto co Informe de estratexia financeiro-fiscal ao que se refire o artigo 11.2 da citada lei.

Antes de proceder á votación, o Goberno dispón, polo tanto, dunha rolda de quince minutos para a súa presentación, e a seguir concederase unha rolda para todos os grupos parlamentarios, por un tempo de dez minutos.

Comeza, polo tanto, o representante do Goberno, o conselleiro de Facenda, don Valeriano Martínez García, por un tempo de quince minutos.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

Comparezo hoxe ante o Parlamento para presentar o límite de gasto non financeiro para o exercicio 2017, aprobado o pasado xoves polo Consello da Xunta de Galicia, en cumprimento do artigo 12 da Lei de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.

O primeiro que me gustaría explicar é que este é o primeiro ano, desde que en 2011 o Goberno galego fose o primeiro executivo autonómico en aprobalo por lei, en que non se trae á Cámara na data prevista. Señorías, a razón deste atraso é allea á Xunta de Galicia e deriva da anomalía que supuxo ter no Estado durante case dez meses un goberno en funcións que non puido aprobar o seu propio teito de gasto para 2017 polo bloqueo político que se mantivo en España durante todo este tempo. De feito, aínda hoxe non está aprobado o teito de gasto polo Goberno central para o vindeiro exercicio, pero, desde a Xunta de Galicia, unha vez que

tomou posesión o Goberno tras as eleccións autonómicas de setembro, non quixemos perder nin un día máis. Por iso aprobamos no Consello da Xunta un teito de gasto prudente, á espera da aprobación do teito por parte do Estado.

Ademais, como logo detallarei, desde o Goberno galego en ningún momento estivemos parados durante os últimos meses, co obxectivo de que o Executivo saído das urnas puidese presentar o proxecto de orzamentos para 2017 o máis axiña posible.

Tamén quixera reiterar que, se hoxe temos este debate, foi pola decisión do Goberno galego de apostar pola máxima transparencia na elaboración das súas contas anuais. Galicia é das poucas comunidades que, ademais de aprobar o Executivo o teito de gasto, pide autorización á Cámara autonómica para así proceder.

Pero, antes de explicar polo miúdo o marco do escenario financeiro para 2017, quixera lembrar que hai dous meses elaboramos un teito de gasto non financeiro con carácter provisional, pero que foi fundamental para poder acelerar o traballo interno da Administración autonómica na elaboración dos orzamentos; un traballo que, unha vez que xa está o Goberno galego nomeado e con plenas funcións, puidemos aproveitar para estar en disposición de aprobar de maneira inmediata este teito de gasto e remitilo ao Parlamento.

Precisamente a estabilidade deste Goberno e a continuidade do mesmo é o que nos permitiu, tan só tres días despois de tomar posesión o Executivo, que levamos e aprobásemos no Consello da Xunta o teito de gasto; é dicir, unha semana despois de ter Goberno xa estamos debatendo nesta Cámara sobre o dito texto. A única diferenza deste ano respecto dos anteriores é o condicionante de ter celebrado unhas eleccións autonómicas.

Como lles avancei, este traballo comezou hai dous meses, cando o Instituto Galego de Estatística actualizara o cadro macroeconómico —como é norma normalmente cada verán—, tras analizar como estaba evolucionando a economía galega. Por aquel entón, e tras coñecer o dato oficial do segundo trimestre, confirmouse a consolidación e recuperación da economía galega. O PIB autonómico xa medraba a un ritmo anual do 3 %, o máis elevado, por certo, desde principios do ano 2008, e no segundo trimestre xa estábamos crecendo a taxas intertrimestrais do 0,8 %. Esta circunstancia motivou a decisión do Goberno galego de elevar á alza as estimacións que tiñamos recollidas nos actuais orzamentos.

Señorías, os vixentes orzamentos inclúen unha previsión de crecemento do PIB do 2,5 e unha taxa de paro do 18,3, en liña co que recollíamos e establecíamos no Plan estratéxico de Galicia, pero, coa maioría constatada entón, elevamos a estimación do PIB galego para este ano ata o 3 %, 5 décimas superior á vixente; e non esquezamos nunca que isto significa 335 millóns de euros máis de riqueza producida durante este ano en Galicia.

Pois ben, nos últimos dous meses esta melloría intensificouse e o IGE propón de novo elevar esta previsión ata o 3,1 %, que o Goberno fai propia. Esta revisión á alza está baseada nunha mellor evolución do sector industrial e tamén do dos servizos, o que fará que a economía galega teña un mellor comportamento que a española no último semestre deste exercicio

2016. Agardamos que esta mellor evolución quede reflectida no dato oficial da evolución do PIB, que publicará mañá o Instituto Galego de Estatística.

En relación coa taxa de paro, mantemos a rebaixa apuntada en setembro, que a deixara este ano no 17,4, case un punto menos que a estimación que fixeramos cando aprobamos os orzamentos, e 2,3 puntos inferior á estimada polo Goberno para o conxunto de España. Esta mellora das previsións susténtase en tres cuestións. En primeiro lugar... —e non só nestas tres cuestións, pero sobre todo—, na mellor evolución do consumo interno, tal e como reflecten todos e cada un dos principais indicadores de conxuntura; no bo comportamento tamén da demanda exterior, posto que as exportacións van camiño de acadar un novo récord histórico neste 2016; e no mellor e maior incremento do emprego, cunha previsión de crecemento para o ano 2016 do 1,9 %, 2 décimas superior ao previsto.

Señorías, o teito de gasto estimado en setembro estaba condicionado por dúas circunstancias. Por un lado, polo obxectivo de déficit público aprobado no último Consello de Política Fiscal e Financeira no mes de abril xa, fixado no 0,5 % do PIB, pero pendente de aprobación polo Consello de Ministros e polas Cortes daquela e que aínda non está totalmente aprobado. A diferenza é que agora xa está anunciado e mesmo ratificado polo propio presidente do Goberno.

Doutra banda, tiñamos polas entregas a conta correspondentes aos ingresos do sistema de financiamento que nos ten que confirmar o Goberno. Neste caso, a diferenza é que agora xa temos a certeza da liquidación definitiva correspondente ao ano 2015, que, como saben vostedes, se fará efectiva no exercicio 2017. O que fixemos en setembro, para avanzar ao máximo os traballos, foi transmitir aos nosos técnicos e economistas das diferentes consellerías encargados de elaborar os orzamentos este teito de gasto estimado para 2017, algo que —insisto— foi fundamental para estar celebrando este debate no Parlamento.

Daquela previmos un teito de gasto de 9.039 millóns de euros, o que supoñía un incremento de 235 millóns sobre o orzamento actualmente vixente, é dicir, un 2,7 % máis. Señorías, dous meses despois podemos concluír que os cálculos foron moi atinados, pois o teito de gasto non financeiro que aprobamos o pasado xoves no Consello da Xunta supón 9.063 millóns de euros, 24 millóns de euros máis superior ao que inicialmente tiñamos e co que traballabamos desde setembro. Polo tanto, en 2017 o Goberno galego terá unha capacidade de gasto case 260 millóns de euros superior á deste exercicio. Ademais, esta maior capacidade de gasto real medrará aínda máis tendo en conta que se volverá reducir o capítulo de gasto financeiro.

En 2017 esta diminución no pago de xuros da débeda estará preto dos 40 millóns de euros, como consecuencia do control que este executivo autonómico mantén sobre o endebedamento.

Dos 9.063 millóns que lles comentaba anteriormente, 8.748 son ingresos non financeiros, 298 proceden do cumprimento do obxectivo de déficit e 17 millóns son por axustes en termos de contabilidade nacional.

En canto aos ingresos non financeiros, a achega do sistema de financiamento supón practicamente o 80 % deses ingresos. Hai que ter en conta que realizamos estes cálculos dos ingresos a expensas da comunicación definitiva que figurará nos orzamentos xerais do Estado.

As magnitudes consideradas polo Goberno galego para este teito están en concordancia coa consolidación da mellora das variables macroeconómicas. Así, estimamos un aumento das entregas a conta do sistema de financiamento estimadas para 2017 un 1,1 % superiores ás fixadas no orzamento vixente, o que supón 74 millóns de euros máis. Esta estimación responde a unha evolución positiva no IRPF, que se recupera absorbendo os efectos da reforma tributaria e as rebaixas autonómicas, pero tamén medra un 1,9 %, en liña coa evolución da recadación, o que supón o IVE, 36,2 millóns de euros, favorecido pola xeración de emprego en 2016, que se consolida neste 2017. —Perdón, estaba falando do IRPF—.

No que respecta ao previsto na recadación de IVE, a recadación está subindo con forza, un 2,8 %, 54 millóns de euros máis, que reflicten, obviamente, a mellora do consumo interno na nosa comunidade autónoma.

En canto aos impostos especiais, rexistran unha evolución plana, mostrando un mellor comportamento, agás os impostos sobre o alcohol e a electricidade.

Respecto dos fondos do sistema de financiamento, tamén realizamos unha previsión en liña co pasado exercicio, estabilizándose os recursos, tanto do Fondo de Suficiencia como do Fondo de Garantía de Servizos Públicos, ao redor dos 1.780 millóns de euros.

A liquidación a incluír en 2017, correspondente, como lles dicía anteriormente, a pagos do sistema de financiamento xa liquidados de 2015, experimenta un aumento de 5 millóns de euros sobre a recollida nos vixentes orzamentos, froito obviamente dunha maior recadación estimada que a que hai un ano.

Pola súa banda, as transferencias finalistas doutras administracións —que, como lembran vostedes, proceden basicamente da Administración xeral do Estado e, sobre todo, dos fondos europeos— aumentan a súa participación en 5 décimas sobre os ingresos non financeiros, ata supoñer o 12,3 % dos mesmos.

En relación cos recursos propios non financeiros da Comunidade Autónoma, é dicir, tributos propios, taxas e prezos e ingresos patrimoniais, supoñen case o 10 % do total. A súa evolución maniféstase estable, en gran medida porque a evolución dos tributos cedidos, sobre todo de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, e o imposto de sucesións e doazóns así se está manifestando.

Así pois, en total, os ingresos non financeiros para o vindeiro ano suman 8.748 millóns de euros, aos que haberá que sumar os 298 millóns de euros, como resultado do 0,5 % de déficit, e engadir eses 17 millóns en termos de contabilidade nacional que lles comentaba. Con isto —repito—, o teito de gasto sitúase nos 9.063 millóns de euros, un 2,9 % superior ao orzamento deste ano.

Señorías, levamos xa tres anos en que afortunadamente a presentación deste teito de gasto se produce nun momento económico máis favorable que o anterior. Así, no momento de presentar o teito de gasto no ano 2015, xa recuperáramos taxas de crecemento positivas, aínda que un crecemento débil; hai un ano tiñamos un crecemento en taxa interanual por

riba do 2 % e, neste momento, xa estamos a medrar en taxa interanual a un ritmo superior ao 3 %. E o mercado de traballo tamén se está a recuperar cada vez con maior intensidade na nosa economía; no último ano, tendo en conta o paro rexistrado, en Galicia baixou o número de desempregados un 10,4 %, é dicir, 23.152 parados menos, descenso que supera a media do Estado.

En canto á EPA, Galicia ten hoxe 16.100 desempregados menos que hai un ano e 18.900 ocupados máis. En termos de afiliación, o número de cotizantes á Seguridade Social medrou máis de 20.000 no último ano, con incrementos interanuais ininterrompidos desde hai dous anos e medio.

Obxectivamente, temos cada ano máis crecemento e máis emprego, pero nin moito menos podemos estar satisfeitos. Insisto en que, a pesar desta boa evolución, o Goberno galego é plenamente consciente de que aínda queda moito traballo por facer, posto que segue habendo moita xente pasando dificultades e aínda hai demasiados galegos que queren e non poden traballar.

Tal e como viñemos facendo nos últimos anos, desde o Goberno galego garantimos o máximo esforzo para loitar con todos os instrumentos que temos á nosa disposición para reforzar a recuperación económica e chegar a todas as persoas que teñan necesidades.

A maior capacidade de gasto da Xunta irá, de maneira prioritaria, a quen máis o precisa. Igualmente, aproveitaremos esta maior marxe de recursos para que os empregados públicos recuperen o 100 % das súas pagas extras a partir do vindeiro ano. Fixeron un grande esforzo solidario durante os peores momentos da crise para permitir que parte do seu salario garantise os servizos públicos, e agora, que temos máis recursos, recuperarán o cen por cento do seu salario.

En canto ás previsións para o ano 2017, hai dous meses estimabamos que o PIB galego medrase un 2,3, incluíndo xa o previsible efecto negativo do *Brexit*. Era unha estimación moi prudente, e de feito acabamos de revisar á alza ata o 2,4, fundamentalmente por dúas razóns: o mellor comportamento da economía galega no último trimestre deste ano 2016 e as previsións tamén de mellora da economía española, unha evolución da súa demanda interna que ten un efecto positivo sobre o crecemento galego. Igual que dicíamos en setembro, non descartamos aínda mellorar máis este dato, de non confirmarse o efecto negativo do *Brexit*.

Señorías, o escenario macroeconómico que prevemos no teito de gasto baséase nun crecemento sostido da demanda interna e unha maior achega da demanda externa. Para o 2017 o consumo final dos fogares e institucións sen fins de lucro aumentará un 2,3 %, mentres que o gasto en consumo final das administracións públicas medrará un 2 %.

Pola súa banda, a formación bruta de capital intensificará o seu forte dinamismo cunha taxa de crecemento do 3,1 %, tres décimas máis que o estimado para este exercicio. Así, o investimento en bens de equipo manterá unha senda expansiva...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): ...favorecida polas condicións financeiras e necesidade das empresas de modernizar o seu *stock* de capital.

O mesmo sucede coa demanda externa, que estamos en 0,3 puntos por riba do que estimamos neste 2016, cun comportamento —xa lles digo— moi ben influenciado polas nosas exportacións, que se espera manter e incluso que aumente o seu diferencial para o próximo ano.

E respecto da taxa de paro, seguimos mantendo 15,6 % para o ano que vén, que será un 2,2 puntos inferior á media de España.

Seguiremos tamén, nesta lexislatura, como nas anteriores, completando a nosa axenda de consolidación fiscal e compatibilizando con políticas expansivas, froito dos nosos maiores ingresos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Xa vou rematando, señor presidente, un minutinho máis.

Por suposto, estamos a confirmar e incluso superar todas as estimacións que tiñamos no noso Plan estratéxico. O esforzo que fixemos durante tantos anos confírmase en que hoxe Galicia trae os seus resultados, seguimos sendo unha comunidade solvente e cunha estabilidade totalmente admirada no resto de España.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Probablemente a situación é mellor...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): ...queda moito por facer, pero imos polo camiño recto.

Moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Ata logo, señor Feijóo.

Hoxe, señor conselleiro, xa vimos a súa sesión de autobombo, está ben que teñan a autoestima en bo estado de saúde, o problema é que ese autobombo non serve para solucionar os problemas que seguen padecendo miles de persoas no noso país.

Dicía vostede agora ao final da súa intervención que hai moitos galegos que queren traballar; non sei se vostede pensa que hai galegos e galegas que están en paro porque non queren traballar; nós non compartimos esa opinión. En todo caso, vostede dicía que hai moitos galegos e galegas que queren traballar porque aínda non poden, e iso é certo, e a nós tamén nos preocupa.

Pero hai outra realidade que sempre se lle esquece cando falamos de emprego, de economía, da situación do país: é que tamén hoxe hai moitos galegos e galegas que traballan, que traballan durante moitas horas, e que non son capaces de chegar a fin de mes, e isto é unha situación moi grave polo que significa desde o punto de vista da desigualdade.

De feito, señor conselleiro, esta é unha cifra que medra, non descende, e a nós parécenos alarmante que esa Galiza que vostede di que admiran en todo o mundo e que case nos sitúan aquí na estratosfera do milagre económico pois é unha Galiza na que un de cada catro fogares ten que vivir con menos de 1.000 euros ao mes. Eu non sei se vostede é capaz de imaxinar e de pensar o que significa vivir varias persoas nunha casa con menos de 1.000 euros ao mes. O certo é que é unha precariedade espectacular para miles de persoas no noso país.

E o grave é que toda a filosofía económica dos seus orzamentos e este teito de gasto consolidan esta situación, e anuncio —xa sei que non lle vai sorprendere— que o BNG non vai apoiar o teito de gasto que hoxe traen vostedes a debate. E facémolo por coherencia con Galiza, por compromiso cos dereitos sociais e sobre todo porque é fundamental poder modificar unha política que non está sendo útil para que, efectivamente, as condicións de vida dos galegos e das galegas realmente melloren, e claramente o teito de gasto é o instrumento que vostedes inventaron para poder levar adiante unha política austericida, pero unha política que tamén cercea o propio autogoberno que deberíamos ter no noso país.

Vostede sabe que este teito de gasto e que estes orzamentos non debuxan nin anticipan eses orzamentos expansivos dos que nos falou o señor Feijóo, dos que tamén nos falou hoxe aquí vostede, e que máis ben estes orzamentos son un límite á hora de poder poñerlles freo aos recortes sociais e facer un cambio de modelo, porque claramente é necesario que en Galiza fagamos unha aposta estratéxica pola innovación, pola creación de emprego de calidade, por un novo modelo que aposte pola sustentabilidade e o coidado do noso medio ambiente e que claramente se poña fin aos recortes sociais.

Porque hai unha pregunta que non son capaces de responder. Non o fixo o presidente da Xunta —hoxe ausente neste importante debate— e non sei se vostede pois vai ser capaz de facelo. Explíquenos: se acabou a crise, ¿por que hai recortes? Si, si, non se ría. Se acabou a crise, tal e como vostedes nos din, ¿por que hai recortes? Vostedes xustificaron todos os recortes en política social para axustar o cinto no medio dunha crise. Explíquenos, señor conselleiro, por que pasa isto.

Miren, vostedes remiten un teito de gasto de 9.063 millóns de euros, que, en realidade, se o comparamos co teito de gasto que aprobou o Partido Popular aquí o ano pasado, significa un incremento da capacidade de gasto de 190 millóns de euros, se comparamos teito de gasto con teito de gasto —non o teito de gasto co orzamento que finalmente aprobaron vostedes,

porque están retorcendo a realidade—. Isto significa que o incremento é do 2,1 % en relación coa capacidade de gasto que aprobou este orzamento.

Vemos, polo tanto, como esa grande expansibilidade non é tal, e sabemos tamén —porque así o publicaron vostedes— que hai unha parte dese incremento que ten un destino co que nós estamos de acordo, que é que os traballadores e traballadoras da Administración pública recuperen a súa paga extra; fálase de que son 185 millóns de euros.

Polo tanto, esa capacidade expansiva, no momento en que nos din vostedes que vai haber moita maior capacidade de crecemento, realmente queda moi reducida a que —si— van ampliar a mellora, a capacidade dos traballadores e traballadoras da Administración pública, pero hai outras cuestións que teñen que ver coa sanidade, coa educación, coa innovación, coas políticas de cooidado do medio ambiente, cos recortes sociais, onde claramente vostedes non van poder actuar.

E mire, isto é moi grave para un país como Galiza, non só polo que significa en relación coa creación de emprego —despois tocaremos este tema—, senón por algo que para nós é moi importante, porque este orzamento significa consolidar os recortes en materia social. E fronte á propaganda na que nos dicían que non houbera recortes, que aquí blindáramos os servizos sociais, o certo é que durante estes oito anos esa non foi a realidade.

Mire, na Consellería de Educación vostedes desde 2009 recortaron máis de 1.152 millóns de euros para o gasto social. Na Consellería de Educación, hai un recorte desde o ano 2009 que está ao redor do 10 %, un 9,13 %, pero tivo resultados, porque non é que non pasara nada porque vostedes recortaran isto en educación. Temos 4.000 alumnos e alumnas que non poden estudar o ciclo formativo de formación profesional que desexan, 3.000 familias que non teñen praza na educación de 0 a 3 anos ou hai nas universidades do noso país —fíxese— menos de 5.000 universitarios no sistema público galego. Desde o punto de vista do que iso significa para unha sociedade, é un dato preocupante.

En sanidade tamén vostedes fixeron un recorte importante, ao redor do 7 % desde o ano 2009, e isto tamén trouxo consecuencias, porque hai listas de espera máis grandes, temos 1.800 profesionais menos no sistema sanitario público galego. Polo tanto, non pode vostede dicirnos que os seus recortes non tiveron un impacto no ámbito sanitario.

Ou temos tamén o sistema da dependencia. No ano 2015 segue habendo, señor conselleiro, case 24.000 persoas que están esperando por unha Lei da dependencia que teñen dereito a ela e que non están vendo absolutamente nada. Seguen sendo as mulleres as que cobren as carencias da falta de compromiso con políticas que, ademais, deberían de estar garantidas porque hai leis que as amparan.

Pero este marco e isto, polo tanto, volve poñernos sobre a mesa o disparate, desde un punto de vista social, do que significa este modelo, mais tamén o feito de que teñamos aquí este debate pon sobre a mesa outras cuestións que son relevantes.

Primeira, que temos un modelo de financiamento claramente insuficiente para atender as necesidades que ten o pobo galego, e realmente non é porque non paguemos máis impos-

tos, senón porque o Estado central distribúe eses impostos dunha maneira inxusta. Do mesmo xeito que para nós é inxusto como se distribúe a redución do déficit, porque vostede sabe que o Goberno central queda co 51,7 % de capacidade do déficit mentres que a nós simplemente se nos permite incorrer nun 17 % do total do déficit do conxunto do Estado. E isto é inxusto, porque, ademais, vostede sabe —seguramente moito mellor ca min— que o gasto social significa un 25 % do gasto total, e isto o que está supoñendo é que os recortes que se infrinxen se infrinxen en gasto social e se infrinxen dunha maneira inxusta para o noso país.

Na práctica, o que estamos vendo é como durante a crise non só se fixo un recorte do gasto social, senón que tamén se fixo un recorte da capacidade real do que significa o autogoberno. Nós sempre pensamos que o autogoberno galego era un autogoberno moi limitado, pero é que agora vostedes xa son única e exclusivamente xestores das decisións que adopta o Goberno de Montoro, e lamentablemente tivemos un goberno galego que sempre foi moi obediente a todo o que quería o Goberno central e non tivo capacidade para defender que tiña que haber unha distribución diferente sen poñer en cuestión este tipo de marco.

E unha última cuestión —porque o tempo vaise moi rápido— ten que ver co emprego. O relevante non son as taxas con carácter global, o relevante no noso país é que realmente se cree emprego neto. Sabe vostede que unha parte da redución das taxas de desemprego non ten que ver con que mellorara a situación, pois unha parte moi importante ten que ver coa emigración que se produce en Galiza e con moita xente que desaparece da taxa de poboación activa. Isto din nos informes, isto está recollido e é un tema moi serio e moi grave. Non creo que sexa un tema para tomarse como unha brincadeira.

Polo tanto, ¿vostede cre que coa estimación que fan en relación co crecemento se vai crear emprego neto no noso país? Porque esa é a clave para que a palabra do señor Núñez Feijóo non quede simplemente pois noutro anuncio frustrado que nos repite ano tras ano, lexislatura tras lexislatura, e o único que vemos que medra neste país é a pobreza, a desigualdade e a xente que ten que marchar por falta de oportunidades.

Polo tanto, o Bloque Nacionalista Galego vai votar en contra deste teito de gasto por coherencia, porque significa consolidar máis recortes e porque realmente temos un goberno que non ten intención de mover nada e que está nun inmovilismo e nun triunfalismo no que parece que o seu modelo é o da desigualdade, o da precariedade e o da emigración. Ese non é o modelo do BNG.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Señor conselleiro, eu quero abordar tres cuestións diferentes nestes dez minutos —que estou seguro que o presidente será xeneroso, igual que o foi con vostede— en relación coa proposta do teito de gasto e do propio informe económico-financeiro que o acompaña.

A primeira cuestión é unha cuestión conceptual. Efectivamente, o teito de gasto é unha figura orzamentaria, unha figura de control do gasto da Administración pública. A min gústame máis falar do chan de ingresos. Eu creo que é importante definir o que unha sociedade está disposta en termos políticos a recadar para saber o que está disposta e o que pode gastar para solucionar os problemas dos administrados. A min paréceme o elemento central, do que vostede falou moi parcialmente e do que o presidente Feijóo no seu debate de investidura. En fin, seguen dicindo que baixar impostos é posible neste contexto, de maneira xeral. Non me conta a historia de que baixar impostos era de esquerdas, xa o sei, xa mo repetiron aquí moitas veces, pero eu digo o que digo outras veces: baixar impostos significa recortes nalgunha parte. Porque do mantra neoliberal de que baixando impostos se reactiva a actividade económica, a creación de emprego e polo tanto aumenta a recadación, véñse contrastando empiricamente que é falso.

Polo tanto, esa é unha cuestión importante, e aí hai marxe para actuar. Si, ¡home!, hai estudos empíricos; claro, entre os estudos empíricos sempre hai algún contrafactual, sempre hai algún no que, efectivamente, non acontece así, pero o certo é que as baixadas de impostos teñen levado a sociedades máis empobrecidas e máis duais. Iso —eu, ata onde chego— pois é así.

E temos ámbitos: as rendas altas, patrimonio, sucesións —por suposto se pode modular en termos de progresividade, non estamos nunha discusión técnica sobre iso—, superficies comerciais, impostos medioambientais, un tema que introduciu o secretario xeral dun sindicato de clase o outro día, que é o imposto tecnolóxico. Onte mesmo unha voceira do Partido Popular falaba, falando do sistema financeiro, de que, efectivamente, ¿como se ían botar traballadores á calle se agora todos faciamos banca electrónica e había caixeiros? Entón, vamos ver: se o gasto de persoal diminúe, os ingresos e os beneficios das empresas están aumentando de maneira moi significativa e ao mellor pódese abrir a posibilidade de gravalo; non digo que haxa que facelo, non estou falando de quen é a competencia; estou dicindo que temos que pensar, como sociedade, se somos capaces de aumentar os ingresos públicos para blindar os servizos públicos. E, lamentablemente, vostede disto non nos falou moito.

A segunda cuestión, dentro desta primeira cuestión, outro tema. As finanzas públicas de Galicia foron dende o ano 2009 un enorme exercicio de publicidade e propaganda, con resultados cuantitativos que eu non discuto, ¡eh! —insisto—, pero un enorme exercicio de publicidade e propaganda para o señor Feijóo. A imaxe de bo xestor, publicitada e promocionada en Galicia, e especialmente nese eixo Ritz-Palace en Madrid, de desayuno en desayuno —afortunadamente está só a 200 metros, porque, se non, era ingobernable o traslado—, leva a que efectivamente esteamos fóra da necesidade de quedarnos á marxe do Fondo de Liquidez Autonómica. ¿Pero que acontece? Que, ao final, vendo as situacións dramáticas en termos financeiros de moitas comunidades autónomas, pois o Fondo de Liquidez Autonómica ampliouse sen data, a condicionalidade non foi exercida, financiou todo o gasto no que incorrían as comunidades autónomas, incluso o déficit non autorizado, e fíxoo a custo cero.

Por certo, unha boa parte das rebaixas nos custos financeiros é da Xunta de Galicia, unha parte da magnífica xestión da súa consellería, estou seguro, e outra parte é o grifo do Banco Central Europeo, practicamente ilimitado, a tipo cero. Imos poñernos algunha medalla a quen nos corresponde, ¿non? Vale. Pois debateremos disto, señor conselleiro. Lamento que non teña vostede turno de réplica, seguro que o señor Puy asume o papel gustosamente.

A min gustaríame saber —e lévoo preguntando algún tempo— canto nos custa estar fóra do FLA. E non me fale de que, en termos de independencia, nos dá un estatus de non sei moi ben que. ¿Canto nos custa en termos económicos?

E logo, señor conselleiro, ¿vostede cre que se pode vir aquí falar do teito de gasto dunha comunidade autónoma, dun país da Unión Europea, para o ano 2017, e dedicarlle tres décimas de segundo a falar do que está acontecendo en Estados Unidos, do *Brexit*, do que son as incertezas do sistema financeiro alemán, do que é o sistema económico europeo neste momento? Se vostede cre que é posible facelo así, pois ao mellor, en fin, ten razón. Eu creo honradamente que non.

Outra cuestión tamén. Gustaríame saber que valoración política fai vostede deses 5.500 millóns de euros que o Goberno de España vai ter que axustar por imposición de Bruxelas. Gustaríame saber que valoración política fai vostede da absoluta desaparición do Estado español e das comunidades autónomas españolas, do plan de reactivación económica coñecido como Plan Juncker, agora si que xa está o listado colgado na páxina web da Unión Europea. E, desde logo, en fin, eu creo que faltan moitas cousas.

Vostede dixo este mesmo domingo: «*Hay margen para seguir bajando los impuestos, pero con prudencia*». Eu quero saber, señor conselleiro, cando fala vostede de baixar impostos, ¿que gastos está disposto ou que gastos quere recortar? Claro, claro, claro, eu quero saber que gastos quere recortar. Este sería o primeiro bloque.

O segundo, en relación co informe económico-financeiro que vostede presentou ao grupo da oposición. Falaba a voceira do Bloque Nacionalista Galego: «é necesario pelexar politicamente por incrementar o déficit máximo das comunidades autónomas». Vostedes non o fixeron nunca; non o fixo vostede, non o fixo a súa antecesora, nin a antecesora; ningunha. É dicir, o dato que daba Madrid era como unha especie de imperativo categórico kantiano, e aí nese cinto de ferro nos moviamos, caera quen caera, caera quen caera, señor conselleiro. E aquí estamos para falar de política, e eu quero saber se vostede acepta disciplinadamente unha repartición do déficit manifestamente inxusta entre os tres estamentos administrativos deste país, porque pasan por aquí, parece que ese tema non vai con vostede. Para o ano 2017 é o 0,5 %, era o 0,3 %, vai aumentando, porque a realidade se impón, porque é imposible prestar uns servizos públicos cunha mínima calidade con esas restricións.

Logo, no escenario macroeconómico, a min non me coincide moi ben o que son os números de distintas variables do PIB co que é o PIB mesmo. Consumo final das administracións públicas, baixa dun 2,7 % a un 0,7 %, unha baixada importante, si, si, no conxunto de España. E logo vostede considera que iso non ten nada que ver co que pasa en España, nada; ¿verdade?, estamos nun ecosistema illado, nunha burbulla na que non ten nada que ver. Por

certo, en Galicia no 2016, efectivamente, aumentaron o consumo as administracións públicas un 3,7 %. ¿Sabe por que? ¿Tería algo que ver coas eleccións autonómicas deste ano? Non, ¿verdade? Non ten nada que ver co ciclo electoral.

Formación bruta de capital en Galicia, 2,4, a máis baixa da serie presentada —insisto— neste informe. Dentro disto falaba vostede..., si, señor conselleiro, ¡joia!, eu comprendo que poña cara de estrañeza, pero, excepto que nos dera vostede uns datos trucados —o cal pode ser—, pois, efectivamente, é así: 2,4, a máis baixa da serie, páxina 23, por se ten algunha dúbida. Industria manufactureira, a máis baixa da serie, na páxina seguinte creo, exactamente na 25.

¿De que fala cando fala do dinamismo industrial e do crecemento do sector de servizos? ¿De verdade que fala de datos de crecemento cunha mínima capacidade de xerar riqueza? Logo os datos, lamentablemente, son os que son.

Dixo unha cousa —iso si— que lle emendou a plana ao señor presidente da Xunta de Galicia, aí ten razón vostede. Cos últimos datos oficiais que hai, Galicia non medra máis que España. Os últimos datos oficiais interanuais son do segundo trimestre do ano 2016: 2015, España, 3,4 %; Galicia, 3 %. E —que eu saiba— 3,4 é máis ca 3. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Espero a mañá, exactamente, pero eu non teño os datos de mañá, que non son conselleiro de Facenda. En todo caso, o señor presidente díxoo hai quince días, e, por respecto mínimo, estaría ben traballar con datos publicados, non filtrados interesadamente. Eu non sei o que vai pasar mañá; hoxe, España 3,4; Galicia, 3.

Logo, no tema dos ingresos fiscais, aquí tamén. Os recursos propios non financeiros baixan só 13 millóns de euros. Isto pode ser dúas cousas: ou ben esa promesa de baixada de impostos... ¡Home!, señor conselleiro, páxinas 37 e 38, non abanee a cabeza, é que dá a sensación de que o estou inventando, pero é a razón pola que volví ao escano buscar o informe, porque, como xa coñezo a estratexia, pero —insisto—, salvo que haxa dúas versións, está aquí. Trece millóns de euros de diminución. Significa que ou nalgúns impostos a recadación vai aumentar dunha maneira que a evolución do PIB non explica, ou eu non o entendo, ou ben todo iso que nos contou o presidente de rebaixas fiscais pois é lixeiramente, en fin —digamos—, discursivo.

E logo, ¿que significa isto, señor conselleiro? E imos ao último bloque, que xa sei que estou fóra de tempo.

Dicía Bernard Henry-Lévy que a política é a arte de reparar, e hai moito que reparar, señor conselleiro. Voulle dicir só unha cousa que hai que reparar neste país. Os datos dos fogares sen ingresos, interanuais, da última EPA, terceiro trimestre do 2016, en relación co terceiro trimestre do 2015: un incremento do 17 %. Repito, porque eu sei que é duro escoitalo: fogares sen ningún tipo de ingreso —non falo de todos os membros en paro, etc., etc.—, fogares sen ningún tipo de ingreso, é dicir, os que viven directamente da caridade, ou das familias ou dos apoios familiares..., en fin, deses. Un crecemento do 17 %, e, como me mira con cara de..., doulle os datos.

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: De 29.700 no terceiro trimestre do 2015 a 34.800 no terceiro trimestre do 2016, un incremento do 17 %.

Señor conselleiro, a política é a arte de reparar, e o único que reparan estes teitos de gasto e estas leccións de contabilidade pública é a imaxe do señor Feijóo como xestor.

O Grupo Socialista vai votar en contra. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Losada.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas, señor presidente.

Nós centraremos o debate, efectivamente, no teito de gasto e non no conxunto do dato orzamentario, para o cal xa haberá tempo.

Parécenos, en primeiro lugar, como consideracións preliminares, que, efectivamente, o discurso co que se vén hoxe aquí non está completamente actualizado. Temos aí as previsións de Montoro de onte, das que non se comenta nada desde o Goberno, esa redución de teito de gasto a nivel do Estado de 5.000 millóns de euros como nos pode afectar. Óbviase tamén a conxuntura internacional, a vitoria de Trump ou o *Brexit*, a incerteza no ámbito da Unión Europea. Segue sen saberse, polo tanto, esa referencia completa de gasto, unha serie de incertezas, unha serie de cuestións de actualidade, que quen vén presentar as contas e as propostas de teito de gasto para facer esas contas debería ter en conta. Polo tanto, non facéndoa, entendemos que non deixa de ser un pouco papel mollado xa desde o primeiro momento esta proposta de teito de gasto.

En todo caso, nós entendemos que aquí existe un fracaso, constatado unha vez máis, un ano máis, da austeridade compulsiva, que nos levou a máis débeda, menos crecemento e máis destrución de emprego.

A lei é do 2011, xa ten seis anos de vixencia, e polo tanto camiñamos case cara ao sétimo ano de elaboración de orzamentos baixo a súa vixencia. Entón, cómpre recordar cales eran os obxectivos desta lei e ver se se cumpriron, para a partir de aí ver se temos un bo camiño feito ou mal camiño feito.

O artigo 17 desta lei di que unha das funcións concretas é que a débeda pública autonómica manterá un nivel prudente de evolución, un nivel prudente e unha evolución estable. Si, si, iso é o que di o artigo 17: nivel prudente e evolución estable.

Pois ben, desde a vixencia desta lei, temos un incremento desa débeda do 73 %; o 73 %, ao que ademais deberíamos sumar a débeda oculta, que non se atopa computada aquí, que non conta pero consta, que é a da colaboración público-privada tanto no hospital Álvaro Cunqueiro como na construción de autovías e vías rápidas, que supoñen tamén un endebedamento encuberto, algo que temos que aturar.

Polo tanto, este primeiro balance descualifica en si mesmo a disciplina orzamentaria pretendida polo Goberno na aplicación desta lei nos últimos seis anos. Polo tanto, malia os recortes no gasto, malia denegar medicamentos, malia quitar libros de texto, malia denegar dependencia a quen a necesita, malia causar dor social, non se teñen conseguido os obxectivos marcados pola lei. Polo tanto, é unha lei fracasada, e vostedes, uns fracasados aplicadores dun dogma neoliberal.

¿Para que tanta dor? ¿Para recortar e volver un ano máis presentar unhas contas que despois non cadran? Duros recortes, que, dada a distribución competencial, ademais, se concentraron nas prestacións sociais, nos servizos públicos esenciais e nas políticas sectoriais que vostedes non realizan.

Ademais, isto tivo outro efecto negativo, que é a diminución da economía. Temos menos crecemento. O retroceso do PIB no quinquenio 2012-2015 para Galicia foi dun 3,1 %, mentres que para a media do Estado foi un 0,8 %. Perdemos en termos reais 1.800 millóns de euros como consecuencia desa aplicación —estrita, iso si— da súa disciplina orzamentaria. Unha redución ademais do PIB por habitante que nos fai, comparativamente co resto do Estado, máis pobres.

E, ademais, trouxo outra consecuencia evidente, que foi a destrución de emprego, a existencia de menos emprego no noso país. Cos datos da EPA, do 2010 a 2016 a evolución de emprego supuxo un descenso do emprego para Galicia do 5,8 % e para o conxunto do Estado do 1,6 %. Polo tanto, a destrución do emprego triplicou en Galicia a do conxunto do Estado. Algo terán que ver as súas políticas de disciplina orzamentaria, ¿non cren?

Ademais, se facemos unha análise comparada do impacto do gasto público no crecemento económico, serviranos tamén para cuantificar o seu propio fracaso. En 2014, por exemplo, en Galicia o gasto público diminuíu un 1,2 % e o PIB aumentou un 0,4 %; na media do Estado o gasto público diminuíu un 0,3 e aumentou o 1,4. Polo tanto, a máis incremento do gasto público un maior incremento da economía.

Pero é que vostedes non practican a economía, practican unicamente ideoloxía, unha ideoloxía máis ben baseada nos prexuízos ideolóxicos, en dogmas neoliberais, non soamente non demostrados, senón que, con estes datos, estamos demostrando que son absolutamente fracasados en relación con cales eran os obxectivos que nominalmente dicían servir. Esa austeridade expansiva que levaba a unha contracción do gasto e que esta contracción do gasto podía estimular a economía demostrouse falsa.

E, ademais, vostedes soamente interveñen da forma máis neoconservadora, da forma máis reaccionaria, que é a de limitar o gasto sen establecer tampouco unha forma posible alternativa ou complementaria, polo menos, que sería a de incrementar ingresos e establecer un solo mínimo de ingresos, un solo de ingresos que poderían vir, por exemplo, dunha maior implicación na loita contra a fraude —e, polo tanto, conseguir tamén por aí unha maior recadación— e tamén impostos ás rendas do capital, impostos ás grandes fortunas, impostos á xente que máis ten. Porque aquí o que é igualador social, o que xera igualdade de oportunidades, non é a redución de impostos ou a supresión de impostos para todo o mundo, senón a capacidade, a xeración de riqueza e a recadación en función da capacidade económica.

Recordáballes onte un compañeiro meu, Antón Sánchez, un principio de capacidade tributaria, artigo 31 da Constitución; é un sistema inxusto e ademais ineficiente. Non están practicando economía, están practicando ideoloxía, e dálles igual cal é o resultado da aplicación económica. Porque o que levaron a cabo foi única e exclusivamente a liquidación dun modelo social, coa escusa do axuste económico.

Temos un tridente diabólico contra os pobos e a favor do gran capital, conformado polo establecemento dos límites ao déficit público, as reformas do artigo 135 da Constitución e tamén por esa terceira pata do teito de gasto. Levamos sete anos con isto, e, polo tanto, xa non é un debate teórico, é un debate práctico, sabemos cales son os resultados, e sabemos que estes resultados só serviron para prolongar a recesión ata facela a máis longa da nosa historia. Tiveron simplemente, iso si, o grande éxito de dismantelar os servizos públicos e provocar unha inmensa fractura social.

Non é economía, é ideoloxía. Non hai un problema de gasto, hai un problema de ingreso. Non hai un problema de sobredimensión do Estado social, hai un Estado de benestar mal financiado. Iso é o que hai. Non temos un problema de que gastemos moito, é un problema de que non ingresamos onde temos que ingresar. Podíamos loitar contra a fraude, podíamos poñer impostos ás rendas do capital, ás grandes fortunas, pero vostedes prefiren que non.

Esta é a lóxica da Lei 2/2011, unha lei procíclica na recesión e anticíclica no crecemento; é dicir, cando a economía se contrae, vostedes contraen tamén o gasto, pero cando se expande contraen tamén o gasto. De tal maneira que nos encontramos agora, que recuperamos os niveis de riqueza do ano 2009 e, sen embargo, temos un 25 % menos de gasto social. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Un gasto sostido, si, si, dun terzo de media. E nalgúns casos, como, por exemplo, a política de vivenda, aplicaron unha redución do 87 %, que é abondo, tendo en conta o índice de desafiuzamentos que segue habendo a día de hoxe no noso país.

A redución, ademais, con todo isto, do peso do gasto público, do peso na riqueza nacional é evidente. En 2008, o 20 % do PIB; en 2016, o 14 e medio; en 2017, coas súas previsións, o 14 %. Iso é o único que lles preocupa: a redución do peso do público no conxunto da economía. Actúan por ideoloxía, non por economía.

Nós dicimos «non» ao teito de gasto e temos unha proposta alternativa. Dicimos «non» ao teito de gasto, non a ese teito de gasto que vostedes propoñen, constatamos o fracaso dunha lei, e, ademais, cunha cuestión adicional. Veñen anunciando aquí un incremento de 259 millóns de euros, ocultando, ademais, que se destina a pagar maioritariamente o déficit; non repercute nin nos dereitos nin nos servizos nin na economía produtiva. Hai unha necesidade maior de financiar o endebedamento e, entón, iso é ao que vostedes dedican unha maior parte dese pírrico teito de gasto.

Ademais, prodúcese unha cuestión que non deixa de chamar a atención —por non dicir que non deixa de resultar ofensiva a calquera que se achega a este debate—, que é que no ano 2016 vostedes, cunha previsión de PIB nominal determinada, incrementaron o teito en 438 millóns de euros, equivalente a un 5,2 % en relación co 2015, e agora en 2017, cunha previsión dun incremento maior do PIB nominal, resulta que soamente o incrementan o 2,9 %, isto é,

259 millóns —virá aquí explicalo, se quere—. O artigo 12 da Lei 2/2001 establece que se pode incrementar ata o máximo a taxa de valoración do PIB nominal. Se temos o artigo 28 do informe en conta, temos que a taxa de valoración nominal do PIB de 2017 é superior ao 2016. Sen embargo, o teito de gasto en 2016 foi practicamente o dobre do que vai ser este ano. ¿Como se explica iso? A ver, explícase dunha forma ben clara, explícase de forma electoral. A campaña electoral deste ano 2016 fixo que para este ano se incrementase o gasto, incrementándoo por riba do que era a súa política de aplicación desta norma, e aquí non pasou nada. Porque o propio Montoro, coas súas tesoiras prestas, non lles chamou tampouco a atención nin lles tirou das orellas, puideron facelo, puideron facelo porque era ano electoral.

Ben, aquí temos que recoñecer, desde logo, que esta estratexia de rachar coa regra que limitaba o teito de gasto e incrementalo un 5,2 % tivo éxito; o éxito electoral está á vista, ¿verdade? Pero tamén outro éxito, porque o 3,7 % en taxa interanual na que está crecendo o gasto público é unha das razóns que explican que o PIB en Galicia medre en taxas similares ás do resto do Estado. Polo tanto, vostedes demostraron a propia falacia da austeridade expansiva, porque o seu incremento do gasto por razóns electorais converteuse nun dos factores de crecemento do PIB.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: Pois ben, non crerán... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —si, dous minutos— ...o que lles diremos, pero ímoslles facer unha recomendación: recomendámoslles que perseveren nesa política expansiva. O que fixeron no ano 2016, pensando nas eleccións, fágano en 2017 pensando na cidadanía, ¡fágano! ¡Atrévase a desafiar o Goberno central! ¡Atrévase a defender un crecemento de gasto social e na economía produtiva que sexa bo para o conxunto do país!

O Goberno —vostedes— empezou a lexislatura con chamamentos para lograr acordos polo ben do país. Pois ben, nós ofrecémoslles un primeiro acordo, un acordo de gran transcendencia: incrementar o teito de gasto para 2017 en 750 millóns de euros. En Marea ofrécelles un grande acordo: incrementar o teito de gasto en 750 millóns de euros. Cheguemos a ese acordo e votaremos que si. Este acordo é posible e ademais é necesario, é posible. Se collemos as previsións, se no 2016 o teito de gasto medrou en 438 millóns de euros, en 2017, cunha previsión de valoración do PIB nominal do 3,6, ¿por que non pode incrementarse ata 750?

É suficiente —e vóullelo poñer fácil— con empregar a argumentación e metodoloxías desenvoltas nas páxinas 126 e 127 do Informe económico e financeiro do exercicio de 2016...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...para defendelo; máis fácil imposible. Incrementen o teito de gasto en 750 millóns de euros para garantir dereitos sociais e estimular a economía e terán o noso apoio.

Pero isto non é posible. Ademais, é necesario. É necesario para financiar unha serie de programas e propostas de urxencia que sirvan para combater as necesidades sociais. Ofrecémoslles este

pacto para poder levar a cabo unha renda social, ofrecémoslles este pacto para poder loitar contra a pobreza enerxética e ofrecémoslles este pacto para poder loitar contra os desafiuzamentos, para poder facer unha nova política de emprego, para que a xente nova volva e tamén para...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Si, vou rematando, si.

O señor PRESIDENTE: Non, remate xa, por favor. Mire o tempo.

O señor VILLARES NAVEIRA: Remato xa.

Queremos, ademais, que modifiquen a estratexia de gasto no medio prazo. É inaceptable, con este ritmo, a recuperación de gasto, non nos chegarían dez anos para a recuperación do gasto. E sabemos que non é un problema de xeración de riqueza; estamos nos niveis de riqueza de 2009 e temos un gasto inferior nun 25 %.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Moitas grazas, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Se nos aceptan o pacto, votaremos «si», e se non, votaremos «non».

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Eu quero comezar por felicitar o conselleiro de Facenda: en tres días, desde o seu nomeamento e confirmación como conselleiro de Facenda, trouxo a esta Cámara un teito de gasto. E faino, ademais, cun obxectivo evidente, que é que non se paralice a economía galega. E sabemos, pola experiencia de España, o que supuxo ter un goberno en funcións durante máis dun ano, a paralización de proxectos de investimentos e a consecuente actuación das empresas que se axustaban a esa incerteza pois reducindo actividade, investimentos e, polo tanto, emprego. Estas son algunhas das vantaxes, certamente, da estabilidade política e neste caso tamén da continuidade á fronte da Consellería da mesma persoa, que, en todo caso, xa deixara os deberes feitos cunha previsión de teito de gasto mesmo antes das eleccións.

Ben, estamos discutindo o teito de gasto, que, efectivamente, é un debate previo ao debate dos orzamentos, no debate dos orzamentos veremos en que gastamos, e agora do que esta-

mos falando é de canto é o tope do que gastamos para o ano que vén. Isto ten que ver coa previsión de ingresos. Neste caso hai unha previsión de ingresos que o que fai é prever as entregas a conta do Estado así como as liquidacións positivas do exercicio 2015, evidentemente, tendo en conta a previsión da recadación dos tributos propios ou xestionados pola Xunta, e tamén ten en conta unha previsión do déficit do 0,5 %, que precisamente, pese a que estamos nunha etapa de crecemento económico que confirma dalgún xeito que hai que afianzar a saída da crise, e, polo tanto, corresponde, aínda que é unha política anticíclica ao longo do ciclo incluso cando o propio ciclo do PIB está a dar crecemento. E, polo tanto, nós entendemos que estamos a cumprir unha importante función, ao mesmo tempo que se limita o endebedamento.

Eu co tema do endebedamento estou encantado con que vostedes sigan falando de endebedamento. Din que a lei galega non cumpriu os seus efectos porque o endebedamento non foi prudente. Bueno, primeiro, desde a lóxica keynesiana —como sabemos— hai que endebedarse cando hai crise económica; houbo crise económica e nós endebedámonos. De feito, a crítica que tivemos da esquerda —fundamentalmente da esquerda rupturista— era que nos endebedabamos pouco, e todos os anos pedíannos máis endebedamento; e agora resulta que estamos moi endebedados. A realidade —os datos, non a literatura— é que Galicia se endebedou entre o ano 2009 e o 2015 unha media anual do 18,9 %; a media das comunidades autónomas, o 30,4 %; e algunhas chegaron ao 51 %, 44 % e 33 % no caso de Asturias.

Polo tanto, efectivamente, a lei cumpriu —porque nós cumprimos a lei, cousa que non fixeron outras comunidades autónomas— o endebedamento razoable. De feito, collan vostedes a variable que collan: débeda PIB, Galicia está 5,3 puntos por baixo; se queren coller a ratio por persoa, a ratio por... polo que queiran, sexa o dato que sexa, temos reducido en relación co resto de España a media do endebedamento. Cousa que, por certo, non era así cando chegamos ao Goberno; chegamos ao Goberno despois dun ciclo expansivo moi forte e Galicia estaba por riba da media de endebedamento das comunidades autónomas.

Dinse moitas inexactitudes, e aquí os datos a verdade é que desmenten a literatura. Díxose, por exemplo, que a economía non vai ben e que a propia lei fracasou porque o PIB en Galicia evolucionou peor que en España. Eu quero recordar que no ano 2007 o produto interior bruto en paridades de poder de compra de Galicia era do 78,4 % sobre a media 100, Unión Europea 15; o de España era o 91,4. No ano 2015 é 73,4 en Galicia, 83,7 en España. Iso quere dicir que con respecto ao ano 2007 en Galicia diminuíu o 5 % —esa é a crise específica que tivemos en España— en relación coa media comunitaria a paridade en poder de compra, o PIB en paridade de poder de compra. Sen embargo, en España diminuíu o 7,7; no ano 2008 con respecto ao ano 2008 caeu o 6,2; en España, o 7,3. Polo tanto, non é verdade tampouco que en termos de PIB per cápita en Galicia, como consecuencia de supostas políticas de austeridade, o PIB medrara menos por habitante en paridades de poder de compra —que é como se mide— en relación coa media de España.

Din que falamos de ideoloxía. Eu quero dar un dato, porque novamente os datos desmenten a literatura. Aquí falan de que somos neoliberais. Eu vou dicir: dato de gasto efectivo, orzamento da Xunta executado, último coñecido ano 2015: 16,61 % do produto interior bruto de Galicia. Dato do ano 2008, pechado, último da esquerda gobernando en Galicia: 16,61 %.

Ben, ¿que conclusión podemos sacar disto? Bueno, evidentemente, que, se nós somos neoliberais, o Bloque e o PSOE son enormemente neoliberais tamén. Ou ao mellor o máis probable é que non somos neoliberais, afortunadamente, porque eu non son neoliberal e o Partido Popular é un partido reformista e liberal e non é neoliberal. E por iso precisamente (*Aplausos.*) estamos a reconstruír o Estado de benestar que a crise levou por diante.

Evidentemente, cando falamos de crecer o gasto público este ano en 300 millóns —agora irei sobre isto—, estamos falando de crecemento sobre o ano anterior, que o que dá, efectivamente, 750 millóns de euros. Hai unha diferenza entre estes 750 millóns de euros que veñen no teito de gasto, e nos orzamentos vaise ver de onde saen.

Pactar vostede e mais eu aquí que subimos 750 millóns de euros do gasto sen dicir nada de onde saen, pois, home, está ben. Podemos pactar 2.000, pois xa postos é mellor facer aínda máis cousas, ou 3.000. Un pouco de seriedade con estes pactos que se ofertan, porque, realmente, vir aquí dicir que hai que gastar 750 millóns de euros máis é un cachondeo.

Ben, a repartición de déficit foi criticada. Este ano as comunidades autónomas soportan unha redución do déficit menor que a da Administración central do Estado. É evidente que nós este ano imos ter unha capacidade de gasto, de acordo co teito de gasto, de 259 millóns de euros, aos que hai que engadir os 40 ou 50 millóns de euros de aforro nos xuros da débeda. Iso dános, aproximadamente, polo tanto, unha suba de 300 millóns de euros. Isto implica que a Xunta vai gastar na sociedade, na economía, nos servizos sociais... exactamente unha porcentaxe que é do 3,4 %.

Bueno, eu vou louvar... —para que o señor Losada permaneza atento—, vou louvar a xestión financeira no Concello de Vigo. Empezou ben, herdou unhas boas finanzas públicas en Vigo do Goberno de Corina Porro, o último do Partido Popular, e o Partido Socialista fixo unha boa xestión económica. O Concello de Vigo é un concello ben xestionado dende o punto de vista da estabilidade financeira.

Bueno, onte presentaron os orzamentos e o concelleiro responsable da materia dixo que o crecemento que había en Vigo era do 3,1 % do gasto, que Vigo ía como un fórmula 1. Ben, eu non vou dicir que Galicia vai máis rápido que un fórmula 1, ou como fórmula 1 mellor que o que leva Fernando Alonso en Vigo; non vou dicir iso, evidentemente. Pero é evidente que, se o gasto público crece un 3,4 % e nun concello se di que iso é que Vigo vai como un fórmula 1, pois nós imos ser máis prudentes, nós imos como un monovolume. ¿Por que? Porque, se vén unha duna do *Brexit*, etcétera, queremos ter tracción nas catro rodas para superalo, como fixemos no pasado.

Quero con isto dicir que son uns orzamentos expansivos, que nós consideramos que son bos para Galicia e que, polo tanto, os imos apoiar. Ademais, imos apoiar algunhas das decisións que se están avanzando en relación con esta expansión do gasto de arredor duns 300 millóns de euros.

En primeiro lugar, restituír os salarios públicos. Díxose aquí que os salarios están caendo. Certamente, están caendo os salarios; é unha consecuencia da crise e tamén unha conse-

cuencia das causas que nos trouxeron a crise con salarios que crecían moi por riba do que crecían na media da OCDE, por exemplo. Pero o feito é que no sector público hai que dar exemplo, e, polo tanto, a restitución dos salarios públicos á situación previa á crise parécenos un síntoma de exemplaridade. Primeiro, de cumprimento do compromiso por parte deste Goberno, pero, en segundo lugar, de exemplaridade cara a toda a sociedade civil.

Con estes cartos adicionais imos continuar afianzando unha economía produtiva saneada —como se dixo na investidura— e apoiando o emprego, e particularmente o emprego de calidade —como se fixo e se anunciou coa tarifa dos autónomos—, e contribuíndo á mellora da sociedade, do gasto social.

Aquí criticouse o gasto social. Nós pasamos de atender 14.000 dependentes a atender 50.000. O gasto en dependencia pasou de 126 millóns de euros no último orzamento da esquerda a 324 no último Goberno do Partido Popular; a Risga pasou de 66 millóns de euros a 97 millóns de euros e, loxicamente, con estes ingresos adicionais imos continuar apoiando o gasto social, mantendo as taxas universitarias máis baixas de toda España, mantendo a mellor ratio profesor/alumno de toda España, e con iso continuaremos desmentindo con feitos o que vostedes din, como brinde ao sol, de que aquí se está todo a degradar. En todo caso, verémonos nos orzamentos. Veremos de onde saen os 750 millóns de euros que o señor Villares atopa con moita facilidade e nos oferta como pacto, e veremos se ao final se pode chegar a algún acordo nesa materia.

Nós estamos contentos e felicitamos o Consello polo teito de gasto que nos trae; reflicte a evolución da situación económica. Non é a ideal pero, certamente, é mellor da que era hai uns anos. E ademais, con este tipo do incremento do gasto, sen perder a perspectiva, poderemos afrontar mellor os retos do país, os de verdade: a globalización, as exportacións nun mercado máis globalificado, os efectos da tecnificación no sistema produtivo, que substitúe o traballo manual e, polo tanto, orientar a formación cara ao novo mundo das tecnoloxías en todos os ámbitos, desde a automoción á banca, e consolidar un estado do benestar sostible.

Ao sector público correspóndelle axudar e contribuír a sentar as bases para que iso sexa posible, e nós entendemos que este teito de gasto é un primeiro paso axeitado nese propósito.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Rematado o debate, procedemos á votación do límite máximo de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

Votamos.

Votación do límite máximo de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 33.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o límite máximo de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

O señor PRESIDENTE: Continuamos coa orde do día.

Pasamos ao punto terceiro da orde do día, que se corresponde co de interpelacións.

Interpelación de D. Antón Sánchez García e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa exclusión social e a pobreza

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Bos días de novo.

Quixemos facer da nosa primeira sesión plenaria, como grupo de En Marea, unha presentación pública en sede parlamentaria de cales eran as nosas prioridades a nivel de estratexia política, a nivel de estratexia parlamentaria, do que nos parecían as prioridades na defensa dun proxecto nacional para Galicia baseado na democracia e na xustiza social.

Concretamente, no ámbito da xustiza social, entendiamos que había varias vertentes que debían contemplarse xa desde o primeiro momento, tanto a vertente da economía como a vertente do emprego, a vertente da educación, os servizos sociais... e, desde logo, todo o que xace por debaixo de todo isto, que é a preocupación pola xente do común, a preocupación polas maiorías sociais, moitas delas que levan pasado malos ratos, malos momentos, malos anos durante unha crise que non provocaron e aos que, polo tanto, é necesario prestar unha especial atención a nivel parlamentario. Por iso quixemos que hoxe En Marea lle dese, dentro da súa primeira interpelación ao Goberno, o protagonismo á xente que peor o pasou e que peor o está pasando durante unha crise que vostedes dan por morta, que dan por rematada con fastos no Obradoiro, pero que moita xente segue percibindo. Porque a recesión podería pasar pero a crise social, a crise económica e a crise na que se encontra moita xente, aínda non pasou.

Non pasou, e temos moitos datos que fan referencia a isto, algún deles presentados en sedes oficiais. Lembramos que, aínda hai menos dun mes, na Valedoría do Pobo, presentouse o informe en relación coa pobreza do ano 2015/16 e alí atopamos datos que eran verdadeiramente estremecedores e que, desde logo, dan conta dunha realidade absolutamente distinta, absolutamente diversa da que se nos pretende vender desde esta palestra por parte do Partido Popular. Uns datos aos que nós nos acollemos para vir traer agora aquí a preocupación e preguntarlle ao Goberno por el en relación coa pobreza.

O enunciado principal é que «un de cada catro galegos e galegas está en risco de pobreza ou exclusión social», segundo datos correspondentes ao ano 2015. E non son datos de En

Marea, son datos das organizacións que traballan na loita contra a pobreza, e ademais coa preocupación adicional de que estamos nun momento de subida á alza deste indicador.

En Galicia, segundo este informe, *O estado da pobreza en Galicia de 2016* —que coñecerán e que foi presentado nas institucións públicas, e que queremos facer noso para non traer datos propios senón datos de quen está traballando explicitamente nisto—, os resultados son alarmantes: 702.000 persoas, o 25 % da poboación de Galicia, malvivía no ano 2015 ou ben en pobreza ou ben en risco de exclusión social, que son categorías diferentes pero que ambas as dúas deben ser atendidas dunha forma especial por parte dos poderes públicos. Isto constitúe, nada máis e nada menos, que 106.000 persoas máis que no ano anterior. Unha preocupación especial, sobre todo, cando temos, desde o ámbito do público, quen está xestionando o ámbito do público —o Partido Popular, coa súa renovada maioría absoluta— pretendéndonos facer crer que si que saímos da crise, con 106.000 persoas máis en risco de exclusión social ou de pobreza que no ano anterior.

Pero é que, ademais, empeoran os que peor o están pasando. Non se trata xa de que sexan meros indicadores de evolución, senón que a xente á que máis golpeou a crise, porque era xente que estaba máis desprotexida, é agora a que máis está sufrindo esas consecuencias. E estanas sufrindo porque os recortes en gastos sociais, os recortes en dereitos sociais, afectaron directamente a quen dependía da solidariedade pública, deses dereitos sociais, para poder saír adiante; por iso os indicadores agora ofrecen unha evolución negativa e fan que os que peor o estaban pasando agora sexan as persoas que máis se están resentindo: as persoas en pobreza severa, en pobreza material severa, acadan xa o 4 % da poboación galega, o 4,8 %, 132.000 homes e mulleres; no 2014 eran o 3,5 %, cunha diferenza, polo tanto, de 38.000 persoas máis nun ano.

Ter un emprego... ¿Que tal? (*O señor Villares Naveira saúda os rapaces e rapazas que entran para o pleno*) Temos as nenas e nenos aquí no Parlamento vendo un debate. Estamos nun debate que nos afecta a todas, que os afecta a vos tamén. Estamos falando da pobreza e da xente que vive mellor e da xente que vive peor, a xente que ten na casa e a xente que non ten na casa, a xente que ten para ir á escola e a xente que non ten, da xente que ten traballo e da que non. Estamos falando diso agora, e iso vai para vós tamén, que sodes o futuro.

Ter un emprego, lamentablemente, a día de hoxe, xa non garante saír da pobreza. Estamos nun escenario decrecente de traballo e de traballadores e traballadoras de asalariados pobres, xente que traballa e non lle dá para saír de pobre o feito de traballar. Mellora o que se denomina a baixa intensidade laboral dos fogares galegos, un 13,8 % da poboación en 2015, cando o ano anterior era do 14,9 %. Pero é unha boa noticia incompleta porque moitos dos novos empregos que se crean son precarios ou de baixa calidade. Foi outra das consecuencias da crise, que foi asociada á pobreza, á precarización da situación laboral. A precarización das condicións de traballo fai que haxa máis inseguridade á hora de traballar e que non poidamos planificar con decencia e con dignidade a vida porque non sabemos o que nos queda dese traballo.

Unha pobreza e unha exclusión que afecta especialmente á nosa mocidade, á xente moza, cun índice dun 37 %. E fálase tamén da pobreza infantil, e é inxusto falar de pobreza infantil.

Agora estades aquí as nenas e os nenos escoitándonos, é inxusto falar de pobreza infantil, porque non hai nenas e nenos pobres en familias ricas, as nenas e nenos pobres viven en familias pobres. E iso é algo que temos que ter todas e todos en conta cando se fala dun dato parcial ou se pretende facer un dato completo.

Si que se pretende chamar a atención en que, moitas veces, as familias onde existen nenos e nenas e cidadáns menores de idade son as que peor o están pasando, comparativamente, en relación con outras unidades familiares, e iso hai que telo en conta.

Por primeira vez aumenta, ademais, nos nosos maiores. Os nosos avós e avoas, a xente que traballou tanto durante toda a súa vida para darnos o mellor, tamén empobrecen a súa calidade de vida. O 62,9 % das pensións galegas —a taxa máis elevada do Estado— están por debaixo do limiar da pobreza, o 80 % se falamos das pensións de viuvez.

O modelo económico neoliberal deseñado polo Partido Popular exacerba as desigualdades a pesar de medrar o PIB e fai que medre tamén a desigualdade. Dixémolo antes, repetímolo: mesmo nivel de riqueza, un 25 % menos de gasto; polo tanto, un 25 % menos de dereitos; polo tanto, un 25 % menos de oportunidade desde o público e de tomar cartas no asunto.

En Galicia, onde as pensións durante a época da crise amortiguaron e maquillaron o empobrecemento da poboación galega —porque se mantiñan constantes mentres caían o resto de rendas—, unha vez que medra o PIB, en troques, medra moito máis a desigualdade froito da estrutura demográfica envellecida e do teito no que Galicia están as pensións, moi por debaixo da media estatal.

Neste estado de cousas cabe preguntarse se estamos facendo o correcto, se as nenas e nenos, se as rapazas e os rapaces que nos veñen ver hoxe poden ter a seguridade e a tranquilidade de que o Goberno está facendo todo o posible para facer saír á xente da exclusión social ou da pobreza na que vive. Temos a dúbida de que iso sexa así, por iso estamos aquí criticando a política do Goberno e por iso interpelamos o Goberno a que responda a estas preguntas:

¿Que valoración fai a Xunta de Galicia da evolución dos datos de exclusión social e de pobreza no país? ¿Considera que as políticas realizadas durante os anos da crise incrementan a desigualdade e a pobreza, á vista dos datos? ¿Cales son as medidas a nivel de pensións, de salarios, de vivenda e de emprego que teñen pensado desenvolver para reducir a situación de emerxencia en miles de galegas e galegos, tendo en conta que durante os anos da crise —desde que vostedes chegaron— se reduciu o gasto social un terzo en relación con como era antes de que vostedes chegasen? E, finalmente, se consideran que neste contexto, de cara ao futuro, será exitosa a Estratexia pola inclusión social.

Pero o máis importante de todo é que hoxe —que temos aquí o futuro que nos escoita, que vén vernos, que vides vernos— o que nos interesa, o que máis nos interesa, é saber se as políticas públicas están orientadas única e exclusivamente á xente e a darlle maiores oportunidades, ou se están orientadas a outros intereses que non obedezan directamente a mellorar a vida da xente.

Hoxe temos aquí escoitándonos os que son o noso futuro e xa son o noso presente, e temos a obrigaón de dispensarlles o mellor, porque para iso estamos aquí, para iso representamos os intereses do pobo galego, e non para outra cousa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Villares.

Ten a palabra o conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Villares, señorías, moi bos días.

A verdade é que eu tamén considero moi oportuno —é unha oportunidade— que a miña primeira intervención como conselleiro de Política Social sexa para abordar as políticas da Xunta de Galicia, a política dos galegos en materia de exclusión social e en materia de pobreza, dando resposta á interpelación que plantexa o Grupo de En Marea, pero estou seguro que é algo que nos preocupa a todos os deputados e deputadas desta Cámara.

Digo isto porque esta Cámara, que representa a todos os galegos e galegas, ten que ser tamén un espazo para o debate das políticas que lle interesan á xente, das políticas que afectan as persoas, das políticas que afectan as familias. E cando falamos das familias, que constitúen un núcleo fundamental de articulación da nosa sociedade, moi especialmente daquelas familias que teñen menos recursos.

Por iso, antes de detallar as actuacións do Goberno e, nomeadamente, as desta consellería para facer fronte á exclusión social e á pobreza, quero —como é a miña primeira intervención— tender a man a todos os deputados, tender a man a todos os grupos, nos temas que teñen que ver coa política social, nos temas que teñen que ver con axudar as persoas que peor o están pasando. Creo que esa política debe ser sobre todo a política das persoas e non a política dos partidos. E creo, ademais, que cando falamos de datos como os que vou enunciar, contestando a esta interpelación, con eses datos creo que se xustifica perfectamente que aí ten que haber moitos puntos de encontro entre os partidos para pensar nas persoas. Creo que iso é o máis importante.

Non lles vou falar de normativa, porque é moi abundante en canto a dereitos sociais, pero si me parece moi importante facer un recordatorio dunha norma moito máis importante incluso que a Constitución cando estamos falando de dereitos sociais, que é a Declaración de dereitos humanos. O seu artigo 25 garante a toda persoa un nivel de vida axeitado que lle asegure —así como á súa familia— a saúde e o benestar, e, en especial, a alimentación, a vestimenta, a vivenda, a asistencia médica e os servizos sociais necesarios.

Esa foi precisamente, esa inspiración, a folia de ruta do impulso social que na anterior lexislatura conseguimos darlle adiante a través da nova Axenda social, precisamente con medidas que teñen que ver coa alimentación, coa vestimenta, coa vivenda, coa asistencia

médica e coa potenciación dos servizos sociais de base, fomentando a colaboración; a colaboración entre non só os grupos políticos, que tamén é moi importante, a colaboración entre as administracións.

É fundamental que as diferentes administracións que operan no noso territorio, nomeadamente con competencias na materia —a Xunta de Galicia, as deputacións e os concellos—, sexamos capaces de unirnos se esta é, de verdade, unha prioridade para todos e para todas.

Temos dúas follas de ruta moi importantes que están en execución: a Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020 e a nova Axenda social de Galicia, coas prestacións das que falamos anteriormente.

Pregúntase na interpelación sobre os datos. Eu voules dar os datos de Galicia, tamén é verdade que contextualizados no conxunto de España.

A taxa AROPE, indicador que como saben é usado a nivel europeo para avaliar o risco de pobreza e exclusión, é case tres puntos porcentuais inferior en Galicia que no conxunto do Estado. En España, neste momento, está no 28,6 % e na nosa comunidade, efectivamente, tal e como se dicía aquí, no 25,7 %. Ademais, dende o inicio da crise —en 2009 ata o 2015— mentres que en España a taxa AROPE medrou en catro puntos, en Galicia esa mesma taxa medrou no 1,1 %. Polo tanto, hai un agravamento do risco de pobreza en termos relativos, unha fenda moito máis ampla en España do que está existindo en Galicia.

Tamén se falou aquí da porcentaxe de persoas en situación de pobreza severa: en España do 6,4 % e en Galicia do 4,2 %.

Tamén temos os datos do Instituto Nacional de Estatística, que coinciden na fenda existente entre o dato español e o dato galego neses catro puntos, se ben o Instituto Nacional de Estatística rebaixa o indicador europeo: fala en Galicia dun 19,4 % de persoas en situación de pobreza ou en risco de exclusión social, cando o do conxunto do Estado é do 22 %.

Os números —e ademais como nos acompaña moita xente nova aquí— despistan moitísimo, e o importante é o que hai detrás dos números; detrás dos números hai un problema moi importante, un problema que non xorde coa crise, senón que a crise seguramente visibiliza moito máis.

E coa visibilización maior que temos da pobreza, da situación de risco de exclusión social, tamén os diferentes poderes públicos foron quen de actuar en moitos máis ámbitos dos que se viña actuando anteriormente. E vou poñer algúns exemplos do que nos está permitindo, precisamente, facer fronte entre todos a esas situacións de moita necesidade: a Renda de integración social de Galicia. No ano 2009, 20 millóns de euros, no ano 2015, 52 millóns de euros. Multiplicouse por máis de dous o esforzo económico de todos os galegos e todas as galegas para que en Galicia exista unha renda mínima para todas aquelas persoas que están en situación de pobreza, en situación de risco de exclusión social; cumprindo, como saben, como consecuencia da recuperación económica das contas públicas, os prazos establecidos na Lei de inclusión, na súa resolución, e evitando as listas de agarda.

O feito, tamén, doutra segunda medida moi importante: en Galicia mantemos o complemento das PNC, das pensións non contributivas, 206 euros, case 10 millóns de euros de investimento de fondos propios de todos os galegos e de todas as galegas.

As entidades de iniciativa social, os nosos programas, todos eles foron aumentados no ano anterior para facer realidade o feito de que non só nos temos que coordinar as administracións públicas, senón que temos que ser capaces de estar máis abaixo, no terreo das entidades que están facendo un labor moi importante.

A orde de entidades sociais creceu o ano anterior nun 61 %. Despois as corporacións locais —eu son un municipalista convencido—, a porta de entrada das necesidades sociais son os nosos concellos, e melloramos despois de moitos anos o plan concertado para ter máis profesionais nos nosos concellos, para que non existan listas de agarda nas diferentes prestacións.

Miren, máis de cen novos profesionais nos concellos no ámbito dos servizos sociais. Estou falando de traballadores sociais, educadores sociais, psicólogos, etc. Creo que estamos revolucionando os servizos sociais de base para estar máis cerca de quen máis nos precise. Non só iso, senón tamén a actualización dos módulos económicos, que levaban moitísimos anos conxelados nunha porcentaxe do 12 %, que é o que creceu o orzamento de política social no ano anterior. Nós o noso incremento repercutímolos no incremento da transferencia, tamén, aos concellos.

Polo tanto, creo que moitas medidas en marcha, coordinación entre diferentes departamentos da Xunta de Galicia.

Faleilles dalgunhas das medidas máis importantes da Consellería de Política Social, pero pódolles falar doutras consellerías. A Consellería de Vivenda, en canto a evitar os desafuzamentos en Galicia: Convenio de colaboración co Consello Xeral do Poder Xudicial e coa Federación Galega de Municipios e Provincias; decenas de casos de desafuzamentos foron freados como consecuencia da acción coordinada dos concellos e da Comunidade Autónoma; o Programa Reconduce, levamos 428 familias atendidas; o Programa Realoxo; o Bono de alugueiro social; o Programa de vivendas baleiras, vivendas baleiras que se poñen á disposición das persoas que teñen un risco de desafuzamento; e tamén acordos con entidades financeiras.

Gustaríame destacar a colaboración con Abanca, con Caixa Rural Galega e co Banco Sabadell para que non se produzan desaloxos de vivendas en procesos de execución hipotecaria.

Aos que me gustaría sumar as actuacións da Consellería...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Vaia rematando.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): ...de Industria en relación con medidas para loitar contra a pobreza enerxética. Estoume a referir ao Ticket eléctrico social e ao Programa para evitar os cortes de subministración.

Penso que este conxunto de medidas son unha folla de ruta importante se o que nos preocupa de verdade é coordinarnos en traballar en cuestións de renda, en cuestións de coordinación cos concellos e coas deputacións...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): ...desenvolvendo esa Axenda social única de Galicia.

Polo tanto, nese camiño espero e desexo que poidamos seguir avanzando polo ben das persoas que nos están escoitando, que son o futuro de Galicia, e polo ben de todos os galegos e de todas as galegas, especialmente dos que peor o están pasando.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Na rolda de réplica ten a palabra o señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas.

Debo de comezar cunha —¡ata logo, rapaces!— cuestión matizándolle o seu optimismo, e é que o feito de que a xente en situación de pobreza ou de exclusión social sexa mellor comparativamente que a media estatal non alivia a xente que o está pasando mal no noso país, sexan moitos ou sexan poucos, que son abondos. Con que haxa un pareceríanos abondo. Polo tanto, a contextualización triunfalista parécenos inadecuada nunha materia coma esta.

En segundo lugar, en relación tamén con eses mesmos datos de pobreza e co índice de pobreza e de exclusión social, saben igual ca nós que se produciu durante os anos da crise —por unha baixada do PIB e un mantemento das pensións— unha aparente converxencia e, polo tanto, unha baixada aparente en relación coas situacións de risco e exclusión social. Pero agora que se recupera o PIB as situacións en Galicia, en relación coa gran dependencia que teñen das pensións, dan lugar a unha nova diverxencia. Por iso os datos en 2015 volven ser peores, e por iso os datos afectan, aínda con maior intensidade, os nosos maiores.

Doutra banda, facía vostede referencia ás entidades sociais que loitan contra a pobreza. Desde logo, son un complemento, pero son un complemento a aqueles lugares onde non chega a solidariedade pública, que era a que tiña que estar articulada de forma constante e de forma permanente para que non tivese que haber organizacións que suplisen os deberes da Administración pública.

Porque nós, como poderes públicos, temos a obrigaón de garantir, efectivamente, o cumprimento do artigo 25 da Declaración dos dereitos humanos e todas as declaracións de dereitos sociais que nos vinculan tamén no artigo 10 da Constitución. Deberíamos de facelo, polo tanto, e non deixar que fosen as ONG as que cumprisen ese papel, ou non ocuparnos tanto de que se verifiquen doazóns a bancos de alimentos, senón ser nós os que dispensásemos desde o ámbito público as necesidades sociais básicas, que é o que non se está facendo.

Os convenios están moi ben, pero hai que dotalos economicamente, porque se non se dotan economicamente se vén aquí a esta tribuna e se dan algúns datos dalgúns convenios e non se dan os doutros. Queremos que dea conta de cantos beneficiarios tivo, por exemplo o Programa de Realoxo. Cóntenolo aquí cando suba.

Cremos que non acertaron en moitas das súas políticas públicas, porque reduciron un terzo o gasto social de orzamento dispoñible para garantir o gasto social, para garantir unhas condicións laborais e sociais dignas, e, polo tanto, iso repercutiu negativamente, tamén, na materia da que agora nos fala, na materia de exclusión social e de pobreza material severa. ¿Pensan vostedes recuperar o gasto social?, ¿pensan facelo de forma aceptable para reducir ou minimizar, ata poder facer desaparecer, por fin, as situacións de exclusión social ou de pobreza material severa?

Nós cremos que o seu compromiso é absolutamente insuficiente e deberán de avanzar da seguinte maneira: ademais de todo o que xa explicou —de comprometerse co pacto galego contra a pobreza, non soamente a asinalo, senón tamén a cumprilo—, un plan integral de atención ás persoas sen teito, un plan contra a feminización da pobreza, que abranxa políticas sociais, políticas de educación, de saúde, de igualdade...

E medidas contra a pobreza e medidas contra a erradicación da pobreza en persoas con diversidade funcional son estratexias de inclusión, estratexias de inclusión social que precisan de investimento; non gasto, senón investimento. ¿Van investir vostedes na xente, sobre todo na xente que máis o necesita, ou van seguir considerando que esa xente non son para vostedes un investimento senón un gasto?

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Villares.

Ten a palabra o conselleiro de Política Social, o señor Rey Varela.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Villares, eu tratei de non facer unha intervención baseada no optimismo. Non podo, dende logo, estar satisfeito; si son responsable das políticas sociais da comunidade autónoma cos datos que temos neste momento. Eu o que fixen foi falar dos datos de Galicia, da evolución dos datos de Galicia, e contrastalos cos datos do territorio nacional. Polo tanto, o que intentaba transmitir é que en Galicia estamos desenvolvendo políticas sociais que o que nos están permitindo é mellorar a comparativa entre as políticas galegas e as políticas estatais en materia social.

Pero, efectivamente, se temos esas porcentaxes, dende logo temos moito camiño por facer. O que eu tratei de dicir é que en Galicia temos dúas estratexias fundamentais: a Estratexia de loita contra a pobreza e a inclusión social e a nova Axenda social; creo que eses son os

dous instrumentos que nos van permitir seguir atendendo a todas esas persoas, ás familias que están nesa situación.

Eu non falei tampouco de substituír as entidades sociais. As entidades sociais, dende logo, nacen coa vocación solidaria de moitas persoas, unhas en defensa de dereitos, outras que pasan da defensa de dereitos á prestación de servizos, tendo en conta que as diferentes administracións nos os prestan directamente, e, polo tanto, creo que o máis importante é partir da realidade que temos neste momento: varios actores actuando sobre unha preocupación conxunta dos galegos, que é a pobreza e a inclusión social.

¿O máis importante?, creo que o máis importante é actuar coas tres «C», coas tres «C» establecidas en calquera tipo de estratexia. As tres «C» son as causas que provocan esta situación, o compromiso de todos os sectores implicados con esta situación e a coordinación. Nós de verdade que dedicamos os últimos meses, aínda que a verdade é que tamén tivemos uns meses con bastante movemento electoral, tres eleccións, polo menos, no último ano, que ás veces impiden, de verdade, que sexamos capaces de chegar a algún tipo de acordo, ao que estou seguro que se pode chegar, porque estamos cerca do seguinte proceso electoral. Agora estamos creo que nun inicio de lexislatura, falta moito tamén para a seguinte convocatoria electoral, que son as locais, e, polo tanto, desenvolver esa coordinación creo que vai ser a clave.

Non se trata de ver aquí que administración é a máis solidaria —se me permite—, cal é a que representa máis a xente do común. Do que se trata é de que entre todos sexamos capaces de ter unha rede de servizos sociais, unha rede de protección para todas as persoas que o están pasando mal. Ese é o noso obxectivo, e por iso aumentamos o peso orzamentario das políticas sociais de Galicia.

A Consellería de Política Social, como saben, medrou un 12 % no ano 2016, e ese 12 % permitiunos mellorar considerablemente os servizos que prestamos directamente, para os nenos, para as nenas, para os nosos maiores, para as persoas que teñen algún tipo de capacidade diferente; permitiunos incrementar, moi considerablemente, a aportación aos concellos, non hai concello en Galicia que teña menos recursos sociais transferidos da Xunta de Galicia que hai un ano, ese é o noso obxectivo, goberne quen goberne. E non hai entidade social en Galicia que perciba —falábame de convenios ocos— menos recursos, todo o contrario. Todas as entidades sociais de Galicia teñen máis recursos que o ano anterior. Creo que iso é compromiso, a cara da política social é o compromiso coas persoas, o compromiso social, pero a cruz é o compromiso económico; se non hai compromiso económico, ao final non hai compromiso social.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos ao punto seguinte.

Interpelación de D. Antón Sánchez García e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a política da Xunta de Galicia en relación cos desafiuzamentos

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a interpelación ten a palabra o señor Antón Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Vou utilizar o argumentario do conselleiro, cando dixo que non hai compromiso social se non hai compromiso económico para falar dos desafiuzamentos; tamén llo vai poñer difícil á súa conselleira señora Vázquez.

Ben, non lle contestou a Villares cando lle preguntou cantos beneficiarios foron ata o de agora do Programa Realoxo, case seguro que a conselleira me vai contestar cantos beneficiarios leva o Programa Realoxo dende que está en vigor.

A última vez que soubemos os datos eran 43 beneficiarios, nun período onde houbera miles de desafiuzamentos. Ese é o éxito dos programas que con tanta parafernalia se veñen anunciar aquí: 43 nun período onde houbo miles de desafiuzamentos, 43 das 500 vivendas anunciadas polo señor Feijóo, aquelas 500 vivendas da Sareb postas á disposición dos desafiuzados, das persoas que necesitaban desalojar.

E aquí estamos falando de diversas derivadas dunha mesma cuestión, que é o empobrecemento xeneralizado dunha ampla capa de poboación deste país e do Estado español, agudizado nos últimos anos.

Falamos de pobreza enerxética, pero é pobreza. Si, hai unha derivada que son os privilexios das eléctricas, que aumentaron o 69 % do prezo da luz nos últimos anos, pero realmente son persoas pobres que non poden pagar a calefacción, a casa, que non poden pagar a luz da casa.

Falamos de desafiuzamento se vostedes tentan utilizar parches, publicidade e propaganda para un problema que é estrutural, para un problema que é pobreza, e que se está vendo agora, oito anos despois dese estoupido da burbulla inmobiliaria, cando pasaron todos eses casos de hipotecas que se asinaron nunhas condicións de crecemento e que a xente se lanzou moi alegremente, moi alegremente porque era o xeito de ter unha vivenda.

Pasou iso, xa desafiuzaron a toda esa xente que tiña unhas hipotecas demasiado caras para o que gañaban, pero, ¿que vemos agora? Os problemas que se están incrementando son os da xente que nin sequera teñen para pagar un alugueiro, é dicir, un problema estrutural. Un problema estrutural, ¿por que? Porque hai salarios moi baixos, porque os salarios máis baixos baixaron moito máis que a media dos salarios —aínda hai pouco que saíron os datos do INE—, e porque eses salarios non dan para pagar a vivenda, e porque os empregos son moito máis inestables e precarios, e porque unha persoa ten un emprego hoxe pero nun mes pode que non teña emprego, e entón se está tres meses sen emprego e sen ingresos, ou cun ingreso de 426 euros, non ten para pagar o alugueiro.

E aínda por riba as cuestións estruturais non se poñen en cuestión por estes gobernos, porque hai intereses contrapostos. É dicir, a política de vivenda non se pon en cuestión, séguese

considerando a vivenda como un negocio, e por iso se celebran os datos da reactivación do mercado da vivenda, que supoñen un encarecemento da vivenda, porque para vostedes é un motor económico e non é un dereito das persoas. E por iso non se fai un parque público de alugueiro, como se fai noutros países europeos, e por iso a Xunta de Galicia reduciu a posibilidade de facer vivenda pública na Lei de vivenda, e por iso fan políticas contra a creación dun parque público de alugueiro.

Se lle dá á cabeza que non, señora conselleira, ten a oportunidade de vir aquí e dar datos, dea datos da creación do parque público de alugueiro, de que foi o que vostedes fixeron nos últimos oito anos, non acaban de chegar. Dea datos, tamén, dos realoxos e dea datos, tamén, das execucións orzamentarias da función de vivenda. Porque ademais de que vostedes permiten que o drama dos desafiuzamentos siga sen cuestionar as cuestións estruturais que o provocan, por exemplo, que nos últimos datos do segundo trimestre de 2016 descenden un 3,4 %, é dicir, son 690 en vez de 714 no período anterior, seguen sendo unhas cifras intolerables; un 3,4 %, isto non é un ritmo de erradicación dese problema.

Pero ademais de que non cuestionan os temas estruturais, vostedes tampouco xestionan ben. Vostedes reduciron o orzamento que había de 210 millóns de euros en 2009 a 32,5 en 2014, e iso si, en 2015 despois de asinar o Plan estatal de vivenda, o Convenio co Estado do Plan 2013-2016. Xa se ve a urxencia que tiñan vostedes en solucionar os problemas de vivenda da xente que o asinaron en setembro de 2014. Esa era a súa prioridade.

Nese mesmo convenio no que vostedes non financian un euro a ningún programa de fomento do parque público de vivenda de alugueiro, cero euros vostedes no convenio que asinaron co Estado, cero euros para rehabilitación, cero euros para axuda ao alugueiro de vivenda; non puxeron un euro para estes programas, e din que se preocupan pola xente. Estes son datos, non son boas palabras.

Ben, 2014, setembro, un programa 2013-2016, cando había a urxencia que había neses anos. Pero é que vostedes reduciron eses orzamentos, pero non é só iso, é que sistematicamente nos últimos anos, dende que vostedes gobernan, a execución das partidas da función de vivenda son as máis baixas de todo o Goberno, neste caso só superadas no ano 2015, segundo a Conta xeral, casualmente tamén por outra cousa pouco prioritaria, que é o fomento de políticas de emprego, que ten un 53 % de execución, que tamén lles debería de caer a cara de vergoña co desemprego que hai, coa situación dos traballadores que hai, que vostedes só fosen capaces de executar a metade do orzamento de emprego.

E vostede executou en vivenda, acceso á vivenda e á calidade de vivenda, ¿sabe canto executou en 2015, señora conselleira? O 60 %. Vostede deixou sen comprometer —xa non digo na fase de obrigacións recoñecidas— 17 millóns de euros. Son 17 millóns de euros que non se gastan para favorecer o dereito á vivenda de moitas persoas que teñen problemas para ter unha vivenda digna, 17 millóns de euros, ¿parécelle pouco?, ¿parécelle pouco que nestas circunstancias se deixen sen gastar 17 millóns de euros, señora conselleira?

¿Sabe cal é o orzamento do Programa de vivendas baleiras que vostedes tanto anuncian, tanto publicitan e tanto rédito electoral lle queren sacar? ¿Sabe canto é? Son 690.000 euros para

catro anos, 172.000 euros, e vostedes están deixando sen executar 17 millóns de euros. Evidentemente, vostedes falan moito máis do Programa de vivendas baleiras, que ten a dimensión que ten, ten o efecto que ten, e non falan, en cambio, da nefasta xestión que fan deixando sen executar non un ano, senón dende o ano 2009, sistematicamente, as partidas para vivenda.

É dicir, na política de vivenda hai que estar dun lado ou doutro, é o momento de cambiar o modelo, non se pode considerar a vivenda como un motor económico única e exclusivamente, primeiro ten que estar o dereito e despois debe de estar o negocio para aqueles que fagan traballo produtivo neste sector, principalmente cremos que na rehabilitación.

Por certo, tamén os datos da rehabilitación, pode estar contenta vostede coa evolución que hai dos datos de rehabilitación dende que vostedes chegaron. Había 985 obras de rehabilitación no 2009, e no último ano, no 2015, había 234. Ese é o compromiso coa rehabilitación que teñen vostedes. Houbo algún ano que tiveron unha execución do 1,35 %, creo recordar que repetía sempre o señor Bugallo aquí.

Ben, hai que cambiar o modelo, pero tamén teñen que xestionar mellor, e para xestionar mellor vostedes teñen que vir aquí e non repetir o mesmo discurso dun goberno como se acabaran de chegar, teñen que vir aquí agora a dicir datos, é dicir, Programa Realoxo, ¿cantos beneficiarios houbo do Programa Realoxo? Se quere falar de rehabilitación dea datos.

Tamén lle quería preguntar cantas vivendas están xa acollidas ao Programa de vivendas baleiras a día de hoxe. Escoite ben as preguntas: ¿cantas vivendas están acollidas?, ¿cantos beneficiarios?, ¿cantas vivendas da Sareb, do convenio asinado o 17 de marzo de 2015, ou dos convenios con entidades de crédito, están sendo utilizadas por persoas realoxadas?, ¿cantas?

Estou facendo preguntas moi concretas, señora conselleira, que vostede debería de coñecer. Como sei que as coñece, se non as di é porque supoño que lle dará vergoña dicilas aquí.

¿Como está aquela iniciativa proposta por este deputado para que se puideran coñecer as estatísticas desagregadas dos desafiuamentos dos datos que publica anualmente o Consello Xeral do Poder Xudicial? Vostede —nunha actitude que deixa bastante que desexar— sempre se escudaba en que os datos que dá o Consello Xeral do Poder Xudicial non son de vivenda habitual, que inclúen moitas cousas. Cando di iso está recoñecendo que ante un problema desta gravidade vostedes nin sequera tiñan datos, ¡nin sequera tiñan datos!, ou non os querían dar, ¡máis ben!, ou non os querían dar. Pero aquí houbo unha iniciativa aprobada por unanimidade para que se deran os datos desagregados.

Segundo trimestre do ano 2016, aínda non se deron eses datos desagregados. ¿Como se pretende resolver un problema sen datos?, ¿como se pretende resolver un problema se, en teoría, non coñecemos a evolución do problema? Gustaríanos que viñera aquí e que dixera que algo se fixo contra iso.

Polo tanto, estas cuestións concretas interésanme moito máis que o discurso de que todo vai ben. E pregúntolle, tamén, como valora vostede esta evolución dos datos dos desafiuamentos neste país...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...—remato, agora— se para vostede pasar de 714 no segundo trimestre de 2015 a 690 do segundo trimestre de 2016 é un éxito e se vostede pode dicir que as súas políticas están sendo eficientes.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Vivenda, a señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señor Sánchez, señorías.

Dende logo que, primeiramente, quero agradecerlle que me pregunte sobre esta cuestión, sobre o drama dos desafiuzamentos, porque a loita contra os desafiuzamentos foi unha materia prioritaria na lexislatura anterior. Puxemos en marcha medidas, traballamos moitísimo, con moitísima intensidade e poñendo en marcha medidas efectivas e útiles que están axudando a moitísima xente, a moitísimos galegos e a moitísimas galegas. Unha política de loita contra os desafiuzamentos que, por suposto, será un dos eixes principais na política social da Xunta de Galicia nesta lexislatura.

E tamén lle agradezo, por suposto, que me traia novamente a falar dos datos e das estatísticas nesta Cámara, porque me dá a oportunidade de matizar, de aclarar certas cuestións, certos conceptos, e de volvelos explicar para evitar interpretacións que, dende logo, están lonxe, realmente, da realidade.

Cando falamos aquí de estatísticas, eu creo que intenta ir cara á confusión e crear confusión cos datos estatísticos do Consello do Poder Xudicial con respecto aos lanzamentos de execucións hipotecarias e de impago de alugueiro.

Son datos que vostede unha e outra vez se empeña en presentar como desafiuzamentos de vivenda, e o certo é que son cousas moi serias; estamos a referirnos nos datos do Consello do Poder Xudicial a moitos bens que nada teñen que ver, moitas veces, co fogar habitual.

E se miramos os detalles das estatísticas que me comentou antes, hai títulos e execucións hipotecarias presentadas, lanzamentos practicados como consecuencia de procedementos de execucións hipotecarias, lanzamentos practicados como consecuencia de procedementos derivados da Lei de arrendamentos urbanos, e en ningún caso se cita a palabra vivenda, nin vivenda habitual.

E no apartado de definicións concretas e conceptos, eu leo textualmente: «*Se contabiliza un lanzamiento por cada bien inmueble cuyo lanzamiento o entrega posesoria se acuerde, con indepen-*

dencia de los señalamientos que genere y del tipo del proceso en el que se acuerde o en la fase en la que éste se encuentre, siempre que implique un cambio de posición de un inmueble, y sin tener en cuenta si se trata de una finca rústica o urbana, ni si es o no vivienda.»

Por lo tanto, las estadísticas comprenden finca rústica, es decir, un monte, una parcela de labranza, etc., y fincas urbanas, que pueden ser viviendas, pero también pueden ser parcelas no construídas. A su vez, las viviendas propiedad de diferentes personas jurídicas, como pueden ser constructoras, inmobiliarias y, también, viviendas vacacionales.

A nós, dende logo, o que nos preocupa é a vivenda habitual, supoño que a vostede tamén lle preocupa a vivenda habitual, e creo que é onde debemos de centrar o foco e a atención, na vivenda habitual. Eu entendo que nesa conclusión coincidimos, e só parte dos datos das estatísticas do Consello do Poder Xudicial falan de vivendas ocupadas de forma habitual, e creo que hai que tratalos de forma diferenciada.

Eu creo que aí estaremos de acordo, señor Sánchez, eu agardo que estaremos de acordo; supoño que vostede non me estará a dicir que ten que ter o mesmo trato un lanzamento dun garaxe ou unha nave industrial que un lanzamento dunha vivenda habitual. Eu agardo que aí esteamos de acordo para a interpretación das estatísticas.

Somos conscientes de que é totalmente preciso coñecer e ter diferenciadas as estatísticas da vivenda habitual para facer políticas específicas, e por iso estivemos realizando xestións, e seguimos realizando xestións, para conseguir que esas estatísticas diferencien entre o que é a vivenda habitual e as fincas rústicas, por suposto. E antes fixemos xestións —antes de que trouxeran nada aquí ao Parlamento—, despois fixemos xestións, e seguiremolas facendo, porque así o estamos a facer, co presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, co presidente do Consello Xeral do Poder Xudicial e coa Comisión Nacional de Estatística Nacional.

Por iso cando se fala de estatísticas eu creo que é preciso ter rigor para non crear confusión, e dende logo que é un drama, e creo que debemos de colaborar todas as administracións públicas e todos os poderes públicos.

As estatísticas que vin dicía vostede que baixan, e por suposto que baixan, os números de lanzamento apuntan unha tendencia á baixa. Tamén o Instituto Nacional de Estatística, á parte do Consello do Poder Xudicial, indica que baixan, un descenso do 40 % nas execucións hipotecarias, se comparamos segundo trimestre de 2015 e segundo trimestre de 2016.

Pero non se confunda, iso non significa que esteamos satisfeitos, e dende logo que nos preocupa cada unha das persoas. O noso compromiso é seguir traballando mentres unha soa familia estea en risco de perder a vivenda, só por unha seguiremos traballando, e é motivo para seguir traballando.

E falaba vostede, tamén, da execución orzamentaria do Instituto Galego de Vivenda e Solo. Ben, a execución orzamentaria do fondo propio no ano 2015 foi do 92 %. E mire, señor Sánchez, señoría, que lle teño explicado aquí ao señor Bugallo a execución orzamentaria de vivenda. Eu creo que estaba na Cámara vostede cando llo expliquei ben veces ao señor Bugallo.

E estamos a falar dunha execución orzamentaria que me di vostede ficticia, porque o señor Zapatero —cando non gobernaba o Partido Popular nin na Xunta nin en Madrid— para dicir que o Plan de vivenda estaba executado ao cen por cento trasladou orzamentos ficticios, inexecutables. Pero non se preocupe que no ano 2016 xa está resolto, no ano 2017 xa non me poderá dicir este asunto, porque xa está resolto, e polo tanto eu agardo que estea aclarado o asunto da execución orzamentaria do Instituto Galego de Vivenda e Solo.

Falaba vostede de que non hai parque público de vivendas. Por suposto que hai parque público de vivendas para axudar ás familias que máis o necesitan.

Nestes momentos o parque público de vivendas pública para alugueiro da Xunta de Galicia acada a cifra de 3.100 vivendas propiedade do IGVS, ao que estamos destinando anualmente 6 millóns de euros. Polo tanto, si que hai parque público de vivenda pública.

Na última lexislatura entregamos 600 novas vivendas públicas ás renda baixas: 300 practicamente para acceder á propiedade, con axudas de ata o 50 % da Xunta de Galicia, e outras 300 aproximadamente para axudas a alugueiro social, con axudas de ata o 50 %, e en moitos casos incluso a Xunta chegou a cubrir o 100 % dos gastos do importe total do alugueiro.

Entre o ano 2015 e 2016 foron 150 vivendas coas que se incrementou o parque de vivenda pública de alugueiro. E creo que son datos polos que entendo que me preguntaba vostede, e por suposto que llos estou a dar, que reflicten que é un eixe a política de vivenda principal para Xunta de Galicia, é un eixe dispoñer de máis vivendas.

Claro que queremos máis vivendas públicas, e eu agardo por iso que o Concello da Coruña resolva canto antes o problema importante que ten no Parque Ofimático, que o resolva canto antes para nós poder facer as 40 vivendas públicas no Parque Ofimático, porque o Concello da Coruña, realmente coa incapacidade de xestión, non é quen de resolver a problemática do Parque Ofimático para que poidamos executar máis vivenda pública da Xunta de Galicia na Coruña.

En canto ás medidas da Xunta de Galicia, vostede sabe que temos medidas importantes que creo que son útiles, e apostamos por medidas con colaboración de todos, creo que é importantísimo colaborar todos. Sabe que temos a medida da dación do pago prevista na Lei de vivenda, a dación do pago na vivenda protexida.

O Programa de vivendas baleiras, por suposto que este programa é para pasar dun conxunto de vivendas desocupadas a unha bolsa de vivendas sociais.

E, por suposto, a min gustárame —e supoño que tamén a compañeiros seus do Concello da Coruña, de Santiago e de Ferrol— que poñer en marcha medidas tan importantes como esta fora darlle a un botón, pero non é darlle a un botón, especialmente se son medidas pioneiras e innovadoras en toda España, porque somos a única comunidade autónoma con esta medida. Nesta medida colaboran os concellos coa Xunta de Galicia, porque o certo é que hai que colaborar, e, dende logo, veremos moitos indicios pronto, resultados pronto, porque é unha medida da que estamos convencidos todos —dende a Valedora do Pobo aos 26 concellos que se teñen adherido, etc., e a propia Fegamp— que é unha medida eficaz para dar resultados.

O Censo de Vivendas Baleiras —creo que non teño que dar máis información sobre o Censo de Vivendas Baleiras— permitiranos ter unha información valiosa e útil para seguir avanzando e mellorando as nosas políticas en materia de vivenda e en materia social.

Temos a Lei de vivenda do ano 2012, que, como lle dicía, ten mecanismos importantes para habilitar desafiuzamentos, como a dación en pago de vivendas protexidas. Temos un decreto que tramitaremos agora para vivendas de inserción, e tamén temos o Programa Aluga, un novo programa que poñeremos en marcha para complementar ese Programa de vivendas baleiras.

En definitiva, señor Sánchez, non imos abandonar a loita contras os desafiuzamentos, non imos ceder no noso empeño de axudar ás familias que están en risco de perder a súa vivenda. Seguiremos traballando para seguir cos programas que temos en marcha e para implantar e activar novos programas para ofrecer solución, e o que temos claro é que o máis importante para dar solución é o camiño da colaboración: o camiño da colaboración cos partidos políticos, con todas as administracións públicas e, tamén, co cidadán.

Ese é o camiño que nos permitirá avanzar xuntos, e ese é o camiño que lles proponho para dar solucións, realmente, aos veciños e veciñas de Galicia.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Na rolda de réplica ten a palabra o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Se quere colaboración para que lle axilice eu as xestións para, simplemente, ter os datos de cales son os desafiuzamentos de vivenda habitual, avísame, porque levan oito anos gobernando e están facendo xestións, e nin sequera teñen as estatísticas básicas aínda para tratar de ver como é a evolución do caso. ¡Home!, necesitan colaboración, evidentemente, claro que si, que necesitan colaboración. Eu non sei se me poden propoñer para conselleiro ou algo, pero creo que podería mellorar.

E aínda ten a cara vostede de falar do Concello da Coruña e do Parque Ofimático, iso si, claro, agora resulta que un ano e medio despois a culpa é «das malvadas Mareas, que inflúen moi negativamente no drama dos desafiuzamentos». Bueno, hai que ter ben pouco que dicir da súa xestión para vir con eses argumentos, señora conselleira. Non sei se me está escoitando: hai que ter ben pouco que dicir para dicir iso hoxe aquí. E, ademais, díxome sempre: «sempre que haxa unha persoa desafiuzada, será un drama total». Si, si, moi ben, moi ben. ¡Feitos, señora conselleira! ¡Feitos!

Non contestou: ¿cantos beneficiarios hai do programa Realoxo? ¿Non o sabe ou non o quere dicir? Contésteme ás dúas. Se me contesta os beneficiarios, a segunda xa non ma ten que contestar. Pero se non me contesta, dígame por que non me contesta, se porque non o sabe ou porque ten vergonza de dicir os datos de beneficiarios do Programa Realoxo. Non estou pedindo tanto nunha interpelación, estou pedindo que me conteste ás preguntas que lle fago moi concretamente, señora conselleira.

Mire, desgraciadamente para min, tiven que estudar a Conta xeral. Pásolle isto, que son os datos da Conta xeral. Non sei se están mal tamén e se vostede lles vai emendar a plana tamén aos interventores da Xunta de Galicia, etc. Pero di que aquí quedaron sen executar 17 millóns de euros duns créditos definitivos de 111.072.000 euros —111 millóns e quedaron sen executar 17—, e que quedaron comprometidos para o seguinte ano 27. Estes son os datos oficiais. ¿Ten vostede outros? Veña aquí e déaos. ¡17 millóns! E vostede, en cambio, vai por aí presumindo dun programa de vivendas baleiras que ten un orzamento de, en catro anos, 690.000 euros, 172.000 euros anuais. ¿Esa é a gran solución para os desafiuzamentos, señora conselleira? Insístolle, déixolle isto. Se ten outros datos, explíquemos ou díganos.

Non contestou a cantas vivendas están acollidas ao Programa de vivendas baleiras a día de hoxe. ¿Cantas vivendas da Sareb, do convenio asinado o 17 de marzo de 2015 ou coas entidades de crédito posteriormente, están sendo utilizadas por realoxados? ¿Non son o suficientemente claro, señora conselleira?

E o das estatísticas desagregadas xa mo dixo: «*No hay novedades, estamos trabajando en ello*». Eu non intento confundir. ¿Ou intenta confundir o Consello Xeral do Poder Xudicial? O Consello Xeral do Poder Xudicial publica todos os trimestres os datos, e son os que veño dar eu aquí. E se vostede ten interese en coñecer cantos son de vivenda habitual, pois teña datos de vivenda habitual, que é o seu deber, xa os deberían ter. ¡Oito anos gobernando e nin sequera teñen unha cuestión básica para iso! Iso é que non lles importa nada este problema, máis que o custo electoral que poida ter. ¿Ou estame dicindo que non hai que facerlles caso ás estatísticas e resulta que no tema dos desafiuzamentos vai todo ben? Pois, se me di iso, veña aquí e diga os datos, diga en que estamos mellorando con datos. Eu non me vou fiar da súa palabra se non aporta datos. Déame datos e dígame: está mellorando por isto, por isto e por isto. ¿Ou é que está cuestionando vostede o Consello Xeral do Poder Xudicial, señora conselleira?

Mire, vostede deu un dato: en 150 vivendas incrementouse o parque público de alugueiro. ¿É un gran balance iso, señora conselleira?, ¿é un gran balance nun país onde hai 300.000 vivendas baleiras, onde Abanca —esa banca que rescatamos cos millóns de todos— ten neste país 3.000 vivendas baleiras, señora conselleira? ¿É un gran balance incrementar nestes anos 150 vivendas? Para nós é un balance ben pobre, como o da execución, como o dos orzamentos e como o das súas xestións para tan sequera ter unhas estatísticas fiables.

Claro que é colaboración, señora conselleira, pero isto, ademais da súa nefasta xestión, non se soluciona con parches, é unha cuestión estrutural. Se baixan os salarios, se os empregos son inestables, se a xente non sabe cando vai ter emprego e cando non, cando o prezo da vivenda vai empezar a subir, cando o prezo da vivenda é inasequible para moita xente, ou se lles mete man ás cuestións estruturais ou teremos este drama; iso si, máis ou menos invisibilizado pola súa propaganda. Vostedes teñen moitos medios para esparcir a súa publicidade baleira, pero iso non soluciona o problema real, ¿verdade?

Vostede tamén o coñece —non digo que non—, pero nós estamos indo periodicamente a casos reais de persoas de carne e óso, normalmente mulleres con fillos a cargo —que é un colectivo moi afectado—, mulleres que teñen fillos e que son desafiuzadas por non poder pagar alugueiros de 350 euros. Estamos indo periodicamente a darlle apoio en desafiuzar-

mentos a esa xente, ¿entende, señora conselleira? Iso está pasando máis alá das estatísticas e, se non, dígame vostede unha estatística que desminta o que estou dicindo.

Polo tanto, señora conselleira, menos palabrería, e vostede, que está gobernando, déanos datos que nos deixen por mentireiros. Mentres tanto, se vostede segue insistindo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...na palabra oca, teremos que concluír que vostede non ten nada que dicir.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Turno de peche.

Señora conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señor Sánchez, eu, dende logo, vin falar de solucións contra o drama dos desafiuzamentos e tamén para falar de colaboración. Eu tendinlle unha man e o que encontro é confrontación. Eu creo que o mellor é colaboración fronte á confrontación; con confrontación dende logo que non se dan para nada solucións.

E eu o que non lle podo permitir é que vostede diga que lle importa máis a vivenda ca min; iso non llo podo permitir. Importaralle igual ca a min, pero a min, como responsable, dende logo que me importa, e moito, e sigo persoalmente casos reais para darlles solucións reais, como estamos dando solucións reais día tras día. Para nós é unha prioridade absoluta e, por suposto —sempre o digo e sempre o direi, e así o penso e así o sinto—, non nos daremos por satisfeitos mentres unha soa familia que ten necesidade de vivenda estea en risco de perder a súa vivenda. Seguiremos con recursos e con esforzos para dar solucións.

As estatísticas, por suposto que diminuíron. Nós incidimos en programas que están en marcha para dar solucións, e nunha tarefa que realmente precisa implicación, precisa colaboración da sociedade e das institucións: a Fegamp, o Consello do Poder Xudicial, o Valedor do Pobo, o Consello da Avogacía Galega, entidades financeiras, a Sareb, os concellos —por suposto, os concellos—... Todas estas institucións están colaborando coa Xunta de Galicia contra os desafiuzamentos. E tamén colectivos sociais, señor Sánchez, por suposto que si: Cruz Vermella, Cáritas, Os Ninguéns —que é unha plataforma antidesafiuzamentos de Vigo, cos que teño contacto, por suposto, e cos que estamos a colaborar para buscar alternativas—. Non abonda con declaracións de intencións, dende logo que hai que ter sensibilidade —eu creo que aí podemos coincidir ambos os dous—, pero tamén traballo, implicación e dedica-

ción para dar solucións, porque as solucións reais a problemas reais se dan cun traballo de dedicación e tamén con feitos —que vostede falaba de feitos—.

Eu pido —e pídolle— unha reflexión, ¿como é mellor axudar, detrás dunha pancarta para saír na foto ou que o Concello da Coruña ou o Concello de Ferrol —compañeiros de vostede— se decidan a adherirse ao Programa de vivendas baleiras ao que a propia valedora do pobo aconsella que se adhiran os concellos? Creo que é sinxela a alternativa para reflexionar. Eu creo que hai que cooperar porque, se todos cooperamos, teremos todos máis recursos para axudar a xente en materia de vivenda. Que se sumen de forma efectiva os concellos. O Concello de Santiago, por certo, sumouse a ese Programa de vivendas baleiras, que agora parece que a vostede non lle gusta.

¿Que son máis efectivos os xestos ou os feitos? Eu pregunto: ¿que son máis efectivos os xestos ou os feitos? Eu pídolle esa reflexión no camiño da colaboración e a non confrontación. Sabe que temos doce medidas, sábeo, *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* e son complementarias entre elas, non poden explicarse como medidas illadas. E son doce medidas froito do diálogo, da colaboración e do traballo de moitos e de moitas institucións. Creo que as medidas teñen que coñecerse para dar solucións; de nada serven as medidas se non se coñecen. Non as vou enumerar, sabe vostede perfectamente que lle pasei a información xa aquí nesta Cámara: o Programa Realoxo, o convenio coa Sareb, o convenio co Valedor do Pobo, Reconduce..., *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): E sabe perfectamente as doce medidas, os convenios con colaboración, o bono alugueiro...

(O señor Sánchez García: Que conteste...)

O señor PRESIDENTE: Está contestando. Silencio.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Estou contestando...

O señor PRESIDENTE: Outra cousa é que non lle convenza a contestación, pero está contestando.

(A señora conselleira de Infraestruturas e Vivenda, Vázquez Mourelle, pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Non, non, silencio. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Silencio!

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Voulle dar o dato. ¿Doulle o dato? O dato é: en bono de alugueiro social —198 bonos sociais—, 553.000 euros, dende que está implantado o bono de alugueiro social, en total. Porque —insisto— as doce medidas son medidas complementarias entre elas, eu creo que non podemos coller

medidas illadas. En total, e con esta axuda do bono de alugueiro social e outras de axuda ao alugueiro, máis de 6.000 familias reciben apoio da Xunta de Galicia.

Temos o Programa de vivendas baleiras —como xa lle comentaba, que coñece vostede—, 26 concellos asinaron a súa adhesión. Alcaldes de diferente cor política, como Santiago, Teo ou Sada, están incorporados; outros, como os da Coruña e Ferrol, non. O difícil é explicar que coas mesmas siglas, distintos criterios, distintas políticas.

Eu creo que apelar á colaboración é no que creo que debemos traballar todos, con recursos e esforzos, e cooperar todos. Traballar da man e remar xuntos é o que lle propono, señor Sánchez, porque así dende logo que daremos solucións de verdade.

Pola miña parte, nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Interpelación de D^a Noela Blanco Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política da Xunta de Galicia en relación co desemprego e a precariedade laboral

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, señores e señoras deputadas.

Benvido, señor conselleiro, e permítame que non lle dea os cen días de graza que se soen dar cando unha persoa chega ao cargo, posto que o señor Feijóo decidiu que non soamente vostede, senón todo o Goberno anterior continuara nos seus postos. Co cal, entendemos que esa continuidade de persoas vai ser tamén unha continuidade de políticas.

Calquera que lea as notas de prensa que emite o seu departamento, a súa consellería, pensaría que este país vai vento en popa. Dende logo, en triunfalismo e en optimismo creo que hai moi poucos departamentos e moi poucas persoas que lles gañen. E todo iso a pesar de que, segundo o CIS, os últimos datos indican que a principal preocupación dos galegos e das galegas segue sendo o desemprego; exactamente o 72 % o sinala como tal. E non é de estrañar se temos en conta os últimos datos que coñecemos: o paro incrementouse en Galicia un 2,37 % durante o mes de outubro, o dobre que no resto de España, mais vemos que o 92,3 % dos contratos asinados son temporais.

Antes de que veña aquí vostede dicirnos que imos polo bo camiño, que queda moito por facer aínda ou, como escoitamos anteriormente no debate sobre o teito de gasto ao conselleiro de Facenda, que a xeración de emprego se está consolidando, permítame dicirle que eses datos macro non se corresponden coa realidade do mercado laboral nin coa situación económica e social de milleiros de familias deste país. Ata a proliferación de empregos a tempo parcial había unha equivalencia entre persoas e postos. Na actualidade máis que de persoas, ao re-

ferirnos á creación de emprego, ao facer esa valoración, hai que falar de horas de traballo e de postos equivalentes a tempo completo.

Dende a reforma laboral produciuse un forte incremento dos empregos a tempo parcial que falsean esa comparación con datos de anos anteriores. Se un posto de traballo ocupado por unha persoa a xornada completa —poñamos, señor conselleiro, 37 horas e media— se troca en dous postos de traballo de 15 horas, pese a que aumentou o número de persoas empregadas, hai menos traballo porque, neste caso, se perden 7 horas e media.

Pois ben, entre o terceiro trimestre do ano 2016 e o mesmo do 2011 trabállase cada semana en Galicia 3 millóns de horas menos. O número de empregos perdidos sería de máis de 80.000 postos de traballo. Dende o terceiro trimestre de 2008 destruíronse máis de 250.000 empregos en relación coas horas traballadas, o 18,3 % dos existentes. Esta destrución de emprego vén acompañada dunha redución de prestacións. En Galicia temos unha taxa de protección por desemprego do 26,5 %, 12,1 puntos inferior á que había no ano 2011. Só unha de cada catro persoas paradas percibe prestacións. Trece de cada catorce mozos e mozas, tres de cada catro mulleres e dous de cada tres homes están desprotexidos.

No último ano, o número de fogares sen ningún ingreso —nin salarios, nin subsidios, nin pensións— aumentou en 5.000, e afecta 35.000 fogares en toda Galicia. Hai 75.000 fogares con todos os seus membros en paro. E nós, dende o Grupo Socialista, preguntámonos, señor conselleiro, onde está a recuperación para todas esas persoas e que ten previsto facer o seu goberno para evitar que estas persoas estean na exclusión social que están, nese abismo social no que se atopan agora mesmo.

Dende o Grupo Socialista non podemos entender como se pode falar, como se pode dicir, que todo vai ben cando temos unha taxa de desemprego xuvenil que ronda o 40 %. E esta taxa non é real, por dous motivos: o primeiro, porque hai moitos mozos e mozas que aceptan calquera traballo; ante a desesperación, aceptan condicións laborais que non son propias, nin sequera, señor conselleiro, deste século. E a segunda, porque hai milleiros de mozas e mozos que tiveron que marchar, co cal, desaparecen da taxa de poboación activa. Son mozos e mozas licenciados, titulados superiores, enxeñeiros, etc. que están agora mesmo en cidades como Londres ou Berlín fregando pratos, señor conselleiro, cobrando 5 euros a hora e traballando máis de 54 horas á semana, con salarios que non chegan aos 1.000 euros; aos 1.000 euros para vivir en cidades que teñen un nivel de vida altísimo, dos máis altos de toda Europa.

Predominan a temporalidade e os salarios baixos, cun salario bruto anual que se reduciu dende o ano 2010. No caso de Galicia, ademais, temos o terceiro salario medio máis baixo de España. Unha situación especialmente dramática no caso das mulleres, porque a precariedade e a desigualdade, señor conselleiro, teñen nome de muller. Presas do traballo a tempo parcial e en ramas de actividade peor remuneradas que os homes, elas necesitarían que o ano tivera 460 días, señor conselleiro, para cobrar o mesmo que un home.

¿Vai seguir o seu goberno, señor conselleiro, dando as costas á metade da poboación deste país? ¿Que van facer para loitar pola igualdade das mulleres no mercado laboral? Dicir desesperanza e desánimo en materia laboral é falar dos parados de longa duración, dos maiores de 45 anos, cuxas posibilidades de atopar emprego rondan o 4 %, polo que moitos e moitas

delas abandonaron e tiraron a toalla para buscar emprego. Son persoas que están fóra do mercado laboral e desconectados, que ven como as súas habilidades profesionais están cada vez máis obsoletas. Son case 50.000 os maiores de 45 anos que non teñen ningún tipo de protección en Galicia, sen esperanza, no abismo da pobreza, e todos abandonados pola falla de investimento do Goberno galego para reenganchalos nese mercado laboral. Eles e elas, señor conselleiro, están tamén á espera dalgunha resposta por parte do seu goberno.

Con este panorama desolador é difícil pensar en algo que fixera este goberno, pero algo si que fixo: apoiar as medidas que viñan dende o Goberno de España ante unha reforma laboral destrutora, destrutora de emprego estable e de calidade e construtora de traballadores e traballadoras pobres e de precariedade e temporalidade. Unha reforma laboral que vulnera a liberdade sindical e a negociación colectiva, ademais de amparar e protexer a vulneración do dereito á folga. Por certo, é unha mágoa que non estea agora mesmo aquí a conselleira de Vivenda, pero ás veces si que é necesario poñerse detrás dunha pancarta.

E temos o silencio, señor conselleiro, o silencio do seu goberno ante a repartición dos fondos de emprego que se realizaron dende o Estado. Galicia recibiu no período de 2012 a 2015 algo menos de 404 millóns de euros fronte aos máis de 1.000 millóns do período do 2008 ao 2011, unha diminución do 60 %, cando o paro rexistrado aumentou un 35,2 %. E tamén fixeron algo: repetir dende aquí en Galicia unha e outra vez que a situación estaba mellorando, que se estaba creando emprego, que se estaba creando emprego estable, e todo mentres se incrementaba de maneira alarmante a precariedade e a temporalidade. E algo máis: dicir que ían facer unha lei de emprego, unha lei de emprego para crear entre 80.000 e 100.000 postos de traballo, que non é moi ambiciosa, señor conselleiro, porque o número de horas traballadas o único que faría, señor conselleiro, é igualarnos ao principio da anterior lexislatura.

E ben, reduciron os orzamentos. Esta gráfica, señor conselleiro, amósao perfectamente. Dende que vostedes chegaron ao Goberno da Xunta e dende que o señor Rajoy está no Goberno do Estado os orzamentos adicados ao emprego diminuíron dunha maneira alarmante. En decembro de 2008 había 1.713 euros por cada persoa parada; en decembro de 2015 hai 398 euros orzados pola Xunta de Galicia.

Esta situación é insostible, señor conselleiro. E, dende logo, esperamos hoxe algunha medida ao respecto.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente. Señorías.

Señora Blanco, agradézolle que traia esta iniciativa á Cámara porque non só o CIS está marcando que é a principal preocupación dos españois e dos galegos, senón que tamén é a má-

xima preocupación e a máxima prioridade do Goberno galego; foino antes, cando tivemos que dedicar recursos contra a crise e impulsar a recuperación económica, e vaino ser tamén agora, cando levamos tres anos crescendo e as expectativas para a economía de Galicia continúan en positivo, abrindo novas oportunidades.

De feito, señoría, vostede sabe —aínda que non o reflectiu na súa intervención— que as previsións indican que pecharemos o ano 2016 medrando por riba do 3 % e que cumpriremos o obxectivo de baixar o desemprego ata o 15,6 %, e todo isto, señoría, logo de conseguir que preto de 80.000 persoas desempregadas deixaran a lista do paro dende o inicio da II lexislatura.

Así, pois, os feitos confirman que o camiño que iniciamos hai oito anos está lonxe do relato que vostede vén de facer. E, polo tanto, se me pregunta se haberá unha continuidade das políticas, téñolle que trasladar claramente que si, porque, señora Blanco, o que non pode facer é omitir datos —referireime posteriormente a iso—. Se quere facer un debate serio sobre a situación do emprego en Galicia, ten que ter en conta que ese é un labor sostido no tempo, que é unha tendencia e que, sobre todo, efectivamente, hai que ir desenvolvendo novas medidas para abordar os problemas estruturais.

E, loxicamente, non é suficiente. Non é suficiente que moitos galegos e galegas hoxe estean mellor que no ano 2009 e non é suficiente que conseguíramos mudar a situación do Bipartito —xa que vostede fai alusión tamén ao ano 2009—, cando no Bipartito se destruían cada día 135 empregos e hoxe cada día están atopando traballo máis de 50 persoas. Esa é a realidade do mercado laboral en Galicia hoxe.

Pero, como lle dicía, non é suficiente. Non é suficiente porque sabemos ben que hai galegos e galegas que aínda sofren pola falta de emprego, e sabemos tamén ben que hai moitas familias que carecen dos recursos suficientes para unha vida digna. E, por iso, toda a motivación e toda a política de emprego, a política industrial, irá orientada, precisamente, a consolidar a recuperación económica e tamén a traballar con máis intensidade na calidade do emprego. Ese é o compromiso que temos. E, dende logo, dende o primeiro momento, aínda que vostede non me dá 100 días, eu si lle vou dar 100 días, precisamente para que vostede e o seu grupo poidan mudar esa posición fatalista e poidan entrar nunha senda de consenso e de diálogo co Goberno, precisamente para traballar nesta dirección e, polo tanto, non só para consolidar as políticas, senón tamén para impulsar novas iniciativas, onde nós esperamos encontrar o Grupo Socialista, no diálogo e no consenso, porque estamos a falar do futuro dos galegos e estamos a falar do mercado laboral de Galicia.

Temos, polo tanto, un traballo de goberno importante. Non será sinxelo. Entendemos que hai oportunidades, pero entendemos tamén, señoría, que temos un contexto —por iso lle falaba da continuidade das políticas—, que temos unha estratexia e que temos unha folla de ruta, que é a Axenda 20 para o emprego; unha axenda onde están recollidas medidas, onde hai obxectivos e onde hai orzamento, en concreto, 20 medidas que recollen esta Axenda 20 para o emprego, con obxectivos claros, non só centrados na creación de emprego, senón na mellora da formación, da formación profesional, da formación profesional dual, e tamén na eficacia dos servizos públicos; uns obxectivos que, como dicía, estarán recollidos nuns

orxamentos dotados con 180 millóns de euros —de cara a este orzamento— e aos que, de cara ao ano 2020, destinaremos máis de 900 millóns de euros.

Unha folla de ruta, señoría, que ten dado resultados. No último ano creáronse en Galicia máis de 24.000 empregos. Tamén —como sabe— as afiliacións seguen aumentando en Galicia con respecto a hai un ano, en concreto no 2,14 %. E tamén, señoría, cando falamos de calidade, creo que ten que recoñecer que, no que levamos de ano, ata o mes de outubro, xa temos máis contratos indefinidos que no mesmo período do ano anterior, en concreto un 8,5 % máis, e tamén temos máis contratación a tempo completo, que está medrando nun 8,25 %. É máis, vou darlle un dato que me parece especialmente relevante: todo o incremento da ocupación no último ano, señoría, foi a tempo completo. Toda a ocupación —reitéroo, señor Losada, que o vexo sorprendido—, toda a ocupación, no último ano, foi a tempo completo, en concreto, 25.900 persoas.

Señora Blanco, na súa intervención vostede —diciálle— omitiu moitos datos e, por exemplo, falando de calidade, non reflectiu que en Galicia dous de cada tres asalariados —dous de cada tres asalariados en Galicia— son indefinidos, cun contrato de traballo a xornada completa, e tamén que hai 10.500 persoas máis no último ano que teñen ese contrato indefinido a xornada completa. E tampouco dixo que os fogares galegos con todos os activos ocupados aumentaron no último ano preto do 3 %. E hoxe, en Galicia, tres de cada catro fogares galegos teñen todos os seus activos traballando.

É certo que temos que seguir afondando na situación dos fogares, en concreto, fáltannos 72.100 familias ás cales lles temos que dar unha solución axeitada e urxente. Loxicamente, esa solución ten que pasar polo emprego. E por iso, señoría, si que lle podo dicir que marcamos como prioridade, precisamente, a reinserción laboral desas familias que teñen todos os seus activos en paro.

Imos traballar para mellorar a atención individual de cada persoa desempregada a través dun enfoque integral na mellora da empregabilidade da familia no seu conxunto. É, efectivamente, un dos obxectivos que queremos compartir cos grupos parlamentarios, e esperamos encontrar ese consenso nesta nova iniciativa.

Imos —como lle dicía— seguir avanzando, imos priorizar os colectivos máis afectados, efectivamente, os mozos, as mulleres, os parados de longa duración. Impulsaremos, loxicamente, que eses traballos sexan estables e de calidade, e todo iso, señoría, tendo en conta que os problemas do mercado laboral en Galicia, en España, a nivel internacional, son estruturais. E, polo tanto, iso precisa de actuacións realistas, necesita de consenso cos axentes sociais e necesita tamén dunha maior coordinación entre as diferentes administracións. E, por ese motivo, señoría, imos traer a este Parlamento unha lei de emprego; unha lei de emprego onde poidamos establecer o contexto máis favorable, desde o punto de vista normativo, para favorecer a creación de emprego, e emprego de estabilidade, emprego de calidade. Eu trasládolle a vontade, dende logo, deste goberno de poder consensuar ese texto normativo para incluír as medidas máis axeitadas.

Tamén traballaremos, loxicamente, no Plan de emprego feminino. Temos que traballar para darlle un espazo, o espazo que lles corresponde ás mulleres, dentro do mercado laboral e,

dende logo, tamén estaremos atentos ao Programa de garantía xuvenil, que, como sabe, se abriu o diálogo a nivel de España por iniciativa da Comisión Europea; dende logo, en Galicia imos darlle un novo impulso.

Creo, señoría, que a situación do mercado laboral e a situación económica en Galicia precisa dun maior diálogo, precisa dun maior consenso, precisa de identificar conxuntamente cales son as solucións máis axeitadas, e dígolle con todo o respecto que creo que, cando falemos de emprego, debemos de deixar o fatalismo. Creo, sinceramente, que non cabe dar marcha atrás nas reformas que teñen permitido cambiar a tendencia e crear emprego. Eu espero que nestes 100 días vostede poida cambiar a actitude de cara ao Goberno e, dende logo, eu o que si lle podo dicir é que temos un camiño difícil pero importante por diante. E nese debate de mellora do mercado laboral, dende logo, si atopará a este goberno.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Conde.

Na rolda de réplica ten a palabra a señora Blanco Rodríguez.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Déixeme, señor conselleiro, antes de nada, ubicalo no tempo. Estamos no ano 2016, o que quere dicir que a herdanza que recibimos tanto en Galicia como en España non é nin a do señor Touriño nin a do señor Zapatero; é a do señor Rajoy e a do señor Feijóo. (*Aplausos.*) Esa é a herdanza que estamos recibindo, señor conselleiro, antes de nada.

Lamento moitísimo que vostede hoxe veña aquí dicir que as súas políticas van continuar pola mesma senda. E déixeme dicirlle a vostede que deu datos que non son, dende logo, os que manexamos o Grupo Socialista nin os datos da EPA, que non son datos nosos. O número de ocupados en España incrementouse un 2,65 %; en Galicia, un 1,82 %. O número de afiliacións á Seguridade Social en España incrementouse un 3,44 %; en Galicia, un 2,14 %. E vostede estivo antes tamén falando da redución de fogares con todos os membros en paro. Pois ben, en Galicia, é de 1,4 —repito, do 1,4—; no resto do Estado, do 8,6 de media, señor conselleiro. Así que creo que non hai moitos motivos para dicir que isto é un éxito, parécenos a nós.

¡E só faltaba, señor conselleiro, que dous de cada tres asalariados non foran indefinidos!, ¡só faltaría! Agora, ¿cantos empregos indefinidos se crearon durante estes últimos anos? Pois mire, a tendencia da que fala vostede de creación de emprego estable é que dende que entrou en vigor a reforma laboral o 40 % dos contratos temporais asinados non superan unha semana de duración, o dobre de antes de entrar en vigor esta reforma. E vostede, como falou do señor Touriño e falou tamén de que van seguir afondando —do Bipartito, efectivamente— e de que van seguir pola senda de traballar arreo, déixeme dicirlle que o señor Touriño, o presidente Touriño, deixou unha partida de fondos propios da Xunta para que os municipios puideran contratar persoas paradas de 8,5 millóns de euros. O señor Feijóo suprimiuna. O Estado ten fondos para que os municipios poidan contratar demandantes. Nos orzamentos do ano 2011, o último ano do Goberno do señor Zapatero, aparecían 50 millóns

de euros en transferencias; este ano, con Rajoy, 1,3 millóns. Esa é a herdanza que estamos recibindo, señor conselleiro, a súa, a propia.

Adicou moi pouco tempo a falar da mocidade, como soe ser habitual no seu goberno. E, por suposto, falou do Plan de garantía xuvenil. Eu a verdade é que non sei de que vén presumir, ¿do plan de garantía xuvenil, señor conselleiro? Hai dous anos da posta en marcha do mesmo, do período 2014-2020. Un plan que conta cunha dotación de máis de 6.000 millóns de euros, co obxectivo de que se reciba unha oferta de emprego, educación continua ou prácticas nun prazo de catro meses tras a educación formal ou quedar desempregados. A pesar dos alarmantes datos da EPA que achegan a mocidade ao 40 % de desemprego —e, vólvollo repetir, señor conselleiro, existen, visibilice os milleiros de mozos e mozas que están fóra do noso país—, ademais diso, os datos —e son do Ministerio de Emprego, señor conselleiro, non son do Grupo Socialista— son alarmantes.

O Goberno galego só planificou o 13,72 % do orzamento asignado para os anos 2014 e 2015. Como comprenderá, nós en 100 días o que imos seguir facendo neste hemiciclo, o que imos seguir defendendo, é que o seu goberno se preocupe e se ocupe de milleiros de persoas que o están a pasar mal, que se preocupe e se ocupe de crear emprego estable e de calidade, que é o que había antes desa reforma laboral.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Blanco.

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Grazas, señor presidente.

Señora Blanco, permítame que a corrixa: eu non falei aquí de éxitos, en ningún momento. Agradeceríalle que cando fixera referencia á miña intervención non puxera na súa intervención referencias que eu en ningún momento trasladéi.

Eu vin aquí falar de realidades. Vin falar de realidades, de datos da EPA, de datos do paro rexistrado, de políticas que entendemos que están tendo resultados concretos, e tamén vin falar aquí de medidas que entendemos que temos que seguir impulsando, e ofrecínlle esa capacidade de diálogo e de consenso que vostede en ningún momento parece que quixo recoller, pero eu, como lle dei 100 días, pois espero que nos próximos 100 días poidamos chegar a un entendemento, porque entendo que a situación do mercado laboral é realmente unha preocupación de todos, é unha preocupación de todos os grupos parlamentarios, e temos que dar unha resposta, baixo a responsabilidade, loxicamente, do Goberno, pero o Goberno tende a man á oposición para establecer esas canles de diálogo, incluído tamén, loxicamente, nesa lei de emprego.

Eu non fixen referencia á herdanza, vostede ocupouse xa desta referencia, pero eu non sei... Se vostede fai referencia ao pasado, pois eu teño que facela, porque, claro, eu non sei se quere

que fale de Zapatero ou do Bipartito, podemos falar do que queira. Mire, a finais do ano 2011, con Zapatero en España, destruíanse 1.400 empregos, esa é a realidade; 1.400 empregos se destruían en España todos os días. No Bipartito eran 50.900 galegos e galegas os que pasaron a engrosar as listas do desemprego no último ano. E, neste momento, señoría —e esa é a herdanza do traballo de oito anos—, o mes de outubro pechouse con 23.152 desempregados menos na lista do paro con respecto ao ano 2015. Estamos nestes momentos, señoría, cunha taxa de paro rexistrado por debaixo dos niveis que tiña Galicia hai sete anos.

E esa recuperación tamén está na calidade. Eu vou volver insistir: dous de cada tres traballadores son indefinidos a xornada completa. Pero, señoría, o 86 %, máis de 8 de cada 10 persoas en Galicia, teñen un traballo a xornada completa. O 86 % dos galegos teñen un contrato a xornada completa, e 7 de cada 10 teñen un contrato indefinido. Aí é onde temos que traballar. Esa é a realidade, e eu creo que cos datos que vostede aporta realmente o único que quere trasladar é confusión.

Loxicamente, temos que traballar para crear emprego, e iso responde a un modelo de crecemento no que estamos a traballar, na economía do coñecemento, en máis innovación, en máis industrialización, e iso significa apoiar os xoves, apoiar os emprendedores, significa apoiar os autónomos; significa, señoría, tamén apoiar o tecido industrial. Eu espero que o Grupo Socialista apoie nesta lexislatura a industria e, polo tanto, que apoie a Rozas, que apoie a Ence, que apoie a Reganosa, que a apoie a Cee e Dumbría e que apoie tamén a Sabón. Espero que apoiem vostedes a industria e espero tamén encontrar oportunidades, loxicamente, no sector primario e, polo tanto, no forestal, no lácteo e no agroalimentario, un traballo no que nos temos que empeñar. Nesa Axenda 20 para o emprego é onde temos que situar o debate da mellora do mercado laboral e, polo tanto, traballar na maior inserción laboral, na contratación estable de calidade e, por suposto, nesas familias, señoría, que teñen a todos os seus activos en paro. Loxicamente, traballaremos no eido das políticas activas de emprego para mellorar a súa inserción laboral.

E, por suposto, desenvolveremos o Plan de emprego para as mulleres facilitando a súa inserción, equilibrando a súa participación en todos os sectores onde temos que traballar e tamén, loxicamente, procurando os medios posibles para eliminar a fenda salarial. E traballando cos xoves, coa mocidade. Vostede deu datos comparativos de Galicia e de España. Sabe perfectamente que a taxa de paro dos xoves é menor en Galicia que en España, sábeo perfectamente, e nós seguiremos traballando nese programa de garantía xuvenil, traballando na intermediación, na empregabilidade, nos incentivos á contratación e no emprendemento. Esperamos, loxicamente, encontrar o Grupo Socialista nese contexto.

Creo que os feitos son os que son, creo que os feitos están avalando a acción do Goberno e eu espero que o Grupo Socialista reflexione, nestes 100 días, decida e queira traballar no futuro de Galicia, no consenso, no diálogo co Goberno e, polo tanto, abrindo oportunidades a todos os galegos porque, señorías, esta é a lexislatura da consolidación económica, é a lexislatura de seguir creando emprego, é a lexislatura de seguir medrando a calidade e a estabilidade do noso mercado laboral.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Conde.

Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Antes de proceder á suspensión da sesión ata as 16.30, quero comunicarlles que houbo unha alteración da orde do día e, polo tanto, as preguntas 5.4 e 5.5, que versan sobre o mesmo asunto, serán acumuladas, e a 5.4 e a 5.5, xunto coa 5.6, serán debatidas ao final do turno de preguntas.

Así que, feita esta aclaración e estando de acordo todos os autores das preguntas, suspendemos a sesión ata as 16.30.

Suspéndese a sesión ás dúas e catorce minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

O señor PRESIDENTE: Reanudamos a sesión co punto quinto da orde do día, que se corresponde co de preguntas ao Goberno.

Antes quixera explicarlles que, igual que nos outros apartados hai unha certa flexibilidade por parte da Presidencia co tempo, neste temos que ser un pouco máis estritos. Entón, tamén teño a ben comunicarllelo ás súas señorías para que teñan en conta que as preguntas son de tres minutos, a réplica de dous e que nós temos que cortar cando o tempo xa estea cumprido.

Despois, comunicara o vicepresidente unha alteración da orde do día, e agora temos que facer unha contraalteración da orde do día —pequena—, e é que as preguntas que se ían debater en penúltimo e en último lugar, que se corresponden coa pregunta acumulada sobre Ferroatlántica, as imos debater en último lugar —si téño aquí, Ferroatlántica; é unha pregunta que é un debate acumulado de dous grupos— e debatemos en penúltimo lugar a pregunta do señor Lago Peñas.

Entón, se lles parece correcto... Perfecto.

Pregunta de D^a Patricia Vilán Lorenzo e de D^a María Luisa Pierres López, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o anuncio de investimento de máis de 15 millóns de euros para ampliar a estación depuradora dos Praceres, en Pontevedra

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

2001: Augas de Galicia declaraba zona sensible a marxe dereita da ría de Pontevedra. 2009: o ex-conselleiro de Medio Ambiente dicía: Reorientaremos a política de saneamento das rías tras o fracaso de xestión do Bipartito. 2013: Augas de Galicia, de novo, declara zona sensible a ría de Pontevedra. 2014: unha gran parte dos bancos marisqueiros adscritos ao Pósito de Raxó, en Poio, en fronte de Pontevedra, declarábanse zona C. Finais de 2014: a Comisión Europea volvíu denunciar a España ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea por deficiente tratamento das augas residuais urbanas en varias zonas de Galicia —Poio, Pontevedra, Marín

e Bueu—, e xa pasara en abril de 2011 e en outubro de 2013. 2016: curiosamente, no verán, antes das eleccións autonómicas, o presidente da Xunta anunciaba un investimento de máis de 15 millóns de euros para ampliar a EDAR dos Praceres. As súas verbas foron: «En 2016 é a prioridade da Consellería de Medio Ambiente, e será a infraestrutura máis importante dentro do plan para o saneamento integral da ría. A Xunta traballa na planificación dos traballos para inicialos antes de que remate este ano 2016».

Conselleira, a realidade é que en Lourizán hai unha planta, a dos Praceres —é unha EDAR—, que está xestionada directamente por Augas de Galicia. Encárgase do tratamento das augas residuais urbanas de Pontevedra, de Marín, de parte dos municipios de Poio, de Sanxenxo e de Vilaboa, vostede sábeo ben. Pontevedra non ten completado a súa rede de saneamento. O último convenio que se tiña que firmar vostede decidiu non firmalo e, como consecuencia, a ría de Pontevedra soporta un tratamento de augas excesivo e padece unha depuración deficiente.

Tamén, antes das eleccións, vostede mesma, conselleira, firmaba con Ence apoio económico á ampliación da EDAR, un proxecto de ata 15 millóns de euros —con foto incluída—, dentro dun pacto ambiental coa empresa. Isto pasaba en xuño, conselleira. O convenio específico —segundo dixo vostede en xuño e segundo recolleron os medios de comunicación— para a mellora da depuradora íase firmar en tres meses. Pasaron cinco, e o peor de todo, pasaron quince anos dende aquel ano 2001 no que se declaraba a marxe dereita da ría de Pontevedra zona sensible.

E despois destas historias, que parecen como *Pedro y el lobo*, porque van vir, van vir, e nunca veñen, entenderá que lle preguntemos se son certas as declaracións do presidente da Xunta de Galicia dun investimento de máis de 15 millóns de euros, como dixo en precampaña electoral, para a estación depuradora dos Praceres, en Pontevedra.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Moitas grazas, presidente.

Señora Vilán, pois, efectivamente, ten vostede razón en todo o relatorio que fixo sobre as datas e os distintos pasos, que veñen garantir ese compromiso do Goberno da Xunta de Galicia tanto no 2001 como no 2013 coa mellora do saneamento da ría de Pontevedra. Faltoulle a vostede unha data en concreto, que é decembro de 2015. Non falou vostede de decembro de 2015, porque probablemente non saiba que en decembro de 2015 se aproba o Plan hidrolóxico Galicia-Costa, onde, efectivamente, se inclúe un investimento de 45 millóns de euros para o saneamento da ría de Pontevedra. Nada ten que ver cos 15 millóns de euros dos que vostede está agora a interpelarme, pero a verdade é que a resposta sería, dende o meu punto de vista, sinxela. ¿Vai investir 15 millóns de euros? Si, e non son 15 millóns de euros, senón máis.

Tanto é así que dende aquelas datas nas que vostede fai o relatorio, no ano 2010, fíxose un convenio co Concello de Pontevedra para facer distintas actuacións en materia de saneamento nese concello. Eses 10 millóns de euros non puideron ser executados na súa totalidade, foron 8,8 millóns os que puidemos executar. Faltou máis dun millón de euros que non fomos quen de executar pola falta de disposición de terreos por parte do Concello para poder levala adiante e rematar ese convenio que tiñamos co Concello de Pontevedra.

Pero os investimentos coa ría de Pontevedra teñen que ir máis aló do Concello de Pontevedra e, como sabe vostede moi ben, temos un compromiso firme de seguir mantendo a EDAR dos Praceres na cidade de Pontevedra, unha EDAR que está a custar á Xunta de Galicia, é dicir, a todos os galegos, 3 millóns de euros ao ano, a única EDAR das sete capitais que temos na nosa comunidade que está sendo mantida pola Xunta de Galicia. Nas outras capitais estase a manter esta EDAR polos concellos pertinentes e, evidentemente, nós xa estamos investindo 3 millóns de euros para manter esa EDAR, e non só iso, senón que, de feito, neste ano, no ano 2016, temos un investimento destinado á ría de Pontevedra —non só a Pontevedra, senón a Marín e a Poio—, de máis de 11 millóns de euros, aos que temos que sumarles os 13 que xa investimos dende o ano 2009. Once millóns de euros, señora Vilán, que a día de hoxe están xa licitados ou a piques de licitar, porque estamos a piques de licitar unha segunda actuación en Marín —5,5 millóns de euros—, e os outros 5,5 millóns de euros que faltan aínda estamos á espera de que o concello de Poio asine e sinale o emprazamento axeitado para esa EDAR que xa temos comprometido e que vai mellorar a situación na que se atopa a ría de Pontevedra.

Polo tanto, como dicía vostede moi ben no seu relatorio, ¿compromiso por parte do Goberno da Xunta? Si. ¿Dende o ano 2001, dende que se fixo sensible? Si. ¿Que a Xunta de Galicia é a que vai investir? Tamén. ¿Que no ano 2016 temos 11 millóns de euros para toda a ría, non só para Pontevedra? Tamén. ¿E que haberá 45 millóns de euros de aquí ao ano 2020? Tamén.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Réplica, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Conselleira, a ría non se fixo sensible, hai zonas da ría que foron declaradas sensibles, pero a ría non se fai sensible, senón que hai zonas que necesitan, que teñen unha sensibilidade especial en canto ao seu tratamento.

Tamén é verdade que a EDAR non é mantida pola Xunta, en todo caso, será mantida por todos os cidadáns galegos, é dicir, somos todos os que contribuímos a que esa EDAR poida funcionar.

Está ben facer política a través de titulares de prensa, conselleira, pero o importante é que dende o ano 2001, dende o momento en que declarou zona sensible a ría de Pontevedra, se-

guimos exactamente igual. Os propios representantes do sector, nunha das últimas reunións que tiveron con vostedes, dixeron: de tanto escoitar sempre o mesmo, foi como se non nos dixeran nada. É dicir, vostedes prometen, prometen, pero logo non o fan. Todos estes datos que me acaban de dar, estas cifras —que, por certo, non coinciden tal cal—, son as mesmas cifras que hai seis ou sete meses o seu secretario xeral de Calidade Ambiental nos contaba neste Parlamento. E a referencia que fai vostede ao Plan hidrolóxico de 45 millóns de euros é o mesmo que nos contou o seu director xeral de Augas de Galicia precisamente en comisión. O que dicía el era o seguinte: que primeiro era necesario un plan de saneamento, que segundo ían comezar vostedes a traballar antes de que remate o 2016 na ampliación da EDAR, pero que había un escollo, un problema fundamental, para a ampliación da EDAR, que é a legalización dos terreos, o problema da legalización dos terreos, e que se non se legalizan os terreos a ampliación da EDAR vai ser absolutamente imposible.

Polo tanto, ¿como vai, conselleira, o procedemento de legalización dos terreos? E, se non vai haber legalización dos terreos, eses 15 millóns prometidos polo presidente da Xunta non van poder ir á ampliación da EDAR, supoñemos. A nosa pregunta é: ¿é certo que, despois de tantas historias que nos veñen contando, eses 15 millóns de euros se van investir?, ¿é certo? E, se non hai legalización dos terreos, ¿que vai pasar coa ampliación e, polo tanto, que vai pasar coa EDAR dos Praceres...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora VILÁN LORENZO: ...e co tratamento das augas residuais de toda esta zona?

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Turno de peche, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero):

A verdade é que encaixa o que lle contaron os directores xerais desta consellería co que tento, dalgunha maneira, repetir neste Parlamento. Efectivamente que hai que dar todos estes pasos, son absolutamente necesarios. Eu creo que ninguén pensa gobernar se non ten unha folla de ruta, e é absolutamente imprescindible ter un plan de saneamento para a ría de Pontevedra, e dicímolo con coñecemento de causa, porque foi absolutamente imprescindible para sanear a ría do Burgo e mesmo tamén para sanear a ría de Ferrol. Estas follas de ruta foron escritas. A día de hoxe, por exemplo, na ría do Burgo, temos tamén xa practicamente rematado o compromiso por parte do Goberno da Xunta para o seu saneamento e, polo tanto, cremos que ese paso é axei-tado dalo, e, de feito, ese máis dun millón de euros —1,5 millóns de euros—, que foi a licitación para a redacción dese plan de saneamento, a día hoxe está en vigor, e non só está en vigor, senón que das oito fases que se teñen que desenvolver nos próximos 24 meses —porque vai durar aproximadamente 24 meses—, delas, dúas xa están en funcionamento porque fomos máis rápidos, se cabe, do que tiñamos que ir, e fomos máis rápidos, señora Vilán, pola presión das persoas que traballan e que viven do medio do mar. Fomos máis rápidos porque, efectivamente, constituímos unha mesa que para min é vital na que están sentados os concellos da ría de Pon-

tevedra e, por suposto, os sectores afectados, e onde eles, e só eles, dalgún xeito, están a marcar as prioridades dos investimentos que ese plan de saneamento vai inscribir e que dende a Xunta de Galicia imos executar dende xa. Entre elas, acordamos co sector o emisario e, por suposto, a EDAR como investimentos prioritarios para acadar o máis rápido posible a mellora da situación e a mellora do saneamento da ría de Pontevedra. Foi acordado con eles e neses pasos estamos.

E dicía vostede a palabra «legalizar». Bueno, pode ser un termo que vostede utiliza, e pode ser que incluso ata sexa o axeitado, aínda que a min me gusta máis dicir que o que temos presentado ante Costas, ante o Ministerio, é a solicitude de autorización dos terreos para que, efectivamente, poidamos ter a EDAR, como di vostede, legalizada e, por suposto, tamén a capacidade de actuar dentro do emisario.

De todos estes pasos que demos no Plan de saneamento, máis alá das batimetrías, que era algo absolutamente importante para coñecer os fondos e mesmo tamén a modelización e o comportamento da ría de Pontevedra, que tamén é importante, o que temos é a capacidade de comprometermos xa —e así o trasladamos ao sector— con poder redactar o anteproxecto do emisario, que foi o primeiro que pediron eles, e mesmo tamén da EDAR, no primeiro trimestre do ano 2017. É dicir, ¿ese investimento do que vostede fala e polo que vostede pregunta é unha realidade? Eses 45 millóns de euros que ten a Xunta de Galicia centrados xa no seu Plan hidrolóxico serán unha realidade ao remate do ano 2020, non só para ría de Pontevedra, senón que teremos todas as actuacións no ano 2020 con este plan de saneamento para todas as rías...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): ...da nosa comunidade, pero si que é verdade que eses 15 millóns dos que vostede fala de Ence...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): ...son a maiores.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

Pregunta de D. José Luis Rivas Cruz, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a opinión do Goberno galego respecto da instalación de vertedoiros, como o previsto en Lousame, como alternativa de futuro viable para os residuos industriais

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

O señor RIVAS CRUZ: Boas tardes a todos e a todas.

No monte Culou, en Lousame, na cabeceira dunha cunca tributaria de 201 hectáreas, que alimenta o rego de Fontecavada, afluente do río Vilacova, a Gestora de Residuos del Noroeste pretende instalar un centro de xestión ambiental, é dicir, un vertedoiro de lixo industrial.

Este río Vilacova xúntase ao río da mina de San Fins e forman o Traba, que verte as súas augas na ría de Muros-Noia. Este esteiro da ría de Muros-Noia alberga os máis grandes bancos naturais de cría de moluscos e produción do noso país, nomeadamente berberecho e ameixa, e da súa extracción e comercialización viven cada tempada un gran número de veciños e veciñas desa comarca, nos últimos anos preto de 1.600 mariscadores e mariscadoras que traballan nas concesións xestionadas pola Confraría de Pescadores de Noia. Este proxecto de vertedoiro, de chegar a realizarse, ameazaría esta riqueza herdada dos nosos antepasados, patrimonio dos actuais galegos e obrigado legado para as xeracións futuras.

Este macrovertedoiro, que ocuparía 20 hectáreas e que actuaría asociado a Sogama, ten previsto recibir nos dez anos de vida útil un total de 700.000 toneladas. Das 100.000 toneladas de residuos que acollería anualmente, o 80 %, máis das tres cuartas partes, rematarían soterradas no vertedoiro, xerando ano a ano lixiviados que escorrerían ata as nacentes, regatos e ríos antes mencionados, arrastrando todo ao seu paso e pondo en perigo os bancos naturais de marisco da ría; arrasando. Chamamos ao Goberno galego á sensatez política; á sensatez.

O BNG está por avanzar nun modelo de xestión dos residuos baseado nos tres erros: redución, reutilización e reciclaxe, e mais no impulso da compostaxe que supere o modelo de Sogama: ineficaz, esgotado e contaminante. Todo o contrario do que o Goberno do PP patrocina.

O sistema Sogama, que no 2015 reciclou só un 3,23 % do lixo, ademais dun sistema caro, está obsoleto. Pode ser un bo negocio para algúns, pero pon en perigo o futuro do noso equilibrio ambiental. A ese ritmo, ¿como vai Sogama e asociados chegar ao 50 % de lixo reciclado que exige Europa para o 2020?

Desde o BNG queremos coñecer a posición do Goberno galego sobre o futuro vertedoiro de Lousame e doutros, que forman ou pretenden formar parte da rede de bombas ambientais retardadas que herdarán os fillos dos fillos dos nosos fillos e que, se non lle poñemos remedio, hipotecarán unha parte esencial do seu futuro.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Respóstalle a conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Moitas grazas, presidente.

Moitas grazas, señor Rivas, e benvido á Cámara. É a primeira vez que teño a honra de ser interpelada por vostede, espero respostarlle.

Non sei se lle gustará a miña resposta, pero si que quero, polo menos, garantir o compromiso do Goberno da Xunta de Galicia. O compromiso do Goberno da Xunta de Galicia nas miñas competencias, obviamente, é só no saneamento das rías, pero teño que informalo de que

teño tamén unha sensibilidade especial —non só a propia do Goberno da Xunta de Galicia— co sector do mar porque —por se non o sabe vostede— eu fun delegada da Consellería de Pesca na provincia da Coruña, e o patrón da Confraría de Noia é unha persoa que daquela xa era patrón, polo tanto, coñézoo e coñezo ben as súas preocupacións. E, por suposto, teña a completa seguridade de que a Consellería do Mar, o presidente da Xunta de Galicia e mais eu, como conselleira de Medio Ambiente, non estamos a traballar doutro xeito que non sexa para mellorar as condicións e que esta xente poida traballar e vivir do mar.

Falaba vostede deste plantexamento que para nós é unha prioridade, que é levar adiante a xestión baseándonos nas catro erres. Baseándonos non nas tres erres, senón nas catro erres, que son a redución, a reutilización, a reciclaxe e mesmo tamén a recuperación enerxética.

Iso é algo no que estamos comprometidos, non só na xestión da nosa planta, a planta na que participa a Xunta de Galicia, que é Sogama, na que non podo coincidir con vostede no seu cualificativo en canto á súa eficiencia e xestión —tentarei darlle resposta tal e como está a plantexar—, senón tamén mesmo dando cumprimento ao Plan de xestión de residuos urbanos.

De feito, ese plan de residuos urbanos —que xa está en marcha dende o ano 2010— está a acadar os seus primeiros pasos. Reducimos un 11 % a xestión de residuos per cápita; eliminamos 625 puntos de verquidos incontrolados; incrementamos un 19 % os puntos limpos. E a min gustaría sinalar, porque creo que é importante, sobre todo para vostede —xa que o vexo tamén, coma min, un firme defensor da non-existencia de vertedoiros—, que clausuramos nós e investimos 4 millóns de euros para clausurar todos os vertedoiros que estaban na nosa comunidade, e, evidentemente, nós cremos que temos que seguir nesa senda.

Fala vostede de Sogama como se non fora un referente. Para min é un referente en materia medioambiental. E diríalle máis, un referente internacional. E non é así o que está a ocorrer con outras plantas que existen na nosa comunidade; hai tres plantas na nosa comunidade.

Falaba vostede de vertedoiros. Só por poñer un exemplo, e sen falar de toneladas, que as toneladas están na memoria, son 580.000 toneladas, aproximadamente, as que se trataron no ano 2015 na planta de Sogama. Pero o dato importante, máis alá da reciclaxe material, é que o 25 % foi o que fomos quen de desviar ao vertedoiro. E dirá vostede: pois é unha cifra alta. Si que o era, si que o é, pero era máis alta aínda, se cabe, o 40 %, que era o que atopamos nós, no ano 2009, que se desviaba ao vertedoiro. Ou aínda máis alta é, señor Rivas, nas plantas de Lousame ou nas plantas de Nostián, nas que se desvía ao vertedoiro o 50 % e o 70 %.

Estes son os datos que acompañan a xestión de Sogama. Logo continuarei, de todos os xeitos, intentando explicar a postura do Goberno. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Réplica, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Descúlpeme, señora Mato. Eu non sei por onde empezar, co tempo que teño.

Vostede fala e podemos falar de Nostián ou podemos falar da mancomunidade do Barbanza, que xestionan e reciclan un 13,4 % e un 35,7 %, mentres que en Sogama, nas cifras que eu teño —e que creo certas porque son públicas—, no 2014 pasaron dun 6 e pouco de reciclado a ese 3,23 %; é dicir, que imos descendendo. Así non acadamos as cifras que quere Europa.

Por outra banda, mentres que Sogama emprega a 43 persoas por cada 100.000 toneladas procesadas, a do Barbanza emprega 150 persoas por 34.000/ano. É dicir, se nós estamos carentes de empregos, o sistema de Sogama ao que nós está levando á xente que ten un pouco de luces é a xestionar o lixo por si mesma, mancomunizando con varios concellos e facendo o tratamento separando á man.

Os 73,90 euros que se pagan por tonelada depositada en Sogama, que paga o meu Concello de Boimorto —que paga cerca de 5.000 euros mensuais por procesar 69 toneladas de lixo—, dan para manter 3, 4 ou 5 postos de traballo e ademais facer separación e facer educación ambiental.

Porque mire, eu proveño da educación, son mestre de primaria, de aldea, de unitaria. Alí hoxe non se ven papeis pola rúa practicamente. Pois foi de levar os rapaciños: isto bótase aquí. Pois eu creo que unha das medidas que debe tomar a súa consellería é educar; non coma aos rapaciños, por suposto, pero facer unha gran campaña de educación para reducir a produción de lixo e, sobre todo, para separar e tomarse en serio estas bombas que, repito, os nosos netos non merecen.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Turno de peche, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Vexo que é un tema que nos apasiona tanto a vostede coma a min. Non nos van dar os tres minutos para dar resposta a todo o que vostede plantexa. Vou cinguirme ao que teño escrito, e logo despois, en calquera outro momento, teremos a oportunidade de falar de todo isto. Máis que nada, por dar resposta á pregunta do vertedoiro de Lousame e tamén clarexar unha serie de apreciacións que vostede fai.

Estou totalmente convencida de que, efectivamente, a educación ambiental é importante, e é importantísima tamén desde pequenos. De feito, temos visitas programadas á planta de Sogama e son miles os nenos e rapaces que dende as escolas asisten para ver ese proceso.

Pero, independentemente disto, fai vostede unha afirmación, na súa primeira intervención, que di que hai unha conexión e unha relación intrínseca entre a solicitude que temos na Consellería de Medio Ambiente para ese vertedoiro de Lousame e a planta de Sogama, e non é certo, ¡non é absolutamente nada certo!, e dígolle por que. Porque a solicitude de autorización ambiental que temos é a solicitude dunha planta de xestión de residuos industriais, ¡industriais!, e como sabe vostede, Sogama é unha xestora de residuos urbanos; non ten ab-

solutamente nada que ver. Pero, de todos os xeitos, o máis importante é clarexar a situación e dar transparencia total e absolutamente.

Polo tanto, a min gustaríame dicirlle os pasos que demos con respecto a esta solicitude, que, evidentemente, van acordes estritamente coa lexislación vixente.

O primeiro de todo, foi rexistrada na Consellería, por parte da empresa, esa solicitude de autorización ambiental integrada.

En agosto deste ano, do 2016, solicítase informe a 12 entidades relacionadas con esta materia: colectivos ecoloxistas, departamentos da Administración e, obviamente, tamén o concello. Algunhas destas entidades solicitaron que se lles aportara a información adicional que botaban en falta. Parte desas entidades que pediron información adicional son da Xunta de Galicia, e mesmo tamén o propio concello.

En setembro e outubro sométese este expediente a exposición pública. Neste período temos 16 alegacións presentadas, tanto de particulares como de ecoloxistas e doutros partidos políticos. E en novembro deuse traslado á empresa de todos estes informes recibidos e das alegacións.

Neste punto é no que nos atopamos agora mesmo. Unha vez que se reciban todas as respostas por parte da promotora, ese expediente completo será remitido ás entidades para que se poida elaborar o informe final, e esperar ao remate desta tramitación, que vostede sabe moi ben que é moi longa.

O que lle podo garantir —como dicía o presidente da Xunta de Galicia esta mañá, falando de Ferroatlántica— é que imos darlle o tratamento que é a obriga que temos os gobernantes, que é cumprir e facer cumprir a lexislación vixente; e se hai un só informe negativo, evidentemente ese vertedoiro non sairá adiante. Por un só informe negativo que incumpra a lexislación vixente.

O que lle quero garantir é que non somos nós, o Goberno da Xunta de Galicia, os da política dos vertedoiros, ¡nin moitísimo menos! De feito —insisto—, somos nós os que investimos 4 millóns de euros para clausurar os vertedoiros que existían e que non estaban ben tratados, pero somos tamén os que temos a obriga de cumprir coa lexislación vixente.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Pregunta de D. Jaime Castiñeira Broz e catro deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a resposta que lle están a dar os concellos galegos ao Programa de vivendas baleiras posto en marcha pola Xunta de Galicia na IX lexislatura

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Martín Fernández Prado, do Grupo Parlamentario Popular.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Señor presidente, membros da Mesa, señorías, profesionais do Parlamento e dos medios, invitados e persoas que nos acompañan, señora conselleira, boas tardes a todos.

Coa venia do presidente, gustaríame que nesta primeira participación que teño quede constancia —como algunha das persoas fixeron onte— da honra que é para min formar parte deste Parlamento e tamén —como dicían onte— que me produce o mesmo respecto que a algunha outra señoría do Parlamento.

Volvendo á pregunta, a pasada lexislatura un dos eixos prioritarios do Goberno galego centrouse no desenvolvemento dunha vizosa axenda social coa posta en marcha de plans, medidas e actuacións encamiñadas a facer fronte a situacións de dificultade que estaban a sufrir algunhas familias galegas por mor da famosa, e nomeada neste pleno, crise económica. É verdade que o impacto foi algo menor en Galicia, grazas á axeitada xestión do Goberno da Xunta de Galicia.

Nesa axenda social cobraron especial protagonismo as iniciativas relacionadas coa vivenda, co fin de reforzar os mecanismos para tratar de dar unha solución a aquelas persoas e familias con dificultades para afrontar o pagamento dunha hipoteca ou do alugueiro da súa vivenda.

Así, a Xunta de Galicia impulsou un paquete de medidas para garantir o dereito á vivenda e loitar contra os desafiuzamentos e as súas consecuencias, desenvolvendo novas fórmulas para facilitar o acceso a un fogar aos colectivos máis vulnerables.

Entre estas novas medidas que puxo en marcha o Goberno galego, atópase o Programa de vivendas baleiras, que contou no seu momento co apoio e a colaboración da Federación Galega de Municipios e Provincias, coa Fegamp. Un programa que ten como obxectivo prioritario crear unha bolsa de vivendas baleiras para alugueiro social, incorporando as vivendas de organismos, particulares e empresas que non se atopen habitadas, e contando para iso coa axuda e coa colaboración indispensable dos concellos de Galicia, das administracións locais.

Dende o comezo do Programa de vivendas baleiras, tanto o Goberno como o grupo que o sustenta nesta Cámara consideramos que a participación dos concellos é absolutamente imprescindible, xa que estes son a Administración máis cercana aos cidadáns e a que mellor coñece as casuísticas concretas das familias e dos cidadáns, por ser os que están máis preto deles, especialmente a través dos axentes sociais.

Neste grupo, e desde este Parlamento, consideramos que as familias que están en risco de perder a súa vivenda, ou que non poden acceder a ela, representan un drama social ante o que ningunha administración responsable pode inhibirse e mirar cara a outro lado, e menos os concellos. Por isto, e dado que o Programa de vivendas baleiras da Xunta representa unha grande oportunidade para sumar aos concellos galegos na loita...

O señor PRESIDENTE: Formule a pregunta, por favor.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: ...contra os desafiuzamentos, presentamos a seguinte pregunta: ¿Que resposta está a ter por parte dos concellos galegos o Programa de vivendas baleiras posto en marcha pola Xunta de Galicia na pasada lexislatura?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señorías, señor deputado, o Programa de vivendas baleiras que puxo en marcha a Xunta de Galicia forma parte das 12 medidas que impulsamos para dar apoio e dar solucións a esas familias con dificultades para conservar o seu fogar e tamén con dificultades para acceder a unha nova vivenda. Polo tanto, é un programa para axudar a esas familias con dificultades.

Está incluído no Plan RehaVita, aprobado en febreiro do 2015. Foi o primeiro plan en materia de vivenda aprobado polo Goberno galego, por un goberno autonómico. Un programa —o de vivendas baleiras— que, dende logo, é unha iniciativa pioneira, e o seu obxectivo prioritario —como dicía vostede— é pasar dun conxunto de vivendas desocupadas a unha bolsa de vivendas sociais; polo tanto, un conxunto de vivendas baleiras para alugueiro social.

O obxectivo, polo tanto, é poñer vivendas a disposición de familias en dificultades, de xeito prioritario os afectados por execucións hipotecarias e tamén os afectados por execucións e lanzamento de alugueiro. Queremos empregar as vivendas baleiras existentes nos diferentes concellos coa axuda das administracións locais. Que os concellos identifiquen esas vivendas baleiras nos seus concellos, de propietarios e de organismos, e as familias que están en dificultades, e, a través dunha comisión técnica entre Xunta e Concello, adxudicar esas vivendas a esas familias.

Por suposto que dende a Xunta de Galicia pensamos que é imprescindible a participación dos concellos. Como dicía vostede, son a Administración máis próxima ao cidadán, con competencias tamén en políticas sociais; é a primeira porta á que acceden as persoas e as familias en dificultades.

Así tamén o entendeu a Fegamp, e por iso coa Fegamp asinamos ese convenio marco o pasado 3 de maio, para desenvolver conxuntamente ese Programa de vivendas baleiras. E a Fegamp, por suposto, tamén o veu como unha oportunidade real para dar solucións reais a problemas reais que temos en Galicia.

O convenio establece as bases para a adhesión dos diferentes concellos a este programa que impulsou a Xunta de Galicia; e tamén establece prezos máximos de alugueiro en función do municipio, en función das características da vivenda e en función das circunstancias do beneficiario. En todo caso, o que queremos é que sexa de interese tanto para o propietario como

para o inquilino. E tamén algo moi importante: é compatible con calquera axuda social; polo tanto, é compatible, por exemplo, co bono de alugueiro social.

Dende o Goberno galego ofrecemos garantías porque estarán dobremente aseguradas: garantía de cobro e seguro de multirrisco de fogar e asistencia xurídica. O Concello de Ourense foi o primeiro municipio en adherirse a este programa, e a día de hoxe son 26 concellos os que se adheriron a este Programa de vivendas baleiras. Polo tanto, na Xunta de Galicia estamos a dotarnos de máis recursos para dar solucións a esas familias con problemas para acceder á vivenda.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Moitas grazas.

Señora conselleira, moitas grazas pola súa primeira resposta, pero quería pedirlle se, na medida do posible, podía concretala un pouco máis, *(Murmurios.)* no sentido de particularizar por provincias os datos dos concellos adscritos ao programa. *(Aplausos.)*

Igualmente, saber se teñen contactos con outros concellos que tamén mostraran interese en sumarse ao programa, e cales son. E, dentro deses, se especialmente algunha das grandes cidades —as que non están— mostrou interese. E mais sabendo —como dixo esta mañá— que a propia Valedora do Pobo, dentro dos seus informes, pediu que se incorporaran.

Esta mañá, señor Sánchez, quedei un pouco sorprendido vendo a interpelación que fixo En Marea. ¡A verdade é que escoita un cousas, cando escoita falar de temas sociais e de temas de vivenda...! Cando o Concello da Coruña, do seu proxecto estrela, 2.100.000 euros, deulles o 90 % da renda social para a compra de bicicletas. Por iso teño especial interese en saber cales foron as razóns —se as deron, por suposto— que algunhas cidades galegas —Ferrol ou Coruña, xa que demostraron tanto interese na interpelación— presentaron para non sumarse a este programa. Especialmente cidades como A Coruña, que ten 19.000 vivendas baleiras esperando por este programa, esperando, ademais, que dalgún xeito os cidadáns poidan beneficiarse dun programa que de verdade é, especialmente, social e interesante para os problemas dos cidadáns.

Esta mesma semana recordáballes aos veciños do BNG que levamos máis dun ano esperando na Coruña por unha comisión especial que se aprobou crear para traballar sobre os desafuzamentos; e seguimos esperando un ano despois, dado o interese. *(Murmurios.)* Por iso temos especial interese en saber que pasou nos concellos de Ferrol e da Coruña con este programa.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Turno de peche, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señoría, como dicía na miña primeira intervención, son 26 concellos de Galicia os que se adheriron a este Programa de vivendas baleiras impulsado pola Xunta de Galicia. En concreto, por provincias: 16 na provincia da Coruña; 2 na provincia de Lugo; 4 na provincia de Ourense; e tamén 4 na provincia de Pontevedra, pois o último —que foi o pasado venres— foi o Concello de Baiona. Outros 22 concellos de Galicia tamén mostraron interese en adherirse a este programa e están realizando os trámites previos para facelo. E os concellos adheridos están a tramitar os respectivos procedementos de selección de vivendas e de adxudicación —como indiquei— para comezar a mobilizar esas vivendas desocupadas e ofrecérllelas ás familias realmente en dificultades.

Na Xunta de Galicia estamos realizando un seguimento exhaustivo de como van eses procedementos nos diferentes concellos. Tamén ofrecendo a máxima colaboración, porque lles trasladamos propostas de ordenanzas e propostas de ordes para publicar e mobilizar as vivendas; tamén modelos de contratos... E, por suposto, coa máxima colaboración da Xunta de Galicia.

Como dicía, foi Ourense —das cidades galegas— o primeiro concello en sumarse a este programa. E entre os municipios que asinaron todos estes convenios para adherirse ao Programa de vivendas baleiras, o certo é que temos de diferentes cores políticas. Todos os concellos que asinaron, dende logo, felicítáronnos por esta medida. E entre as grandes cidades, temos concellos diferentes, como son o Concello de Ourense e o Concello de Santiago.

Pero, en realidade, na Xunta de Galicia o que máis nos preocupa é a negativa doutros concellos, doutras das grandes cidades, a adherirse a este programa, como o Concello de Vigo, o Concello de Ferrol e o Concello da Coruña, que non colaboran e non queren sumarse a este Programa de vivendas baleiras. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Nestas urbes o certo é que é onde máis casos temos e maiores problemáticas detectamos, por iso non só estamos preocupados, estamos tamén sorprendidos de que non se queiran adherir a este Programa de vivendas baleiras, porque, ademais, non supón nin un só euro, ningún gasto adicional, para os municipios que se adhiren.

Esa é a nosa sorpresa e a nosa preocupación. Por iso pedimos algo moi sinxelo: simplemente colaboración, non confrontación, e que se sumen a este programa. E así dotarémolos todas as administracións de máis recursos para axudar as familias que teñen problemas para acceder á súa vivenda.

Polo tanto, aproveito para facer un chamamento a eses concellos, a esas grandes cidades que non se queren adherir ao Programa de vivendas da Xunta de Galicia, porque é unha oportunidade real para solucionar problemas reais. Un chamamento a Vigo, a Ferrol e á Coruña para que recapaciten, que reflexionen e que se adhiran a este Programa de vivendas

baleiras, que tamén a Valedora do Pobo indicou o mesmo. Polo tanto, que asinen; axudar as familias debe ser o noso obxectivo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

(O señor Sánchez García pide a palabra.)

Non, non, pero, señor Sánchez, por alusións... pero...

(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)

Perdóeme un momento. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, perdóeme un momento. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* As alusións, en todo caso, é o artigo 76.1, e valóraas a Presidencia. E foi unha alusión de pouca monta, *(Risos.)* de moi pouquiña monta. *(Murmurios.)* Polo tanto, vai discorrer isto con normalidade.

Grazas, señor Sánchez.

(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)

Non, perdón, señor Sánchez, de moi pouca... *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, é seriedade. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Valóraas a Presidencia. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

Grazas, señor Sánchez. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Grazas. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Bueno, ¡por favor! Por favor, señor Sánchez, non me diga iso. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Vamos a cousas... ¡en fin!

Pregunta de D. César Manuel Fernández Gil e cinco deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a situación na que se atopa o ensino galego no referido ao desenvolvemento do curso académico 2016-2017

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don César Manuel Fernández Gil, do Grupo Popular. Cando queira.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Grazas, presidente.

Boa tarde, señor conselleiro.

As políticas que o Goberno do Partido Popular de Galicia desenvolveu nestes últimos anos en Galicia pasaron por afrontar unha transformación do ensino non universitario ao longo do primeiro mandato e, posteriormente, por consolidar esa revolución silenciosa no segundo mandato.

Hai un importante camiño percorrido, pero faise preciso seguir traballando para acadar para Galicia unha educación máis moderna, máis xusta socialmente e de calidade. Ese foi o compromiso adquirido polo novo goberno cos galegos e galegas, e que toca comezar a executar agora ao longo desta X lexislatura.

Sen dúbida, hai que seguir aplicando políticas educativas pensadas por e para o alumnado, para os centros, para o profesorado e para os equipos directivos, así como tamén para as familias; en definitiva, para toda a comunidade educativa.

No inicio desta nova lexislatura temos xa en marcha un curso escolar, e parécenos oportuno coñecer na Cámara de representación dos galegos e galegas, como é o Parlamento, cal é a situación actual e cara a onde se pode ir. Polo tanto, gustaríanos saber como se está producindo ou como se produciu o inicio do curso 2016-2017; como se está a desenvolver, se se está a desenvolver con normalidade; e como está a percibir este desenvolvemento a comunidade educativa galega.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Gil.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moi boa tarde, señor presidente, señorías.

Señor deputado, iníciase un novo curso parlamentario, unha nova lexislatura, e creo que temos unha grande oportunidade de traballar a prol da educación tanto nesta sede plenaria como no conxunto da Comisión 4ª. Esperamos que o traballo que temos que desenvolver no que nos queda de mandato poida contribuír a mellorar todo o que ten que ver co ensino galego.

Obviamente —vostede o dixo—, téñense feito moitos cambios nos últimos anos. Púxose en marcha un modelo educativo que podíamos dicir que ten o cuño de Galicia. E no tocante ao inicio de curso, os inicios dos cursos escolares sempre xeran un importante movemento de persoas, habilitación de recursos humanos e materiais, e, por suposto, unha grande obriga para acadar sempre o mellor para os nosos alumnos e para as nosas alumnas.

Cada curso escolar é sempre un reto exixente, difícil, onde se busca sempre impulsar un ensino de calidade, moderno, xusto e equitativo. No presente curso académico, no 2016-2017, a Administración, a Xunta de Galicia, e o conxunto da comunidade educativa temos unha responsabilidade: fomentar o mellor ensino posible e ter tamén o mellor clima formativo posible.

Estamos falando dun servizo que dá cobertura a un número importantísimo de persoas. Estamos a falar de 322.300 alumnos no ámbito non universitario. Estamos a falar de servizos como o transporte escolar, que mobiliza 90.000 alumnos; de servizos como o comedor, que mobiliza 60.000 alumnos; de máis de 30.000 profesionais e de máis de 1.100 centros propios; é dicir, estamos ante un servizo que mobiliza un inxente número de recursos.

Obviamente, nós entendemos que o curso se iniciou con normalidade, e dende sempre estamos lanzando unha mensaxe de tranquilidade ás familias. Creo que en Galicia nos fundamentamos no respecto institucional, implementamos a LOMCE xa en todos os cursos, tal como está marcado na lei, sen ningún tipo de rupturas drásticas no currículo. E podemos dicir que o noso modelo —baseado na aprendizaxe de idiomas, na innovación educativa, na potenciación da formación profesional, na convivencia, etc.— está tendo resultados. Eu creo que é xa o momento, poderíamos dicir que chegou o momento, de que os responsables políticos comecemos a trasladar ás familias, comecemos a trasladar á comunidade educativa, máis tranquilidade e moita menos confrontación política. Debemos falar máis de educación, debemos falar moito máis de resultados, de metodoloxías, de innovación educativa e de equidade, e falar menos de política.

Creo que iniciamos un novo tempo, no que tanto en España como en Galicia temos que avanzar nos puntos en común, fundamentais para chegar a un acordo marco, que é o que a sociedade nos demanda.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, en primeiro lugar, agradecer esa radiografía inicial que nos fixo deste inicio de curso, do curso 2016-2017, no ensino galego.

Gustaríanos tamén, dalgún xeito, poñer en valor o feito que nos consta de que dende a Consellería se teñen defendido os intereses do alumnado galego en todo este período. Pero tamén me gustaría sinalar e facer fincapé un pouco nalgunha das palabras que vostede mencionou agora mesmo, como, por exemplo, o feito da necesidade de enviar tranquilidade a toda a comunidade educativa.

Como ben sinalaba na súa intervención, o sistema educativo público, a educación, é un servizo público que se debe caracterizar precisamente por esa tranquilidade, pola equidade, pola xustiza. En definitiva, non é bo que se utilice o servizo público de educación para convertelo en foco dunha liorta política, cando o espírito da educación —e que creo que así o entendemos todos os que estamos nesta Cámara— debería ser, precisamente, xusto todo o contrario; é dicir, o espírito do sistema educativo debería ser o espírito do consenso. Para iso entendemos que se ten que seguir traballando ao longo de toda esta lexislatura, e esperamos que ese traballo dea os froitos que todos esperamos.

Nese sentido, e para afondar nesa mensaxe de tranquilidade que é necesario enviar a toda a comunidade educativa, precisamente para defenderse desa intención de, en ocasións, complicar todo o que é o clima relacionado coa relación da comunidade educativa e co propio contexto político, gustaríanos coñecer cales son os pasos que se van dar no futuro máis in-

mediato para, dalgún xeito, ir facilitando todo este camiño cara ao horizonte que todos desexamos que se acade, que é o horizonte dun consenso educativo.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Gil.

Turno de peche, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Efectivamente, señor deputado, a aplicación da LOMCE nos últimos anos no conxunto de España, e en Galicia en particular, non foi fácil. Obviamente, hai uns requisitos técnicos, e houbo un rexeitamento en certas formacións políticas e nos seus representantes que complicaron a aplicación da LOMCE.

Non obstante, en Galicia fomos quen de aplicala con bastante tranquilidade no conxunto do sistema, e sempre aportando e respectando todo o que ten que ver coas características propias do Sistema educativo galego. De feito, o próximo luns, o día 28, imos ter unha conferencia sectorial en Madrid, onde agardamos —despois das mensaxes lanzados polo ministro— chegar a uns eixos vertebrais que posibiliten, a curto e a medio prazo, establecer unha liña de diálogo e unha liña de consenso que nos leve a algo que todos demandamos pero que algúns intentan non facelo nunca, que é chegar a un pacto educativo.

Creo que é necesario comezar a apartar xa a ideoloxía das aulas, deixar de ter unha visión tan ideolóxica do sistema educativo, e pensamos que a tranquilidade é fundamental.

¿Que se está a debater? ¿Que se vai debater de xeito inmediato? Creo que dúas cuestións importantes. A primeira é que as avaliacións —dentro da aplicación da LOMCE—, as avaliacións de 4º da ESO e 2º da ESO, non teñan ningunha repercusión académica; é dicir, que non computen para ter a titulación.

Por certo, nós no inicio do curso, na Consellería de Educación, xa demandamos no seu momento que a avaliación de 4º non tivese efectos académicos; e tamén demandabamos, do mesmo xeito, que a avaliación de 2º de bacharelato, é dicir, do remate do ensino secundario, fose practicamente idéntica ou moi semellante ao que era a antiga selectividade.

Vemos con tranquilidade que estas mensaxes foron recibidas e acollidas neste caso polo ministerio, que é o ámbito competente, e pensamos que o día 28 vai ser o primeiro momento para comezar a traballar dun xeito conxunto en algo que a sociedade —insisto— nos demanda e no que as formacións políticas, lamentablemente, ao longo dos últimos anos non fomos quen de estar á altura das circunstancias. Creo que agora temos unha magnífica oportunidade para poder camiñar dun xeito conxunto e poder acadar unhas liñas de traballo que posibiliten chegar a un consenso, a un pacto educativo.

Obviamente, para iso é necesario deixar de entender o ensino, o que significa o ensino, como un campo de batalla de confrontación ideolóxica. Creo que isto é algo que ten prexudicado

notablemente o ensino, que ten xerado unha enorme intranquilidade no sistema e que ten repercutido negativamente nos resultados académicos.

Temos agora unha oportunidade, creo que debemos mirar para ela con altura de miras. Non debemos atallar, non debemos pensar en atallos; non debemos tampouco pensar só en intereses políticos curtopracistas ou interesados, debemos esquecer os oportunismos. En definitiva, do que temos que ser capaces é de mirar para o futuro...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...de traballar para o futuro...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...e deixar a confrontación política e ideolóxica para outros ámbitos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D^a Luca Chao Pérez e D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda, do G. P. de En Marea, sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa aplicación das reválidas de 2º de bacharelato establecidas na LOMCE para o curso 2016-2017

A señora CHAO PÉREZ: Boa tarde.

Que a LOMCE foi a peor lei educativa do Estado poden dicir que é unha opinión subxectiva —como fixo esta mañá o presidente— propia da oposición. Sen embargo, a pouco que pisen as rúas ou mesmo abran as ventás de San Caetano comprobarán que a LOMCE xa é a lei educativa que tivo unha maior oposición nas rúas deste país, como volverá pasar mañá, señor conselleiro; aconséllolle que escoite.

Unha lei que, se algo conseguiu, foi a oposición unánime de toda a comunidade educativa, que se vén manifestando a prol da súa necesaria derogación inmediata.

Acaba de dicir vostede que está en contra do contido ideolóxico da educación. Ben, nós tamén, por iso o instamos a botar abaixo unha lei que ten un contido ideolóxico claramente reaccionario, con acenos machistas e nacional-católicos.

Todas recordamos as gloriosas palabras do xa ex-ministro, hoxe reconvertido en embaixador, cando dicía que había que castelanizar os nenos cataláns. Os nenos e as nenas de Galicia tamén, aínda que non os mencionara, co silencio cómplice deste Goberno. Castelanizar e cristianizar, faltoulle dicir, xa que de todo hai dende que se empeñaron en reintroducir a asignatura de Relixión nas aulas e facer que por vez primeira puntuara no expediente.

Pero a LOMCE é unha lei segregadora e elitista, como se evidencia nas probas das reválidas. As reválidas foron, dende o primeiro momento, un dos puntos máis criticados por toda a comunidade educativa e os expertos, porque atentan contra a igualdade de oportunidades e van diametralmente en fronte dos principios pedagóxicos máis elementais. Son probas que xeran un estrés innecesario no alumnado, favorecen o fracaso escolar e poñen en dúbida o traballo diario do profesorado.

Por se fora pouco, miren o calendario. Estamos case a finais de novembro, é dicir, moi cerca de rematar a primeira avaliación, sen que nin os docentes nin o alumnado teñan a menor idea de qué se van examinar dentro duns meses, salvo polas pequenas cousas que saen nos xornais, que semella que se converteron no Diario Oficial deste Goberno.

Esta situación é absolutamente impresentable, como impresentable resulta a improvisación constante e o cambio de criterio respecto das reválidas, que dun día para outro deixan de ser relevantes para a titulación e cambian de materias. ¡Un auténtico intercambio de cromos!

Vostede, señor conselleiro, aínda que faga un desleixo total e absoluto dela, ten unha responsabilidade directa nesta situación. Vostedes que tanto falan de alumnado excelente, comprenderán que a cidadanía queira tamén un conselleiro excelente; e á excelencia —deberían sabelo ben— non se chega pola vía de copiar, traducir e pegar. Iso nas aulas acostuma a chamarse facer trampas, e pénase cun cero. Valoren vostedes a nota que debemos poñerlle a un conselleiro que o único que fixo dende que chegou a ese posto foi ir a Madrid, copiar, traducir e aplicar todo canto lle mandaron. Así ten vostede a dubidosa honra de formar parte dun dos poucos gobernos que nin chiou en contra da desfeita da LOMCE.

Por todo iso, quixera que aproveitara e nos informara acerca do motivo que os levou a mudar as PAU polas reválidas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: ...e mesmo nos diga se, cando o luns vaia a Madrid, vai ir soamente...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: ...*(A señora Chao Pérez pronuncia palabras que non se perciben.)* (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señora Chao. Benvida a este Parlamento de Galicia.

Non teña a menor dúbida de que tanto eu como o resto da Consellería, como creo que o conxunto do Partido Popular —e vostede sábeo—, escoita a sociedade. Se non escoitáramos a

sociedade, estaríamos no noso mundo feliz, e desgraciadamente non é así. Nós escoitamos moito a sociedade e traballamos nese sentido.

Eu creo que vostede e mais eu somos deputados, somos membros dunhas formacións políticas, e creo que algo fundamental é que respectemos as leis. Se non respectamos as leis, obviamente, estarémoslle facendo un fraco favor á democracia. Non hai democracia sen leis, porque do contrario quedaríamos ao arbitrio dos iluminados, que dirían o que se debe facer ou non facer. Dito isto, gustaríame comentarlle unha serie de cuestións que dixo vostede, quizais froito do seu ímpeto; positivo ímpeto.

Pero claro, vostede di alegremente que a LOMCE é a peor lei que tivemos no Estado, adornado con certos cualificativos. Certamente, é unha afirmación, cando menos, arriscada. Di que é a que máis contestación tivo. Vostede, igual que eu, somos persoas máis ou menos xóvenes, pero, obviamente, eu me lembro (*Risos.*) —vostede máis ca min, vostede máis ca min— da LOXSE: aí si que había líos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Na LOXSE si que houbo líos! A LOXSE, que era a receita máxica, foi a lei que máis fracaso escolar produciu. E non hai nada máis inxusto socialmente que o fracaso escolar.

A LOMCE, esa lei tan demonizada por vostedes, está conseguindo que se favoreza a igualdade de oportunidades, que se favoreza a equidade, que se favoreza a aprendizaxe dos alumnos con máis dificultades, como é a formación profesional básica, e está conseguindo rebaixar notablemente o fracaso escolar. Co cal, eu creo que antes de facer esas afirmacións de autoconsumo tan interesantes, como fai vostede, creo que debería ter un pouquiño de pudor e un pouquiño de retrovisor para ver o que foi a historia; non digo de moitas décadas, pero si de pouco tempo.

Están moi ben esas afirmación puramente ideolóxicas, que, obviamente, parten dun prexuízo ideolóxico pero que, realmente, non teñen maior sustento. Obviamente, a tendencia que se está plantexando é unha tendencia orientada á redución do fracaso escolar, que creo que é o máis importante que pode ter hoxe en día unha lei educativa.

E respecto doutras cuestións das que vostede está falando, pois simplemente lle quixera plantexar o seguinte. Creo que, ao longo destes anos, Galicia foi capaz de defender a súa postura no ámbito administrativo do Goberno do Estado, que é quen é o competente, e faino sempre dentro do respecto institucional. Sen ir máis lonxe, eu repítole o que fixemos hai moi pouco tempo. Nós pedímoslle ao ministerio, no seu momento, que as avaliacións de 4^o da ESO non tivesen unha translación académica ao expediente. Afortunadamente, tivemos un resultado positivo. Co cal, eu creo que hai dúas formas, digamos, de construír o futuro, de construír un futuro mellor: unha, dicindo que todo está mal, dinamitando todo, pensando que podemos construír sobre os escombros —que parece que é máis a súa—; e outra, collendo o que hai, o que existe, o que está democraticamente aprobado, e intentar melloralo...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...e iso é o que facemos nós.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Señor conselleiro, lamento enormemente que desperdiciara os tres minutos en dar unha soa resposta á preocupación das familias e dos estudantes de Galicia. Lamento enormemente que non o faga, e, sobre todo, lamento que non o poida facer. Sexa vostede sincero, ata que o luns vaia a Madrid tomar nota do que lle mande o ministro, non ten ningunha información que trasladarnos.

É unha mágoa que non teña [...] en contra das reválidas polo seu olvido total e absoluto das competencias. Unha non sabe se é por desinterese ou por preguiza. En todo caso, as consecuencias son as mesmas: as familias seguen fóra; a incerteza entre estudantes, docentes e familias, continúa.

Dende En Marea consideramos que anular un sistema de acceso á Universidade sen ter ben perfilado un sistema alternativo, ¡que ben, minimamente alternativo!, supón unha responsabilidade enorme que deixa en serias dificultades os verdadeiros protagonistas do ensino, que son os estudantes. As dúbidas continúan, pero aínda ten vostede que aclararnos algo na súa réplica.

¿Pode explicar unha soa vantaxe das reválidas sobre as PAU? ¿Considera adecuado que a estas alturas do ano o alumnado galego aínda non teña nin idea de en que consisten estas probas? Ante todo o desbaraxuste provocado, que seguramente se podería ter evitado se se manifestara claramente en contra da LOMCE, ¿ten algunha medida prevista para paliar os seus efectos? ¿Pode dicirnos cantos días van durar as probas? ¿Como pensan levar a cabo exames orais de inglés, garantindo o anonimato, para uns 15.000 estudantes, que é os que se veñen examinando cada ano en Galicia? ¿Acaso van poñer cabinas para que non se vexan os examinados e os examinadores? ¿Ou van traer aquí, ás probas da LOMCE, a todos os profesores das escolas oficiais para que examinen de galego? ¿Como pensan facer efectivo o dereito que a lei recolle a ter unha copia do exame só tres días despois de ter os resultados? ¡Igual van dispoñer toda unha brigada de funcionarios a escanear exames!

En resumo, ¿vai, por unha vez, exercer...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CHAO PÉREZ: ...as súas competencias e tratar de paralizar as probas de bacharelato? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Turno de peche, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Señora Chao, este conselleiro, este Goberno, dende o primeiro momento

lanzamos unha mensaxe de tranquilidade ás familias. Creo que iso é o que ten que facer unha administración responsable. Obviamente, unha formación política que xoga xusto ao contrario, o que fai é o que acaban de facer vostedes. É dicir, intentar lanzar mensaxes (*Pro-núncianse palabras que non se perciben.*) incertos; intentar, dalgún xeito, xerar un clima de incerteza, porque vostedes entenden que nese clima de incertezas —segundo vostedes— poderán ter maior rédito electoral.

Pero mire, nós estamos traballando. A Xunta de Galicia está traballando coas universidades, coas tres universidades e coa Ciug. E non me faga caso a min, que son un político moi malo, moi malo, do Partido Popular. Non me faga caso a min, fágalle caso aos reitores, fágalle caso á Ciug. Se vostede colle á Ciug, o seu presidente —supoño que o poderá coñecer a través dos medios de comunicación— creo que lanza a mesma mensaxe que está lanzando esta consellería de Educación, e creo que iso non é baladí; creo que iso é algo que se debe facer con seriedade, algo que se está facendo con seriedade. A partir de aquí, mire, se vostedes queren seguir lanzando mensaxes incertas, ao final, o tempo é o mellor xuíz, o tempo pon a cada un no seu lugar.

E vostede, claro, dinos claramente que suspendamos a LOMCE, sen máis. ¿Vostede sabe que podería pasar se se suspende unha lei en vigor? ¿Que pasaría, señoría, coa formación profesional básica? ¿Que pasaría? ¿Que pasaría cos itinerarios de 4º? ¿Ou vostede está en contra da formación profesional básica? Se está en contra, xa é outro debate. ¿Vostede que lles diría aos alumnos de 4º da ESO que están nun itinerario académico ou nun itinerario práctico? ¿Que lles diría vostede? ¿Que eses itinerarios están mal, que non valen para nada, que non se debe, dende o primeiro momento, intentar orientar o futuro académico de cada estudante en función das súas necesidades? Non sabemos que lles diría vostede.

¿Que lles diría vostede aos alumnos que colleron asignaturas de libre configuración, asignaturas como robótica, programación, paisaxe e moitas máis que non valen para nada?

Creo, señoría, que a clave da acción política é que podemos estar de acordo ou non cunha lei, pero traballemos para melloralala, é o que facemos nós. E nós facémolo dende a lealdade e dende o ámbito competencial que temos; e demostrámolo cando pedimos no inicio de curso que as avaliacións de 4º non tivesen peso académico. O día 28 vaise demostrar que unha situación pedida por Galicia vai ter unha resposta, que é o importante para o conxunto de España.

Creo que ao final temos que deixar esa visión, se se quere catastrofista, do sistema en xeral, e do sistema educativo. Debemos empezar a traballar cunha visión de futuro, porque creo que despois xa de moitos anos, de moitas leis orgánicas no Estado español, na xove democracia española, onde non fomos capaces de poñernos de acordo, agora hai unha oportunidade; unha oportunidade que nos pode posibilitar comezar a traballar e comezar a mellorar o sistema educativo.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Moitas grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): E insisto no de lanzar mensaxes catastrofistas. Ao final...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...o tempo pon a cada un no seu lugar.

Moitas grazas. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D^a Noela Blanco Rodríguez e D. Raúl Fernández Fernández, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o estado actual do proxecto de construción na provincia de Ourense dun centro para a continuidade na atención ás persoas con discapacidade unha vez cumpridos os 21 anos de idade

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Boa tarde, señores e señoras deputadas.

Benvido, señor conselleiro.

Esta foi unha das primeiras preguntas que o PSdeG rexistrou nesta lexislatura, mais non sería xusto dicir que é unha iniciativa do PSdeG. É unha iniciativa da Plataforma ProCAP, unha plataforma que está constituída por pais e nais e por organizacións políticas e sindicais da provincia de Ourense, unha plataforma cuxo obxectivo é que Ourense dispoña por fin e dunha vez por todas dun centro para persoas con diversidade funcional maiores de 21 anos.

O seu goberno, señor conselleiro, comprometeuse antes das eleccións autonómicas a que Ourense dispuxera deste centro. De feito, todos os partidos que temos representación nesta Cámara asinamos un documento no que nos comprometemos a que a primeira fase do mesmo estea en funcionamento no ano 2017, a segunda no 2018, e tamén que fora público, de xestión pública e que houbera nel empregados públicos. E sinto ser reiterativa pero é realmente importante.

Pois ben, a sorpresa chegou despois das eleccións autonómicas, a sorpresa, a decepción e a indignación dos pais e nais desta plataforma, cando ao examinar o proxecto detectaron que non era o que se prometera. Era un centro ocupacional con servizo de atención diúrna e residencial, cando en realidade o que necesitan é un centro de atención terapéutica ocupacional. E, señor conselleiro, ao mesmo tempo que vostedes plantexaban este centro, publicaban no DOG do 19 de outubro un prego para a contratación privada de 5 prazas; este si de terapéutica ocupacional.

Hoxe pídolle, señor conselleiro, que sexa claro na súa resposta. É moi sinxelo: ¿si ou non? O centro de Ourense para persoas con diversidade funcional ¿vai ser cen por cento público, con servizo

público e con empregados públicos? ¿Vai vostede modificar o proxecto actual, un proxecto que non se adapta ás necesidades deses rapaces posto que ningún dos que saen agora mesmo do centro de educación especial de Velle se podería adaptar? ¿Vai facer unha modificación dese proxecto? ¿E vai incrementar o número de prazas, señor conselleiro? Porque, segundo temos entendido, a suma das dúas fases son aproximadamente unhas 44 prazas; é dicir, Ourense quedaría de novo marxinada, coa metade das prazas que teñen as provincias da Coruña, de Lugo e de Pontevedra.

E pídolle, señor conselleiro, que sexa claro porque estes pais e estas nais están realmente preocupados. Hoxe pola mañá estaban alí fóra manifestándose ás portas do Parlamento, e non creo que estiveran para nada.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Blanco.

Resposta do conselleiro de Política Social.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, señora deputada, eu tamén lle dou a benvida á Cámara, como facía vostede comigo. Porque, en realidade, falando deste tema eu non son novo, eu levo un tempo á fronte da Consellería de Política Social, e afortunadamente puider coñecer a problemática da discapacidade da provincia de Ourense nese tempo. E puider coñecer tamén a problemática da discapacidade que a leva a formular esta pregunta sobre o centro existente neste momento, un centro público na provincia de Ourense, na cidade de Ourense, que completa a etapa dos 21 anos; é dicir, non se produce o paso dun centro educativo a un centro de política social cando sobrepasan os 21 anos.

Paréceme que este obxectivo é un obxectivo de goberno, un obxectivo para todos os galegos e para todas as galegas. Ourense era a única provincia que non tiña un CAP público e, polo tanto, volvo manifestar con toda claridade, tal e como vostede me dixo, que haberá un CAP en Ourense e que ese CAP será público, coma no resto de provincias de Galicia.

Quérolle dicir, ademais, que este foi un proceso de meses, de meses de diálogo, de meses de acercamento precisamente cos destinatarios do proxecto, que son fundamentalmente os pais e as nais pero tamén os profesionais da Consellería de Política Social, que teñen un coñecemento acumulado no ámbito da discapacidade creo que moi importante.

O primeiro encontro que eu mantiven cos pais e coas nais foi o 29 de marzo, eu comprométinme a que habería unha nova reunión en trinta días. A seguinte reunión foi o 27 de abril. Nesa reunión acordamos a licitación do proxecto, que se adxudicou no prazo que dei de tres meses. E así tivemos a seguinte reunión, dentro deses tres meses, cando xa estaba adxudicada a redacción do proxecto a un equipo de arquitectos, concretamente o 26 de xullo.

Quero dicirlle, ademais —como me pregunta sobre o estado do expediente na pregunta máis detalladamente do que fixo agora— que xa se recibiu por parte da Consellería ese expediente,

que xa houbo unha reunión técnica cos pais —a última, porque houbo varias— e visitaron varios centros. Eu puxen interese en que coñeceran todo o existente en discapacidade, o mellor que temos en discapacidade en Galicia. A última —para resumir porque teño pouco tempo— foi o 27 de outubro. Houbo algunhas consideracións que fixeron os pais e o conselleiro o que fixo foi ordenar aos servizos técnicos —que para iso un é conselleiro e para iso ten a responsabilidade das modificacións oportunas— para responder ao que os pais precisaban.

Tamén lle digo que estou pendente e preocupado por unha nova reunión cos pais para que poidamos pechar todos os temas relacionados con este centro, porque me preocupa que se poida retrasar, porque eu teño uns compromisos e non me gustaría non cumprir eses compromisos de tempo. Todos os días que perdamos serán días que perdamos na licitación das obras que leven a recuperar ese centro para Ourense e para os ourensáns que o precisan. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor conselleiro.

Réplica da señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Estou convencida, señor conselleiro, que os pais e nais agradecen, e agradeceron no seu momento, que os recibira e o trato que lles está vostede dispensando, ao igual que eu agradecería que hoxe me respostara ás preguntas que lle estou facendo.

Vólvolle repetir: ¿o centro vai ser público, con servizos públicos e con empregados públicos? ¿Si ou non, señor conselleiro? ¿Vaise facer unha modificación do proxecto que contemple que sexa un centro terapéutico ocupacional? ¿Vai ter ese centro todos os servizos posibles para que non sexa necesario privatizar ningún dentro dese CAP? E refírome a lavandería, a cociña, e tamén a recursos humanos como logopedas ou fisioterapeutas, que son necesarios para atender a estas persoas. ¿Vai incrementar vostede o número de prazas do CAP? E pídolle, por favor, que me responde.

Efectivamente, señor conselleiro, estes pais e nais levan moito tempo loitando nunha plataforma xunto, como lle dicía antes, con moitas outras organizacións da provincia de Ourense, tamén a que eu estou aquí representando. E sabe ben que, entre outras moitas cousas, foron capaces de recoller —e queroo dicir aquí ante as súas señorías, porque nos sentimos especialmente orgullosos— 50.000 sinaturas de todos os ourensáns e ourensás en tan só quince días. Eles merecen todo o respecto e toda a admiración do Grupo Socialista, e estou convencida, señor conselleiro, que tamén de vostede. Por iso eu hoxe aquí, en nome deles, lle pido que non lles falle. Non lles falle, señor conselleiro, porque eles confían na súa palabra. E, por favor, cumpra a súa palabra e cumpra esta imaxe que era a de todos os candidatos en campaña electoral, de todas as forzas políticas que estamos aquí representadas, asinando este documento.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Turno de peche, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, señora deputada, podo volvelo repetir, non teño ningún inconveniente. A intención do Goberno de Galicia é ter un CAP en Ourense. A intención do Goberno de Galicia é que a súa xestión sexa pública. Eu non sei se se me entende ben. Xestión pública é con empregados públicos, iso é xestión pública.

Poden seguir incrementando as preguntas. Efectivamente, será un centro terapéutico. Eu xa lles manifestei aos pais e ás nais, e podo repetilo en sede parlamentaria, que creo que podemos facer un bo traballo, que creo que pode ser un centro que mellore a outros centros públicos existentes en Galicia neste momento.

Mire, falábame tamén doutra cousa —dígoo polas confusións que se producen—, falábame dunha licitación de prazas en Ourense de discapacidade intelectual, como dicindo se isto tería algo que ver con este centro.

Miren, esas prazas... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Díxome iso. Esas prazas son no Barco de Valdeorras para solicitude dunha entidade que leva moitos anos traballando no ámbito da discapacidade intelectual. Temos en Ourense, na cidade, tamén outras entidades no ámbito da discapacidade intelectual, que afortunadamente tamén teñen prazas e que veñen desenvolvendo un bo traballo.

Eu voulle dar un dato do último ano. Mire, no último ano había na provincia de Ourense 168 prazas en discapacidade intelectual sostidas con fondos públicos. Cando remate este ano, respondendo á necesidade que plantexaron moitas entidades do ámbito da discapacidade intelectual en Ourense —entidades como Aixiña, entidades como a Fundación San Rosendo—, pódolle dicir que conseguiremos que esas prazas pasen a 202; polo tanto, un incremento do 20 % na atención á discapacidade intelectual na provincia de Ourense. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Nese ámbito dígolle que estudamos caso por caso —o primeiro, o conselleiro—. Os alumnos que ten o centro que temos que disgregar exactamente serán 14 —os alumnos que saíran dese centro ata o 2020, cando remata esta lexislatura—. E voulle dar tamén o dato dos que saíran de aquí ao 2022, que son 18. Temos rexistrada tamén a lista de agardas de toda a provincia de Ourense, temos 14 persoas en lista de agarda; e temos rexistrada tamén a demanda existente noutras provincias que son de Ourense.

Polo tanto, o que cremos é que, coa primeira e coa segunda fase do proxecto, quedará totalmente...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): ...solucionado o problema de prazas de discapacidade intelectual na provincia de Ourense, e moi especialmente na cidade de Ourense. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Debate acumulado da pregunta de don Abel Fermín Losada Álvarez... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Desculpen. Si, efectivamente, é un erro. Primeiro vai a pregunta do señor Lago.

Pregunta de D. José Manuel Lago Peñas, do G. P. de En Marea, sobre o coñecemento polo Goberno galego da situación que están a vivir as persoas paradas en Galicia

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

O señor LAGO PEÑAS: Como son novato voume permitir unha licenza parlamentaria e non lle vou botar a culpa ao Goberno —e menos a un conselleiro que aprecio— de nada. En consecuencia, pido que na resposta se intente non botarme a min, e a non sei quen máis, a culpa de nada.

Señor conselleiro, ¿sabe o que son 92.500 persoas? Son as persoas que no noso país levan máis de dous anos en desemprego. Supoño que o sabe. No Estado español houbo que inventar un concepto novo, o «parado de moi longa duración», que en Europa non coñecen, alí chámanlles parados de longa duración. Nós, aos que levan máis de dous anos en desemprego, chamámoslles parados de moi longa duración. Son 92.500 persoas no noso país, hoxe.

¿Sabe qué lle pasa a unha persoa que leva dous anos en paro? Perde as prestacións por desemprego, non ten ingresos. ¿Sabe qué lle pasa? Que xa está farto de ir á oficina do SEPE e que non lle fagan nada. Xa non ten a quen chamar para buscar traballo.

Desas 92.500 persoas, homes e mulleres deste país, a metade, 50.000, teñen máis de 45 anos. Están no camiño da exclusión permanente, porque a ameaza de non volver traballar xa pende radicalmente sobre as súas cabezas. ¿Que lles dicimos, conselleiro?, ¿que esperen? ¿Dicímoslles que o PIB trimestral xa está no 3,2 % e que é posible que dentro de seis anos teñan un emprego? ¿Dicímoslles que esperen?

O Goberno ten que ser consciente de que na enorme fila de parados que hai diante das oficinas, os maiores de 45 anos que traballaron na construción, que levan dous anos en paro, van ser os últimos en saír desa situación. ¿Que lles dicimos, conselleiro?, ¿que esperen?, ¿que hai tempo?, ¿que dá igual que non teñan prestacións?, ¿que dá igual que recortemos os orzamentos en políticas para formar?, ¿que non existen nas oficinas de emprego técnicos porque se despediron cualificados para que lles fagan un itinerario?

Señor conselleiro, ¿que lles dicimos? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lago.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Se mo permite, señoría, señor Lago, eu quero darlle tamén a benvida a este debate parlamentario. Sabe que o aprezo é mutuo e que ten todo o meu respecto, e, sobre todo, eu o que espero é que todos os seus coñecementos en materia laboral os poida aportar ao debate e, sobre todo, se poidan aportar para buscar esas solucións no que eu concordo con vostede, que é precisamente, en que todos os parados, os 198.000 parados que temos neste momento en Galicia, todos e cada un deles, están esperando unha resposta, unha resposta para que se abran esas oportunidades, e, nomeadamente, efectivamente, os parados de longa duración, que teñen unha situación realmente complexa non só polo tempo que levan no paro senón tamén, en moitos casos, porque esas oportunidades son máis complexas.

Loxicamente, a resposta ten que vir necesariamente por dous eidos, e creo que aí imos concordar. En primeiro lugar, loxicamente, por unha política industrial e unha política económica que abra verdadeiras oportunidades a todas as persoas que están no paro. Iso significa, polo tanto, unha aposta polo emprendemento, significa unha aposta pola industria, significa unha aposta tamén polo medio rural e, polo tanto, pola industria agroalimentaria, pola industria forestal. E significa tamén, especialmente en determinados colectivos, como son os parados de longa duración, darlles unha resposta concreta, especializada e personalizada. De aí que o programa de parados de longa duración do Goberno inclúa, efectivamente, eses itinerarios personalizados. Moitas veces non é sinxelo, pola propia circunstancia na que están os parados, pero efectivamente hai un esforzo que se está a desenvolver para que a través deses itinerarios personalizados —sobre todo, a través de orientadores, e orientadores traballando no Servizo de Emprego Público de Galicia— pois se poida dar unha resposta.

A verdade é que a situación actual, dende o punto de vista puramente cuantitativo e personalizado, é unha situación realmente de dificultade —porque cando falamos de parados sempre falamos de dificultade—, pero tamén é certo que estamos tendo resultados. E creo que iso tamén hai que valoralo, porque na última lexislatura conseguimos, efectivamente, que houbera 70.000 persoas desempregadas menos. Xa dei o dato esta mañá. Pero o máis importante, con respecto á súa pregunta, é que 30.000 persoas —desas preto de 80.000— eran parados de longa duración. Polo tanto, conseguimos que saíran do paro o 23 % dos parados de longa duración. Creo que é un resultado insuficiente pero que traslada loxicamente unha perspectiva de cara ao futuro tamén distinta, e, polo tanto, temos que seguir nos dous eidos —especificamente nos parados de longa duración—: seguir traballando nos incentivos á contratación, porque é moi importante nestes colectivos, e, segundo a modalidade de contrato, eses incentivos están variando nestes momentos entre 2.500 e 23.000 euros; e tamén a través deses programas de orientación, que nos parece que son especialmente importantes, a través da presenza dos titores especializados.

Seguiremos afondando tamén a través da formación e, polo tanto, que esas oportunidades tamén veñan a través da formación para que todos os parados, e nomeadamente os parados de longa duración, aos que vostede facía referencia, poidan encontrar unha solución e que esas oportunidades tamén sexan para este colectivo de forma moi especial.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Si, volvo dicir que non teño intención de botar culpas, senón que para min é unha situación tan dramática, posiblemente a máis dramática do país, que require un esforzo e solución. Pero como se introducen cifras, obriga a dicilas.

No ano 2009, segundo os datos da EPA, había en Galicia 23.600 persoas que eran parados de longa duración. No ano 2012 había 76.300 persoas. No ano 2014 acadouse o máximo: 109.900. E agora hai 92.500. Esa é a evolución: 23.000, 76.000, 109.000 e 92.500.

Iso ¿de que está falando? De que se xerou un problema enorme dende o ano 2009 ao ano 2014, a recesión foi especialmente dura cun segmento da clase traballadora. E xerouse un problema enorme porque esas son persoas, con nomes e apelidos, que moitos non levan dous anos en paro senón tres e catro anos. É unha balsa, unha cronificación, dun problema estrutural.

De 110.000 baixouse a 92.000, iso é certo. Tamén sabe, conselleiro, que moitas destas persoas que deixaron de estar paradas non é que atoparan traballo senón que, como son persoas maiores de 45 anos, deixaron de ser poboación activa, abandonaron a busca activa de traballo. Pero, aínda aceptando e non introducindo esta corrección, a realidade é que aquí neste colectivo de parados de longa duración a redución do desemprego é moi reducida, por un problema profundo, estrutural, que ten que ver coa formación, coa rede desas persoas para empezar a traballar, co funcionamento dos servizos públicos de emprego. Nese sentido, conselleiro, boas palabras, si; pero cifras. Veremos —cando presenten o orzamento— canto se incrementan os recursos para políticas activas de emprego, canto mellora a dotación material e humana...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: ...nos servizos públicos de emprego para que poidan facer esta orientación. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lago.

Turno de peche do señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas.

Señor Lago, vostede sabe perfectamente —creo que vai concordar— que todas as políticas de emprego pasan polo crecemento económico. Sen crecemento económico non hai emprego, e, polo tanto, sen emprego non hai benestar e, polo tanto, sen emprego non podemos darlles unha solución ao conxunto dos parados e tamén aos parados de longa duración.

Eu entendo perfectamente que a situación de cada un dos 198.000 parados que temos neste momento en Galicia é unha situación de enorme dificultade e, polo tanto, temos que dar esa resposta.

Pero esa resposta, como dicía, pasa por dous eidos, que son complementarios, non hai prioridade neses dous eidos. Estamos a falar do crecemento económico e, polo tanto, a política económica, a política industrial; e, en segundo lugar, esas políticas activas de emprego, tanto no eido da formación como no eido dos incentivos á contratación, que é onde teñen que encontrar esa resposta.

Eu esta mañá puxen unha man tendida ao conxunto da oposición para, efectivamente, abordar todos estes temas na nova lei de emprego. Creo que temos que consensuar e que temos que dialogar para encontrar as ferramentas máis axeitadas para dar resposta a todos estes elementos. Pero eu creo tamén que temos que falar do modelo económico e temos que falar de como dar resposta dende o punto de vista da política económica e da política industrial. E eu creo que aí temos que facer unha aposta clara polo emprendemento, polos autónomos e tamén pola industria.

A min gustárame falar co Grupo de En Marea da industria e ver se realmente hai un apoio verdadeiro á política industrial e polo tanto á política de creación de emprego. E, polo tanto, gustárame saber cal é a súa posición en proxectos tan importantes para Galicia —ou, cando menos, así o entende este goberno— como pode ser Reganosa, como pode ser a central de Meirama, como pode ser Ence, como pode ser Elnosa, como pode ser o polo aeronáutico industrial de Rozas ou como pode ser tamén, loxicamente, Ferroatlántica ou como poden ser proxectos de futuro como Sabón. En definitiva, pola industria, porque aí, señorías, señor Lago, aí tamén hai emprego, e aí hai oportunidades para todos eses parados de longa duración.

Polo tanto, temos que falar de industria, de modelo económico, temos que falar da nova lei de emprego, temos que falar de políticas activas de emprego, temos que darlles solucións concretas, que é o que nos están pedindo os cidadáns.

Eu creo sinceramente nun diálogo, nun consenso repousado e con iniciativas concretas. Tanto a oposición coma o Goberno creo que temos esa obriga de dar respostas concretas a través desa lei de emprego e de instrumentos concretos para o conxunto dos parados e tamén para os parados de longa duración.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Debate acumulado da pregunta de dona María Dolores Toja Suárez e a de dona Noa Presas Bergantiños; a primeira, do Grupo Parlamentario Socialista, e, a segunda, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Pregunta de D. Abel Fermín Losada Álvarez e D^a María Dolores Toja Suárez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a adquisición pola Xunta de Galicia do compromiso de adoptar as medidas legais axeitadas para evitar a segregación pola empresa Ferroatlántica das súas actividades de produción de enerxía eléctrica e de ferroalixes

Pregunta de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para evitar a segregación pola empresa Ferroatlántica das súas actividades de produción de enerxía eléctrica e de ferroalixes

O señor PRESIDENTE: En primeiro lugar ten a palabra a señora Toja Suárez.

A señora TOJA SUÁREZ: Boa tarde.

Novamente, vaia a nosa solidariedade cos traballadores e traballadoras de Ferroatlántica, así como coas súas familias. Agradezo a presenza das nosas compañeiras e compañeiros socialistas do Concello de Cee.

Ferroatlántica, na Costa da Morte, emprega unhas catrocentas persoas directas e un importante número de persoas indirectas; comercio, hostalería, automoción, é dependente de Ferroatlántica. É tal a súa importancia que para nós, os que somos da Costa da Morte, Ferroatlántica non é unha fábrica, é a fábrica.

Estamos nun 20 %, aproximadamente, de taxa de desemprego e estamos a sufrir unha auténtica sangría demográfica e unha redución dos servizos públicos. Pero, despois das intervencións de onte e de hoxe do señor presidente da Xunta, a verdade é que cabe facer unha serie de reflexións.

Afirman que non hai nada presentado por Ferroatlántica. Bueno, a pesar de que o señor Larrea se reuniu en Madrid coa representación legal dos traballadores. Pero obviemos ese detalle apenas sen importancia. ¿Que sentido ten, logo, se isto non existe, se non existe esa proposta de venda, a proposta, a iniciativa presentada polo PP? ¿Que sentido ten, logo, solicitar eses informes técnicos e xurídicos sobre algo que non está solicitado? ¿Que obxecto teñen, logo, eses informes?

A Xunta, dende o ano 1992, mantén as condicións: unha, que non haxa segregación, e, dúas, a extinción da concesión para o caso de que Ferroatlántica perda a súa titularidade. ¿Podería ser, logo, que o verdadeiro obxecto dos ditos informes sexa o cambio das condicións impostas? Pois, se se manteñen as mesmas condicións, ¿para que se solicitan os novos informes, máxime cando, segundo vostedes, non hai nada presentado? ¿Por que se adiantan a solicitar uns informes sobre algo inexistente? ¿Podería ser que o señor Feijóo e o Grupo Parlamentario do PP teñan coñecemento de que Ferroatlántica vai presentar a solicitude de segregación para a súa posterior venda? ¿Podería ser que o Grupo Parlamentario Popular teña coñecemento das pretensións da empresa e que sexan necesarios eses informes?

A súa intervención, certamente, non aclarou nada sobre a non-segregación, e a segregación das actividades deixaríanos nunha auténtica ruína na comarca. Por iso, por favor, conteste claramente si ou non, unha resposta clara para unha pregunta clara. ¿Comprométese ou non se compromete a Xunta de Galicia a adoptar as medidas legalmente adecuadas para evitar a segregación? Unha pregunta clara, unha resposta clara. Se falla Ferroatlántica na Costa da Morte, non temos onde ir. É a fábrica. E, por favor, tamén lle vou pedir que non trate de en-

frontar a Costa da Morte con Sabón. Non condicione os postos de Sabón aos de Cee e Dumbría. Poden ser, e deben ser, complementarios.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Toja.

Pregunta, agora, da señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Señor Conde, os procesos nesta Cámara son tan absolutamente lentos que, por desgraza, xa sabemos a resposta á que era a miña pregunta. Pero a min gustaríame que tiveran un pouco de sinceridade e que foran capaces de verbalizalo directamente, de verbalizar que vostedes non impulsaron nin van impulsar ningún tipo de acción para evitar a segregación da produción industrial na Costa da Morte, da parte hidroeléctrica de produción do río Xallas. Porque máis ben ao contrario, porque máis ben o que fixeron vostedes, hoxe pola mañá, foi romper un consenso social e político arredor desta cuestión; un consenso institucional, non só nesta Cámara desde febreiro, senón tamén na Deputación da Coruña, en concellos da Costa da Morte —recordéillelo onte ao señor Tello— e, tamén, en concellos gobernados por vostedes.

Onte, nós desde o BNG, en nome dos traballadores e traballadoras de Ferroatlántica, pedímoslles que, por favor, o Grupo Popular retirara esa proposta ou aceptara as emendas da oposición encamiñadas a manter esa claridade que se opón á segregación de Ferroatlántica e á parte de produción hidroeléctrica e vostedes non quixeron.

Vostedes non quixeron, tampouco onte, aclarar cales son as súas escuras relacións co señor Villar Mir, se é certo todo iso que aparece nos papeis por aí e se é certo que deben ter algo xa pactado con el por detrás porque se non hai motivos para o alarmismo, como din vostedes, se non hai motivos para sospeitar, ¿por que, entón, ese cambio?, ¿por que ese cambio na proposta do Partido Popular?, ¿por que deixar pasar esa porta aberta?, ¿e por que esas insinuacións que deitou hoxe o señor Feijóo?, ¿por que, entón?

Vostedes saben perfectamente que a venda das centrais suporía un pelotazo para o señor Villar Mir e que acabaría automaticamente con Ferroatlántica, acabaría con esta empresa porque durante 25 anos, mentres a Administración pública lles inxectaba diñeiro, mentres sacaban un 800 % de beneficios das centrais hidroeléctricas, non investiron absolutamente nada, desprazaron o I+D+i para fóra da Galiza e non modernizaron apenas as instalacións, que parecen doutro século e doutra era.

Nós preguntámonos por que se a non-segregación é fundamental para Aragón, non o é para Galiza, ¿por que esa diferenza? E, por favor, non me veña como o señor Feijóo a falar de plan industrial porque vós sabedes perfectamente que, cando falades de plan de investimentos, o que esquecedes é que iso en realidade é un plan de desmantelamento, que cando insinúan que esa venda das centrais podería ser unha porta para aumentar os investimentos en Sabón, esquecen dicir, non só, que xa hai investimentos sobre esa planta, senón que hai unha bonita tradición neste país dos incumprimentos de Ferroatlántica coa comarca, con calquera delas.

Por exemplo, poderíamos falar de repotenciación das centrais do río Xallas, un río superexplotado e que recibiu tres turbinas máis a cambio de 700 postos de traballo polos que aínda están esperando na Costa da Morte.

Teñan un pouco de dignidade e polo menos reciban aos traballadores que están pechados no Concello de Cee. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Tamén, loxicamente, dar a benvida ao debate parlamentario tanto á señora Toja como á señora Presas.

Loxicamente, o primeiro non poden ser doutra forma, trasladar a solidariedade a todos os traballadores, a todos os veciños da comarca da Costa da Morte.

O que si me gustaría é matizar algunhas cousas: señora Presas, non me diga o que teño ou non teño que dicir. Eu non lle marco o que vostedes teñen que dicir, eu, se lle parece ben, respostarei o que eu creo que debo de respostarlle. En calquera caso, non me veña dar leccións de dignidade, por favor, iso si que non. *(Murmurios.) (Aplausos.)* Iso si que non. E díggolle isto porque dende o primeiro momento este Goberno trasladoulles aos traballadores a súa solidariedade e escoitou este Goberno, o Goberno, señoría, en concreto este conselleiro en funcións *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* reuniuse cos traballadores...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): ...porque os traballadores estaban preocupados, loxicamente, por esa situación. E eu mesmo trasladeilles persoalmente que, efectivamente, a empresa non tiña presentado formalmente ningún tipo de solicitude e segregación de activos, non a ten presentado nestes momentos pero que, aínda así, a Xunta de Galicia, loxicamente, estaría atenta a todos os acontecementos e lles mantería informados. E dende logo, tamén lle trasladei que a prioridade deste Goberno, non só hoxe, senón durante todos estes últimos anos e de cara ao futuro, será velar pola actividade industrial e polos postos de traballo e, tamén, no caso concreto de Cee e Dumbría, salvagardar o interese público tal como establece a concesión das instalacións hidráulicas. Polo tanto, ese é o noso traballo, así me reunín, como conselleiro de Economía, Emprego e Industria, en funcións, co comité de empresa de Cee e Dumbría, e así, loxicamente, establecemos ese diálogo fluído e permanente cos comités de empresa, como temos feito con todas as empresas que requiren actuación de Goberno.

Señorías, creo que o presidente da Xunta de Galicia esta mañá foi moi claro e creo que quedou claro que a Xunta de Galicia, como fai sempre, vai cumprir coa lei, sempre. E, tamén, quedou claro que toda a vinculación das actividades industriais e de produción de enerxía eléctrica segue vixente, segue vixente e que non hai ningún elemento que teña modificado esa condición. Creo que a resposta é suficientemente clara, suficientemente nítida. Outra cousa é que vostedes estean pensando cousas distintas e empecen a pensar que, aquí, traer este tema de relacións escuras á sede parlamentaria... se entende que hai algo tipificado pois xa sabe onde ten que ir e, se non, deixar ese tipo de afirmacións en sede parlamentaria non é precisamente dunha cortesía parlamentaria (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), pero vostede saberá o que quere e como quere levar o debate parlamentario. En tal caso, nós seguimos señorías sen recibir ningún tipo de solicitude e segregación por parte da empresa e, polo tanto, todos os elementos de suposicións que vostedes trasladaron nas súas intervencións son suposicións e, polo tanto, a única mensaxe posible nestes momentos é que o Goberno galego, dende logo, exixirá de Ferroatlántica o que leva exixido durante 25 anos, exactamente o mesmo, que non é outra cousa que o cumprimento escrupuloso da normativa e o cumprimento escrupuloso dos condicionantes da concesión. Levámolo exixindo 25 anos e seguiremos, loxicamente, con esa postura.

En definitiva señorías, os traballadores e traballadoras de Ferroatlántica, creo que saben e reitérome, que este Goberno está comprometido co seu futuro, que este Goberno primará sempre ante todo o mantemento do emprego e da actividade industrial en Cee e Dumbría, que este Goberno está ao lado da industria, do emprego, e de todas as oportunidades que podan xurdir —e nós non distinguimos entre boas e malas empresas, cousa que vostedes si que pretenden facer— e, dende logo, este Goberno nunca irá en contra, nunca irá en contra da legalidade e do interese público dos galegos, e tampouco da legalidade e do interese públicos dos traballadores de Cee e Dumbría.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señora Toja.

A señora TOJA SUÁREZ: Grazas.

Se os traballadores teñen tan clara a súa implicación, pregúntome que fan no Concello de Cee, alí nun peche, esperando precisamente a súa resposta.

Volven dicir que non teñen constancia da segregación, vólvolle a preguntar o mesmo: ¿daquela para que tanto informe técnico e xurídico? O que lle digo é unha realidade: nós cedemos os nosos terreos, os nosos recursos, os nosos recursos naturais, e os investimentos prometidos na comarca non chegaron, non hai terceiro forno en Dumbría e hai un *leasing* de 120 millóns de euros coa autorización da Xunta sobre as centrais hidroeléctricas, dos cales só se investiron 6,6 millóns na comarca. ¿Que tipo de control exerceu a Xunta sobre ese *leasing* e sobre ese investimento?

Mire, eu quéro lle falar de persoas e de terreos, pero especialmente de persoas. Aí hai persoas con nomes e apelidos, con familias, persoas que se están preguntando cal vai ser o seu fu-

turo, que lle van dar de comer no futuro aos seus fillos e ás súas fillas. Eu non sei se algunha vez se encontraron nesa situación de temer polo seu posto de traballo, é unha situación de angustia. Insisto, falar de persoas. Son uns 700.000 euros ao mes que se deixarían de ingresar en salarios e se perderían na comarca, deixarían de repercutir na comarca. A importancia de evitar a segregación, se non se investiron en 25 anos para modernizar unha industria, non pode ser competitiva, non pode ser competitiva.

Só lle pregunto outra cousa máis ¿que cambiou dende 2013 que antes non era necesaria a segregación e agora, de repente, é tan importante?

E, por último, ¿como encaixa a Costa da Morte no seu reequilibrio territorial? ¿cando se vai saldar a débeda histórica que ten con nós, os da Costa da Morte?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Toja.

Réplica, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Señor Conde, láméntoo moito. Eu asegúrolle que nestes catro anos a min vaimos sobrar educación e respecto, pero tamén lle aseguro que a min os galegos e galegas non me escolleron aquí para vir ter ningún tipo de complicidade, de cortesía parlamentaria, á que sei que moitas veces teñen estado acostumados. Láméntoo pero non. Eu non lle dou —asegúrolle— ningún tipo de lección de dignidade, ningunha, porque para iso xa están os traballadores e traballadoras de Cee (*Aplausos.*) que están pechados agora mesmo loitando pola súa vida, a vida dos seus fillos e dunha comarca enteira e o futuro dun país. Eles si que dan lección de dignidade: a min, a vostede e ás 75 persoas que estamos aquí.

Eu si que me creo que non hai nada formalmente escrito, que non hai unha comunicación formal, podo crelo, pero non me creo, desde logo, que vostedes non teñen información informal como información informal tería non sei quen que infiltrou á prensa e obrigou a Ferragloba e obrigou a Pedro Larrea a recoñecer que esa operación estaba en marcha. Entón, non creo que non teña ningún tipo de información non oficial e que non teñan decidido que facer con este tema. Igual que non creo os 42 millóns que prometeron para Sabón en campaña electoral. Non o creo porque falan os feitos que relatei antes e porque, ademais, saberá vostede tamén que o señor Villar Mir ten un xenro que ten unha empresa para traballar o silicio en Puertollano, entón ¿por que vou crer eu que vai vir ese investimento para Galicia e non para Puertollano? sería unha curiosa excepción na nosa vida política e na vida política deste país. Desde logo eu, se iso pasa, recoñecereino nesta Cámara.

Vostede si que foi, efectivamente, si que foi reunirse cos traballadores pero seguen esperando que volva, e que volva e que explique iso que lles dixo veladamente de que o emprego non estaba cuantificado, porque sabemos que quen fai a lei fai a trampa, e sabemos que, tamén, Ferroatlántica podería xustificar a redución de actividade sen o peche da empresa. Pero non somos parvos, os traballadores e traballadoras de Cee que están loitando polo seu futuro non o son, e van seguir exixindo de vostedes: non á especulación cos nosos recursos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Turno de peche, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señorías.

A verdade é que eu creo que fun bastante claro na miña primeira intervención, vou intentar selo tamén nesta segunda intervención e, dende logo, o que si está claro é que este Goberno se está ao lado de alguén é ao lado dos traballadores e das traballadoras de Cee e Dumbría. *(Aplausos.)* E, polo tanto, vou ser claro. Unha vez máis foino o presidente da Xunta, funo eu na primeira intervención e, señorías, cos datos que temos, entendemos que ese interese público segue unido ás concesións hidráulicas, polo que a Xunta de Galicia non podería autorizar unha segregación nos termos actuais. Máis claro non se pode dicir. Entón, a partires de aí, se vostedes pretenden politizar un asunto que non debería estar, en ningún caso, politizado, iso é o seu problema, o problema de En Marea, o problema do Bloque Nacionalista Galego, o problema do Partido Socialista de Galicia. Pero, dende logo, nós non o imos politizar porque estamos a falar de traballadores e estamos falando dos traballadores de Cee e Dumbría e este Goberno respecta enormemente a eses traballadores e, dende logo, vai loitar como leva feito vinte e cinco anos. E, agora que veñan vostedes a dar aquí leccións de dignidade, de ética e de aspectos legais, pois é, sinxelamente, sorprendente.

En todo caso señorías, a información informal que ten este Goberno, tena vostede. ¿Que dúbidas ten sobre a información informal? *(Murmurios.)* Porque temos a mesma, porque está publicada e a propia empresa trasladóullela aos comités de empresa e aos propios traballadores, polo tanto, non sei por que a min me pregunta. Se vostede me pregunta a min se efectivamente temos que traballar polo futuro de Cee e Dumbría: sen dúbida, estamos traballando. Se vostede me pregunta a min, se temos que traballar polo futuro industrial de Galicia dígolle: sen dúbida. A min gustaría saber cal é a posición de En Marea cando se fala de industria. Só é unha, aclárollo, por se se perdeu a anterior lexislatura, porque ao mellor... ou pode ser que dentro do seu grupo teñan posicionamentos distintos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Entón, claro, se falamos de Reganosa pois ao mellor vostede pensa unha cousa *(Murmurios.)* e se falamos de Ferroatlántica ao mellor pensa outra. *(Murmurios.)* E parece que lle molesta que, tamén, poidamos falar de Rozas *(Murmurios.)* ou poidamos falar de Ence, *(Murmurios.)* en definitiva, ou poidamos falar de Elnosa. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Eu entendo perfectamente... *(Interrupcións.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): ...que para vostedes... *(Interrupcións.)*

O señor PRESIDENTE: Xa estamos rematando. Queda pouco.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): ...non hai ningunha industria en positivo. Si hai, efectivamente, a demagogia que permanentemente vostedes queren trasladar, e eu lamento que trasladen esta mesma demagogia a un problema tan importante como é a situación dos traballadores de Cee e de Dumbría.

O señor Sánchez ponse nervioso porque, claro, ten pasado, na pasada lexislatura, e loxicamente tivo que defender o indefendible pero, en calquera caso, non se atreveu —iso si que me conste a min, señor Sánchez—, non me consta que fora contarlle a súa política industrial nin a Reganosa, a Mugar dos; non foi a Pontevedra... Outras fotos si as fai... (*Murmurios.*) Pero, en calquera caso, esa é a realidade.

En calquera caso —termino, señorías—, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) nós temos claro cal é o obxectivo nesta situación. Non é outro que ofrecer seguridade xurídica á actuación que desenvolve a Xunta de Galicia. Sen ningunha dúbida. Seguridade xurídica en toda a actuación que desenvolve a Xunta de Galicia, transparencia no proceso, garantías de compromiso do Goberno co emprego e coas actividades da industria enerxética de Cee e Dumbría, garantía coa competitividade das fábricas. En definitiva, señorías, o propósito que ten este Goberno non é outra cousa que seguir ao lado dos traballadores, que seguir ao lado dos traballadores de Cee e Dumbría e seguir ao lado, loxicamente, dunha situación que ten unha vixencia de vinte e cinco anos e nós seguiremos, dentro da legalidade, traballando polo futuro do emprego dos investimentos de Cee e Dumbría e do resto da política industrial de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Esgotados os puntos da orde do día, levántase a sesión.

Remata a sesión ás seis e quince minutos da tarde.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pérez Seco, José Manuel	(S)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pierres López, María Luisa	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
5. Balseiros Guinarte, Silvestre José	(P)	43. Prado del Río, Paula	(P)
6. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	44. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
7. Barahona Martín, Magdalena	(EM)	45. Puy Fraga, Pedro	(P)
8. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	46. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
9. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	47. Quinteiro Araújo, Paula	(EM)
10. Burgo López, María de la Concepción	(S)	48. Quiroga Díaz, José Antonio	(S)
11. Cal Ogando, Marcos	(EM)	49. Rey Varela, José Manuel	(P)
12. Calvo Pouso, Diego	(P)	50. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
13. Casal Vidal, Francisco	(EM)	51. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
14. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	52. Rodríguez Arias, Marta	(P)
15. Chao Pérez, Luca	(EM)	53. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
16. Conde López, Francisco José	(P)	54. Rodríguez Estévez, David	(EM)
17. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	55. Rodríguez González, Román	(P)
18. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	56. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
19. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	57. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
20. Fernández Fernández, Raúl	(S)	58. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
21. Fernández Gil, César Manuel	(P)	59. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
22. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	60. Sánchez García, Antón	(EM)
23. Fernández Prado, Martín	(P)	61. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
24. García Míguez, María Ángeles	(P)	62. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
25. Gómez Salgado, Carlos	(P)	63. Solla Fernández, Eva	(EM)
26. González Vázquez, José	(P)	64. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
27. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	65. Toja Suárez, María Dolores	(S)
28. López Crespo, Carlos Enrique	(P)	66. Torrado Quintela, Julio	(S)
29. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	67. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
30. Martínez García, Valeriano	(P)	68. Vázquez Almuíña, Jesús	(P)
31. Mato Otero, Beatriz	(P)	69. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
32. Merlo Lorenzo, Juan José	(EM)	70. Vázquez Mejuto, María Ángeles	P
33. Mouriño Villar, Antonio	(P)	71. Vázquez Mourelle, Ethel María	(P)
34. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	72. Vázquez Verao, Paula	(EM)
35. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	73. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	75. Villares Naveira, Luis	(EM)
38. Pazos Couñago, José Alberto	(P)		



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25